GALICIA 2.002



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENROLO DE GALICIA

GALICIA 2002

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDIOS E DESENROLO DE GALICIA

CAIXA DE AFORROS MUNICIPAL DE VIGO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSOS Y CONGRESOS DE LA
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11

GALICIA 2002

A TRAVES DA IMAXINACIÓN CREADORA

Seminario de Traballo coa colaboración de:

X. Alvarez Blázquez / T. Barros
C. Casares / A. Cunqueiro
M. C. Díaz y Díaz / I. Díaz Pardo
J. F. Filgueira / J. Franco Grande
D. García Sabell / C. González Suárez-Llanos
R. Piñeiro / L. Seoane

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENROLO DE GALICIA

SEMINARIO E PUBLICACIÓN FEITOS POLA XENEROSIDADE DA CAIXA DE AFORROS MUNICIPAL DE VIGO

© Universidad de Santiago de Compostela 1978

SECRETARIADO DE PUBLICACIONES DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I.S.B.N. 84-7191-024-1 Dep. Legal VG. 56-1978

Artes Gráficas Galicia, S. A. - Segovia, 15 - VIGO

INDICE

Nota previa 7

Propósitos e intencións 9

I. 15 xaneiro 1977
A ORDENACIÓN DE GALICIA 11

II. 26 febreiro 1977
A TERRA E O HOME GALEGO 43

III. 16 abril 1977
VISIÓN DE GALICIA NO ANO 2002 81

IV. 14 maio 1977
COMENTARIOS Á
VISION DA GALICIA FUTURA 147

V. 9 xullo 1977
A INDUSTRIA, A TERRA E O HOME 177

VI. 15 outubro 1977
A EDUCACIÓN E O ENSINO 211

Indice das intervencións 247

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

NOTA PREVIA

Nos primeiros días de outubro de 1976 o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago, como primeira actividade do recén creado Instituto de Estudios y Desarrollo de Galicia, elaborou un plan pra reunir un grupo destacado de poetas, ensaístas e artistas que, botando man da imaxinación creadora como única guía, chegasen a elaborar un proxecto sobre Galicia no ano 2002. O plan foi sometido á Caja de Ahorros Municipal de Vigo que, con acollida excepcional, o apoiou e financiou.

Cursáronse invitacións a vinte persoas. Determinadas circunstancias reduciron o grupo a catorce que, coas alternativas naturais nun traballo que se realizou ó longo de sete densas sesións, e durante doce meses, prestaron a súa entusiasta e magnífica colaboración.

As páxinas que seguen representan a minuta das discusións, rexistradas magnetofonicamente. A primeira reunión, que non aparece no libro, dedicouse a problemas de método e procedemento.

Presentamos, logo, ó lector os resultados duns cambios de impresións feitos pensando en Galicia, e na Galicia do futuro.

Queremos facer consta-lo vivo recoñecemento de tódolos participantes no Seminario «Galicia 2002», á Caja de Ahorros Municipal de Vigo pola súa xentileza e as atencións coas que os honrou.

Pola súa parte, o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago e mailo Instituto de Estudios y Desarrollo de Galicia, ó mostraren a súa satisfación por lograr incorpora-la imaxinación ás súas actividades, sinte a obriga de expresar publicamente o seu agradecemento a quen, accedendo á súa invitación, entregou moitas horas á reflexión e á discusión en torno a Galicia no ano 2002. E da-las gracias tamén ó Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago, que se encargou da corrección puntual e da normalización do texto, así como ós técnicos e secretarias que coidaron do seu rexistro, trascripción e impresión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROPÓSITOS E INTENCIÓNS

Palabras iniciais do Profesor Díaz y Díaz
na sesión preparatoria do 28 outubro 1976

Ó iniciarse coa benévola colaboración de todos vostedes este Seminario sobre «Galicia no ano 2002 a través da imaxinación creadora», parece necesario facer unhas xustificacións e presentar uns obxectivos.

Frente a unha imaxe da Universidade burocratizada, orientada á formación de profesionais e pibideiro e refuxio de tecnócratas, é fundamental afirmar que a máis irrenunciable e básica tarefa universitaria é a de producir ciencia a través da investigación. E aínda que esto suceda con máis ou menos fortuna, non cabe investigación sen imaxinación; o contrario sería identificar aquela cun progreso na busca de datos e solucións, sen que realmente se abriran novos e prometedores camiños. Todo científico corre o risco de anula-la súa propia imaxinación creadora en aras dunha metodoloxía rigurosa e dunha experimentación fundamentada. Cando os obxectivos que se propón unha investigación seria e trascendente rebasan os campos de acción usuais dos investigadores, é necesario e comenente chamar en auxilio a quen, máis despreocupado dos aspectos científicos, poida dar rédea solta á súa fantasía pra inventar camiños ou imaxinar solucións que, parecendo lonxanas á realidade poidan, porén, chegar a conformala.

Por outra beira, como en todo labor investigador, faise necesario partir dunha situación de indiferencia

do investigador, única garantía de que non deixará influ-los seus propios criterios ou intereses na tarefa investigadora, que debe sempre obedecer a altas finalidades e non a intereses persoais ou concretos. Permítanme que lles diga que esta é a razón pola que a edade media dos invitados é bastante superior ó que puidera parecer dexesable. Pro xustamente quíxose exclui-la posibilidade de que alguén se sentira mediatizado pola propia creación do futuro que elaborara a súa imaxinación.

Creo que non podemos plantexarnos senón un obxectivo: construíndo unha nova Galicia, sen máis ataduras cás que impoña a capacidade imaxinativa do grupo, abriranse posibilidades pra quen detrás de nós estea en condicións de estima-la viabilidade e o interés dos proxectos concretos que, no plano da investigación aplicada e dos plans de actuación de todo tipo, poidan conducir a acerca-la realidade despois do ano 2002 á situación entrevista no voo da fantasía.

Ningunha limitación ideolóxica, económica ou social deberá interferir nesta creación. Como tamén non debe influir nela a condición mesma do seu carácter fantástico e a estimación das dificultades que puideran plantexarse pra facelas realidade.

En nome da Universidade de Santiago, ó agradecela colaboración dos presentes e a anunciada por algúns dos que non están neste momento con nós, quero formula-los mellores votos por unha fructífera laboura deste grupo e pedirlle insistentemente que faga canto estea na súa imaxinación pra que poidamos presentar múltiples, variadas e poéticas fantasías que cheguen a dar sentido e a suscitar inquedanzas en cantos, pasados uns meses, lean as nosas conclusións.

I

15 xaneiro 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ORDENACIÓN DE GALICIA

Asistentes:

— Alvarez Blázquez

— Casares

— Cunqueiro

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Fernández Armesto

— Fernández de la Vega

— Franco Grande

— García-Sabell

— González Suárez-Llanos

Díaz y Díaz

Creo que pra crear teremos de libera-la imaxinación. Gustaríame que fosen os actuais participantes os que por razóns obxectivamente desapaixoadas, por lonxanía e por irrealizabilidade, deran a tónica do que se debería facer. Temos elementos de xuício e elementos poéticos, no senso grego da palabra, dabondo como pra crear ou, polo menos, percurarmos unha imaxe vívida do que podería ser Galicia ou do que desexariamos que fose. Así poderiamos rendir un servicio ós que veñan detrás de nós, aínda que non sexa máis que como pedra de escándalo.

Estableceramos que o mellor futuro que se pode programar pra Galicia, é desexar que as súas xentes sigan mantendo a súa capacidade imaxinativa e o seu amor á natureza, extremos que caracterizaron a cultura galega a través dos séculos.

Álvarez Blázquez

Penso que no campo, no monte, nas praias, nos parques e xardíns, haberá recunchos especiais pra escoitar música, que terá uns sons limitados a un círculo e diámetro determinado, de maneira que as ondas non saian dunha zona fixada. Haberá que

pulsar un botón pra escoita-la música que se desexe; as festas e demais reunións multitudinarias celebraranse dentro de círculos semellantes, de xeito que os seus ruídos non se oian máis alá do límite prefixado. O amor medirase mediante un «amorímetro» e será preciso alcanzar un mínimo de «amorios» mútuos pra poder contraer matrimonio. A anulación do matrimonio poderá conseguirse se os «amorios» baixan das medidas normais. As rúas estarán autoiluminadas de xeito que non será mester alumar cos faros pola noite. A circulación interior das cidades farase mediante cintas transportadoras que terán paradas fixas á beira das aceras. Estas cintas levarán butacas e toldos, pra amparar da chuvia e do sol. O transporte das persoas será gratuito, as mercancias irán noutras cintas por dentro das rúas; o transporte será silencioso, poderá ir acompañado dunha música suave, sempre diferente. Haberá reloxes aéreos que marcarán a hora no ceo tanto de día coma de noite e tamén marcarán o día do mes e da semana.

Cunqueiro

Pra Galicia no ano 2002 hai que pensar primeiro nunha nova distribución da poboación. Esta nova distribución no territorio galego ha de se entender acompañada da concepción de Galicia como unha cidade, e dentro desta cidade a preocupación de que as cidades galegas actuais non medren desproporcionadamente en relación co conxunto. A posibilidade que teñen os medios de convivencia, pode dar a Galicia redes e vías coas que se facilite esta nova distribución. Villalba pode ser un satélite residencial de Lugo, coma Ponteareas de Vigo.

Hai pouco vía eu que Xenebra e Lausana eran dúas cidades que se miraban de lonxe; agora sesenta kilómetros de autopista permiten que se vaia máis rapidamente de Xenebra a Lausana, ca de Balaídos a Cabral en Vigo.

Unha especie de «survillage» terá que se establecer espontaneamente entre cidades ás que separe unha distancia en tempo inferior a unha hora de coche. Agora poden ser complementarias e formar cada unha un barrio máis o menos especializado nunha constelación rexional. Eu aspiraría a unha concepción máis libre e ampla cá de «rank state Holland», cidade anular de Holanda, estrutura concéntrica que poida resolve-lo problema das macrópolis que por sorte nós non temos. Penso que o progreso aplicado a Galicia ha lograr que a cidade e o campo cheguen a ser de novo solidarios. Pra min esta nova distribución da poboación de Galicia, creadora de pequenos centros urbanos e novas pequenas cidades, sustituidoras das aldeas e das parroquias de hoxe, é unha esixencia. Estas «viliñas» poden facer volta-lo labrego ó campo, xa como labrego, xa como quen busca unha esixencia fora do tráfico urbano das cidades grandes. Unha imaxe ideal da Galicia do ano 2002 faime vela co seu gran souto antigo, restaurado nas fronteiras orientais, gandeira nos vales centrais e ademais hortícola e frutícola na banda litoral, que é onde hai que pensar na integración das industrias galegas. A facilidade de comunicación fai que só sexa nimia a diferencia entre nómadas e sedentarios no noso tempo. Esta concepción de Galicia como unha cidade ten de descansar nunha rede estreita escudada en función desta imaxe. O poder galego, que ten que habelo, é descentralizado, enriquecedor das expresión políticas do home galego, pois non teñen por qué te-lo mes-

mo goberno, ó meu entender, A Coruña que Santiago; eu chego a pensar que alguén tería que inventar nas cidades galegas e nas comarcas galegas uns costumes, unhas festas, unhas crencias propias do tipo human de cada día e de cada comarca. Deste conxunto poderían saír formas diferentes de goberno nas diferentes comunidades. O goberno da República de Xenebra é diferente do goberno do cantón de Zurich, por exemplo. Eu imaxino pra Vigo un goberno de cónsules. Pro esta serenidade, sosego e tradicionalidade no goberno dunha cidade xa sei que non é cousa dos nosos días. Os lugueses poderían organiza-la súa cidade restaurando pró seu vivir cotidiano unha lei perdida na memoria dos glosadores, en tanto que os betanceiros poderían rexe-la súa polis mediante un conxunto ben ordenado de festas. Penso que estamos eiquí pra descubrir fins pra Galicia. Está claro que hai intencións profundas que satisfacer, e que porvir non é só o que pode chegar, o que ten máis posibilidades de producirse nunha proporción que non deixa preve-lo que nós desexamos, o que queremos que sexa. Supoño que concebir Galicia coma unha cidade pode plantexar problemas esenciais do noso futuro. Hai que descubrir novas formas de habita-lo país galego e a min gostaríame que os que somos chamados pra falar de Galicia no ano 2002, nos ocupasemos desta cuestión en primeiro lugar.

García-Sabell

Ouvindo a Álvaro Cunqueiro paréceme que o que dixo completa o que eu vou decir; é unha complementariedade á inversa, é decir, que primeiro viría o meu, e despois viría o de Cunqueiro. O que acaba de

decir Álvarez Blázquez é ciencia fición, ou como o Mundo Feliz de Huxley.

Temos ante todo que nos facer tres consideracións:

1ª.- ¿Qué é Galicia? Unha resposta rápida e esquemática pode ser esta: Galicia é unha suma do home e a terra. Agora ben, decir que Galicia é a suma do home e a terra é decir moito e é decir pouco, porque tamén Inglaterra é a suma do home e a terra, e Francia é a suma do home e a terra. Entón, ¿en qué consiste esta suma en Galicia? É unha suma un tanto especial que non consiste soio en engadir o home á terra ou a terra ó home, senón que é unha unidade desas dúas cousas, unha totalidade; se empregaramos termos técnicos diriamos que é unha estrutura.

2ª.- Si, por conseguinte, Galicia é o home na terra, e dunha maneira especial liga o home á terra, o que distingue a suma de home e terra galegos, doutras sumas de home e terra, é o punto de unión, o punto de articulación entre o home e a terra. Iso é o que nos define.

3ª.- Atoparémonos con que a realidade do home galego é unha realidade por un lado transindividual, que vai máis alá do propio individuo, pro que ó mesmo tempo segue sendo especificamente individual. Pra min o segredo e o problema grave, serio, do home galego, está xustamente en que, sendo individualista, enormemente individualista, é, ó mesmo tempo, transindividual, está máis alá do individualismo.

Con estes tres parámetros, iamos supoñer que xa souberamos con toda nitidez e seguridade en que consiste esa ligazón hipersumativa entre o home galego e a terra galega. O esforzo que estamos a facer

ten algún senso positivo. Si somos capaces de chegar a explicitar e a entender con toda claridade en que consiste esa hipersumación, en que consiste esa articulación de home e terra, desde ese momento, entendémo-las nosas necesidades por prosaicas que sexan; paréceme que non se pode facer un programa, por exemplo de rehabilitación galega, desde un novo reparto da terra ou unha nova equidade social, se antes non entendemos esto. E entendendo pensaremos en galego, sentiremos en galego e saberemos que o estamos a facer en galego. Creo que un paso evidente é o idioma, é a lingua; pro a lingua ten que nos servir pra construir algo; se non é así, non serve pra nada. Se non somos absolutamente conscientes de en qué consiste o noso xeito de ser, de pensar e de sentir, corrémo-lo risco de seguir modas intelectuais, políticas ou sociolóxicas; pro toda moda é perecedeira, esmorece, e así voltaremos ó principio. Pasaría unha vez máis que sempre se empeza de novo, pro nunca se acaba nada. Insisto: non se é galego por reaccionar en galego, senón que se é galego por existir en galego. Deixando libre a imaxinación, penso que pró ano 2002, estaremos en condicións, polo noso esforzo e polo esforzo dos que veñen detrás de nós, de saber como somos por dentro dunha maneira absolutamente segura e fixa.

Entre os posibles temas prás nosas reunións, por conseguinte, estaría a sutilización da terra no ano 2002 e o existir galego. Por sutilización da terra entendo a desaparición da terra, a desaparición da paisaxe, a desaparición do habitat no campo. En parte, respecto a esto, acaba de ofrecer un camiño que seguir Álvaro Cunqueiro.

Outro tema podería se-lo cosmopolitismo do ano 2002. Por cosmopolismo enténdese o noso particula-

rismo, esa especie de raro e ambiguo individualismo que témo-los galegos, que se por un lado somos pechadamente nós mesmos, por outro lado estamos dispostos a abrirnos na axuda ou colaboración ós máis. Trátase dun dos puntos que aínda non está ben aclarado nesa ligazón, nesa articulación do home e a terra galega. É un tema que a min me parece actual porque está ás portas.

O cambio social que se vai verificar acelérase enormemente como síntoma parcial do fenómeno da aceleración do ritmo da historia, que podemos denominar, sen medo, revolución, revolución social que cunha ou outra dimensión se vai producir. Esa revolución social, por un lado, e a conservación do estilo de vida do home galego por outro, ¿son unha antítesis ou son unha integración? Dito doutra maneira, ¿é incompatible tal revolución coa nosa maneira de ser, ou ben non só non é incompatible senón que a enriquece e faina máis plenaria? Tema, ó meu entender, enormemente importante, no que se ceiba a imaxinación creadora ó máximo, porque temos poucos datos.

Presentimos que a revolución está ás portas, no estilo de vida do home galego, pro un pouco máis en concreto, todo depende desa articulación que aínda non está aclarada de todo.

Aquí temos en esquema as bases radicais do que sería Galicia no ano 2002 e o que pode se-la operación da imaxinación creadora sobre este futuro.

Díaz Pardo

Galícia, que tiña alcanzado un gran prestixio na Eda-de Media pola súa cultura, veu ser nos nosos días polas circunstancias coñecidas un país con moita de-

pendencia económica, o que leva a algúns técnicos a supoñer que somos un país subdesenrolado, cando o certo é que fomos un país importante que se viu frustrado por circunstancias históricas desfavorables. Ó emprende-lo camiño pra que volva a ser noso o noso destino, a ser nosa a administración dos recursos da terra e do mar, dos mineiros, da enerxía dos nosos ríos, das industrias afincadas no noso chan, do aforro, etc., e en consecuencia, finalice a emigración, e Galicia poida dar un exemplo dunha culta laboriosidade e da súa solidaridade con tódolos irmáns da Península, volvendo a axudar nunha nova reconquista (que a ninguén virá mal tomar este camiño), pode ser unha tarefa difícil e ingrata que non sei se seremos capaces de levar adiante atrapados nos persoalismos, os partidismos e as deformacións que padecemos.

O que se ten dito eiquí é moi positivo se se fai; con iso non habería necesidade de imaxinar máis. O que eu imaxinei era pró caso de que non sexamos capaces dalgunha solución construtiva pró ano 2002. Se non cambiasen as cousas por culpa da nosa incapacidade e non tomasémo-lo noso camiño, figúrome que a economía dependente iría medrando, e tódolos recursos e industrias non serían nosos, que xa pouco lles queda pra ser todos alleos. No ano 2002 tódalas industrias e posibilidades galegas estarán rexidas por técnicos «extranxeiros», aínda que agora non «a la jineta», terán contaminado o noso mar, do que desaparecerá o peixe e o marisco, dexobarán os ríos e polo que fai á terra os xornais non terán páxinas dabondo pra publica-las listas das expropiacións forzosas. O noso pobo envergoñado verase fracasado como tal, na súa propia terra, e desfeito o recuncho autárquico do seu «rueiro» no que gardou por cinco

séculos en tradición oral o tesouro da súa lingua, hoxe bombardeada polos eficaces medios de comunicación de masas que manexan foráneos, tratará de construí-la súa vida en terras alleas. Agora ben, a primeira década do século XXI coincidirá cunha grande crise na economía industrial, debido á polución psíquica do seu fenómeno e as nosas xentes non atoparán como ofrece-los seus brazos se non é de criados ou peóns na súa propia terra, na que noutros tempos foran señores. Pra unha situación tan dramática, como a que estou a imaxinar, merecería a pena buscar unha resposta. Pra entón a maior parte de nós xa non viviremos, pro podemos deixar ós nosos descendentes algunha solución que os ceibe de tanta desgracia. A solución non podería ser outra que o suicidio colectivo, mediante o emprego dunha máquina de matar, ben tecnificada, inoxidable, insonorizada, que utilizase veleños de acreditadas marcas extranxeiras, de maneira que coa súa eficacia acabase con tódolos galegos en poucas horas, dando un forte aldrabonazo na conciencia do mundo como xa o deran os nosos antergos no Monte Medulio; iso podería facernos merecedores dunha páxina na historia como un pobo chamado a mellor sorte.

Celestino Fernández de la Vega

En líneas xerais, o plantexamento de García-Sabell paréceme moi acertado como punto de partida. Interpreto que coincide con moitos supostos de carácter xeral, antropolóxicos e filosóficos, que son aplicables ó noso caso. Canto di García-Sabell, de que interesa como punto de partida o home e o mundo galego, é evidente. O que primeiro sucede nese senso, é que o

home galego ten que atoparse. Como se diría na linguaxe heideggeriana eso produciría unha Stimmung, unha afinación, unha atemperación ambientativa, ó atoparse con que cando vén ó mundo xa ten unha «facticidade» anterior, e esa «facticidade» está determinada por un espacio que é o espacio galego, coa súa singularidade, e por unha historia, ou antecedentes, que é a historia galega. Habería, pois que estudiar estes dous aspectos.

A historia galega, singularísima e determinante da maneira de ser do home galego e da colectividade galega redúcese a un proceso de frustración.O destino do home galego dentro da Península era fundamentalmente europeísta, o que nos debe levar a evita-lo plantexamento de que somos un proxecto de vida, ou un proxecto de cultura local, illada, folclórica. Pola contra, esa vocación de europeísmo e de universalidade, a meu xuício, é unha constante de Galicia que é preciso intensificar e proxectar ó ano 2002. O centro espiritual noso, Santiago, como foco de atracción de todo o europeísmo, paréceme un dato interesante a ter en conta no aspecto histórico. No aspecto espacial, o habitat do home galego tampouco desenrolou as posibilidades que tiña. Neste senso, toda esa reorganización da distribución demográfica, que expuña Cunqueiro ó facer de Galicia unha cidade, recuperaría fallos e defectos evidentes. As intervencións de Álvarez Blázquez e de Cunqueiro parécenme considerables desde os seus puntos de vista, pro parciais, porque encaixan dentro dun esquema que debía de se ordenar neste senso: primeiro, estudiar ese estímulo, ese tempero, esa maneira de insertarse o home galego no mundo e descubrir cál é; e segundo, aclarar cáles son os factores determinantes dela (factor histórico, factor xeográfico, factor ambiental, factor

espacial). Ô analizar cada un destes puntos iríanse insertando detalles, como qué pasa coa urbanización, qué pasa coa distribución da poboación rural, qué pasou coa nosa historia e, cómo fala o home galego, e neste punto, qué porvir ten a palabra do home galego, qué debe de falar, un problema moi actual e moi debatido a altos niveis (como son por exemplo os criterios de Corominas ou de Rodrigues Lapa, cando din que o galego debe abandonarse e que hai que escribir en portugués, cousa que eu non comparto). Abordariamos entón a consideración sobre que facer con ese idioma, que porvir ten pró ano 2002. Por outra parte teriamos que converti-lo galego nun idioma apto como pra que se sitúe á altura de calquera idioma europeo, pra que cumpla a súa vocación europeísta.

Camilo González Suárez-Llanos

Teño un esquema moi breve, que en realidade coincide co que se ten dito xa aquí. Pra falar da Galicia do futuro, penso que é comenente unha delimitación de Galicia. O galeguismo clásico concebiu sempre a Galicia como unha variante de Europa (Castelao, por exemplo, cita muito a Dinamarca como modelo, e Risco falaba de Atlantismo; incluso Castelao veu unha Galicia ideal poboada por «nenos loiros», o que parece bastante europeísta). De maneira que é fundamental o considerar a Galicia como algo europeo.

Por iso, con respecto a España, eu penso se Galicia podería ser unha especie de facho de europeización. Actualmente quizais pola frustración histórica de que falaba Celestino, as características atribuíbles a Galicia son máis ben negativas, é decir, que a persoali-

dade de Galicia depende moito dunha contradición, dunha negación das características do resto de España; por exemplo, contra o dogmatismo do resto de España, a persoalidade de Galicia é unha persoalidade escéptica. Astra climaticamente somos unha negación do «sol de España». Con respecto a Portugal a tendencia actual de asimilar Galicia a Portugal, non me parece apropiada; coincido tamén eiquí con Celestino; Portugal ten unha historia propia, e foi incluso unha nación imperial.

O futuro do idioma galego non debe estar no portugués; repito que é unha tendencia actual que non comparto. Por último penso que polo que fai á organización interna de Galicia, o problema no que aquí concidiron case todos, é o da dialéctica campo-cidade.

Franco Grande

O problema enorme de Galicia nesta tensión entre campo e cidade, ven determina-la imaxe principal de Galicia. Creo que nese aspecto a cidade moderna descubríusenos como totalmente negativa. Por eso cando Cunqueiro se refería á necesidade dunha nova planificación de Galicia, de todo o habitat galego, eu pensaba que pra unha Galicia futura sería unha das tarefas máis importantes que teriamos que realizar. Claro que pra chegar alí, compriría que antes exista (como apuntou Cunqueiro) un poder galego que hai que imaxinar. Cómo terá que ser, cómo debe querer ser, ou cómo pensamos que sexa ese poder galego, que desde logo non é concebible cos supostos de hoxe, en que como muito poderiamos pensar nunha estructura federal ou algo semellante.

As ideas de hoxe non me serven pra nada, pra pensar, concebir ou imaxinar, cómo se realizará ese poder galego que terá de facer cambios fundamentais en Galicia, entre eles unha distribución da poboación. Como apuntaba ben Fernández de la Vega con García-Sabell, unha das características fundamentais de Galicia, é a relación entre o home e a natureza. Cómo haberá que facer ese cambio total da distribución da poboación, de forma que siga sendo aldea, é o problema básico que eu creo que se debe reflexar eiquí. Hai en Galicia unha entidade da que se fala pouco, pro que é básica: fálase muito da parroquia, penso que é moi importante, pro creo que a bisbarra, que coincide co que se chama «comarca», merecería que se potenciara eiquí. Sería moi fecundo imaxinar cousas en torno dela: cómo se poden potencia-las bisbarras galegas, cómo se poden estruturar, cómo se poden urbanizar e cómo se pode pensar nos servicios de que esa bisbarra dispoña. Penso incluso que será desde tódolos puntos de vista algo desexable pra Galicia que houbera unha pequena hecatombe, esto é: desface-las tres cidades importantes que hai hoxe en Galicia. Estou totalmente persuadido de que esta ruptura é indispensable.

Fernández Armesto

O que dixo García-Sabell dun ambigualismo no carácter galego, pra min é esquizofrenia. Esta esquizofrenia do galego que pensa unha cousa e di outra, domina totalmente o idioma e a relación social e os conceptos que o galego ten, sobre todo no ambiente rural. Desto queren fuxir todos. Desde logo, Alvarez Blázquez, por medio dunha especie de mundo de

Wells, cunha explicación moi interesante, e o propio Díaz Pardo e Cunqueiro. Trátase agora de ver unha Galicia que no ano 2002 non sexa ambigua nen dialéctica, nen esquizofrénica. Eu considero a Galicia como o país máis esquizofrénico de cantos coñezo. Pro eu desexaría non fuxir desta esquizofrenia senón desenvolvela e desenrolala; eiquí está o porvir de Galicia. Non hai que buscar unha síntese entre a cidade e o campo, nen entre as clases, nen hai que resolve-las contradicións do noso idioma, senón que o porvir noso está en desenrolar todo este ambigualismo que García-Sabell quere suprimir, como Cunqueiro quere anula-la dualidade entre campo e cidade; falouse incluso de suprimi-la aldea. Estou de acordo con suprimi-las cidades, pro non as aldeas; tamén non estou de acordo coa noción de bisbarra, que ten hoxe moi pouca consistencia, aínda que historicamente me parece que a tivo. Vamos a defende-las parroquias, ataca-las cidades e defende-la esquizofrenia do galego. Hai moitos anos dixen que Galicia era o país máis europeo, xeográfica e estruturalmente de Europa. Pro tamén Galicia é antieuropea, no senso de que Europa desde o Renacemento ven facendo unha selección pra mellora-lo home, pra mellora-las razas bovinas, as ovinas, pra mellora-lo todo; en Galicia fíxose unha selección durante o mesmo tempo, pro ó revés. Os rapaces máis fortes e máis intelixentes vanse prá América, os mellores xatos da corte van ó matadeiro: quédanse nas aldeas os peores xatos e os peores rapaces. Fagamos unha selección ó contrario pró ano 2002 e con esta selección á europea, cun clima europeo nunha xeografía europea, e fomentando a esquizofrenia, cando en todo o mundo se fala de unidade e síntese, de propósitos comúns, sintamos uns propósitos distintos e aspiremos a fomenta-las

nosas diferencias. Ō mellor facemos un país interesante.

Álvarez Blázquez

Posto que fun o que iniciéi o coloquio vou xustificar expresións que responden a vivencias íntimas e que, en certo modo, reflexan algo da miña intimidade nos desexos pra unha Galicia mellor. Teño dúas grandes xenreiras: os ruídos e a circulación. Os ruídos, porque co aparato pra ouvir dinme conta do ruidosos que son os ruídos. Astra hai uns anos, dende a miña mocedade, vivín nun mundo alleo ós ruídos; entendíame coa xente, incluso escoitaba música, pro descoñecía todo o acedo dos ruídos. Imaxinei unha Galicia sen ruídos, porque sinto a molestia deles. Todos facemos un pouco o mesmo: imaxinamos unha Galicia mellor, porque nos doe a Galicia actual. Se efectivamente hai unha esquizofrenia, cousa moi discutible e afirmación extremosa, se no contexto do home galego, no ingrediente do seu ser, hai unha deformación espiritual que Fernández Armesto chama esquizofrenia, a miña baséase nos ruídos e na circulación. Xa que me desagradan, sen darme conta, posto a pensar nunha Galicia mellor, penséi nunha Galicia sen ruídos, nada máis que cos ruídos da natureza; pro gústame a música, e por eso pensei en escoitar música en redutos que non interfiran a vida dos máis; gústo tamén das festas populares, pro os seus ruídos non deben interferir a miña propia vida. Porque son partidario do amor de verdade, e sei dos conflitos que se producen continuamente na sociedade universal, pensei que non se debía autorizar a ninguén a casarse se non dá a medida mínima de «amorios» necesarios e, se des-

pois, chegado un momento, leva ese matrimonio os seus «amorios» astra un nivel que non permite a convivencia, que se separen, non por capricho, senón porque o aparato deu a medida necesaria pra que non sigan unidos e non estraguen un fogar e a vida dos fillos.

Estas suxerencias, responden ó desexo de mellorar e de correxir situacións actuáis de Galicia. Se efectivamente temos esquizofrenia, hai que tratar de elimina-la. Neste senso permítome rexeita-la idea de Armesto de que temos que aproveita-la esquizofrenia. O que estamos a facer eiquí é proxectar unha Galicia do ano 2002 conforme á nosa maneira de ser e de pensar, pois cada un de nós, que somos distintos, temos unha maneira distinta de pensar; pro aínda con diverxencias, coincidiremos en solucións, incluso de orde material, tan elementais coma poida se-lo circular sen ruídos e o non ter accidentes.

García-Sabell

Dúas cousas pequenas de matiz. Unha respecto ó que decía Fernández de la Vega, sobre o senso de frustración que ten o home galego respecto á súa historia. Afondando por alí, poderíase chegar a entender algo da articulación de que eu falaba entre o home e o ambiente galego. Algo que sempre me sorprendeu na miña propia experiencia é o absoluto desinterés do paisano pola historia; total e absoluto. Eu diría máis, non só é un desinterés pola historia, senón que é un desinterés por todo o que aconteceu antes, de tal xeito que sosteño nun escrito de próxima publicación, que o galego non ten siquera «senso cronolóxico».

Fernández de la Vega

Iso compróbao calquera; porén ten, por exemplo, unha orientación boa no espacio.

Álvarez Blázquez

Iso ten unha xustificación: o galego non ten un concepto claro do que son os mouros.

García-Sabell

Decía que o galego non ten senso histórico ningún, nen siquer senso cronolóxico. A min persoalmente pásame igual e o mesmo lle pasaba a Castelao, que en «Sempre en Galiza» di textualmente: «eu renego da Historia». Esa negatividade ¿a que é debida? Penso que ó feito de que o galego non viviu a súa propia historia. A nosa historia debería ter sido a do Camiño de Santiago, que é a historia europea. Como esa non puido ser, da outra non quere saber nada, a nivel inconsciente o paisano, a nivel máis consciente nós, que por desgracia non somos paisanos.

En canto ó que dixo Fernández Armesto, hai moitas cousas nas que estou de acordo, pro non me parece xusto empregar a palabra «esquizofrenia» porque esta palabra ten sempre unha significación peiorativa; é un vocábulo que creou un siquiatra suízo, Bleuler, pra entende-lo que pasaba en certos enfermos mentáis nos que se producía un razoamento moi estrito en delimitados temas, rompendo o contacto, sobre todo afectivo, coa realidade. A esta rotura chamouselle esquizofrenia; co razoamento perfecto que fai o esquizofrénico sobre determinados temas, confirmouse

logo o dito xenial de Chesterton, de que «o tolo perdeuno todo menos a razón», pro a razón que opera non é válida. Agora ben, este concepto que é clínico e indica un defecto, unha tacha, é tan enormemente difuso que os siquiatras non están de acordo sempre sobre cando un tipo é esquizofrénico ou non. Isto por un lado, e polo outro penso que non se debe aplicar ó home galego, porque inevitablemente desperta a resonancia de doente mental. Todos somos un pouco tolos e por eso non somos esquizofrénicos. Que teñamos unha maneira de ser ambigua e contraditoria, ambivalente, si; pro hai que entendelo como mecanismo de defensa. Muitas veces o galego di unha cousa e pensa outra, por defensa; como é defensa, en gran parte, o humorismo que estudiou tan ó fondo e tan maxistralmente Fernández de la Vega. Tamén indica unha riqueza sicolóxica de matiz enorme, non pobreza, ó contrario do esquizofrénico. O home galego é sicoloxicamente moi rico, e por eso ten unha serie de matices que fóra non entenden: así por exemplo no de contestar preguntando, que ás veces envolve unha maniobra pra gañar tempo ou pra coñece-las intencións do que ten un enfrente. Se por esquizofrenia entendemos esa riqueza, estou de acordo con Fernández Armesto; se entendemos pobreza e doenza, a cousa é completamente distinta. De xeito que o termo é verdadeiramente equívoco, o cal non obsta pra que os galegos sexamos un pouco tolos. Eu faría votos pra que no ano 2002, o galego tivese interés pola historia, o que indicaría que estaba a face-la súa historia.

Cunqueiro

Pro é evidente que no pobo máis histórico do planeta, a India, ninguén sabe cando viviu un dramaturgo, nen cando se inventou o cero. Risco no libro «El orden y el caos» adica un artigo final ó tema dos mouros, e di que probablemente nós xa estamos sendo mouros prás novas xeracións.

García-Sabell

É un simple termo.

Cunqueiro

Incluso un termo máxico. Somos un pobo ahistórico sen dúbida ningunha, e polo tanto moi lonxe dun pobo histórico como é Castela.

Díaz y Díaz

Chamaría a atención sobre o feito de que nos pobos no que se dá esta falta de conciencia histórica, aparece outro fenómeno que habería que valorar. O senso estrito da historia oponse a outro fenómeno moi importante que a sustitúe, a mitoloxía e a lenda; só nos pobos onde falta, ou mentres falta, este senso histórico, aparecen automaticamente a mitoloxía e a lenda. Os mouros forman parte dunha mitoloxía ou dun lexendario rexional. Cando se pide que os galegos cheguen a ter senso histórico, temos que coidar que non se estrague o senso lexendario que é moi importante. Tal vez Galicia sexa unha das poucas rexións

onde aínda as lendas grandes e pequenas seguen sendo patrimonio común.

Cunqueiro

Sorprende que o galego, que é un dos tipos máis escépticos e racionais que circulan, sexa ó mesmo tempo o máximo credor.

Cando eu escribín «Xente de aquí e de acolá» penseino moito; logo vin que esto era cáseque cotidián.

Álvarez Blázquez

Parece propio de tódolos países atlánticos, non só de Galicia.

Díaz y Díaz

Na problemática do home galego e do seu encaixe en Galicia poderiamos intentar imaxinar unha Galicia do ano 2002, que non estivese habitada por galegos.

Máis aínda: os galegos do ano 1977, ou calquera outros, xentes que manteñen unhas virtudes, unhas características, uns defectos, unhas ambivalencias, unhas ambigüedades peculiares, trasladadas a outro solar, ¿que farían? ¿Como funcionaría esa Galicia trasplantada? Se imaxinamos esta dicotomía, alcanzariamos quizais con máis facilidade a solución a esa difícil antinomia de definición de terra e home que plantexou García-Sabell, e abriríamos novas perspectivas.

Quería decir xa antes que na reordenación total que se tiña que facer en Galicia, debería chegarse á creación de entidades novas de poboación que non podían ser aldeas nen vilas, porque na actualidade son un xeito de remedo, unha copia en pequeno dos males das cidades. Pensaba que esas entidades novas poderían coincidir coa bisbarra, pro poden crearse outras distintas. Pro esa entidade natural podería aproveitarse porque hai unhas características xeográficas, humanas, de relación económica e administrativa, que non ten pro que debe ter, e mesmo de servicios. Debe ser unha entidade nova que conserve o máis positivo da aldea, o contacto directo, fundamental, coa natureza, de xeito que os homes que vivan nestas entidades novas non perdan o que perdemos nas cidades. A historia é moi posterior á natureza: o concepto histórico e de historicidade é moi recente. Había que arrincar de imaxinar unhas entidades novas de poboación pra Galicia, que non correspondan nen ás aldeas nen ás vilas nen, por suposto, ás cidades. O concepto de bisbarra, contrariamente ó que pensaba Fernández Armesto, é moi vivo (aludo, concretamente, ó Baixo Miño). A relación do ensino, por exemplo, xa non se fai hoxe a nivel parroquial, e a relación de mercado, é decir, a relación económica, non se pode facer por suposto na aldea. O axuntamento non representa nada; por eso haberá que imaxinar cómo deberían ser estas novas entidades.

García-Sabell

A pregunta que fai Díaz presenta dous aspectos: ún, qué pasa cos galegos cando se van; outro, qué pasaría con Galicia se vivise aquí outra xente que non fora galega.

Díaz y Díaz

Pido metodoloxicamente establecer unha dicotomía; romperiámo-la unidade que se estimou real, pra entender mellor o funcionamento actual.

García-Sabell

E ademais pra facer funciona-la imaxinación.

En canto ó comportamento fóra de Galicia, pola miña experiencia, vexo que hai que distinguir entre un galego que emigra só e unha colectividade. En Buenos Aires hai unha colectividade, porque actualmente son 300.000. A dinámica foi que chegaron, seguiron sentíndose galegos, organizáronse como galegos e deron lugar tamén, como fan sempre os galegos, ó espírito de axuda, de colaboración. Fundaron, por exemplo, o Centro Galego de Buenos Aires, que orixinariamente foi un centro sanitario e de axuda económica, cáseque perfecto e de gran altura e dignidade. Funciona moi ben, o que mostra como traballan os galegos cando non teñen sobre si certas presións: ademais seguen sentíndose galegos. Os orixinarios, a segunda e, se se me apura, a terceira xeración, seguen sendo fondamente galegos, seguen sentindo morriña de Galicia, seguen vindo a Galicia, seguen falando o idioma; pro despois, todo isto desfaise, con-

vertido nunha especie de «topos uranos». Parece un xogo histórico perfectamente normal e natural. En canto ó outro problema, ese sí puramente imaxinativo, ¿qué pasaría hoxe se valeirásemos Galicia de todos nós e viñeran os israelitas? Non estaba mal que o intentasen.

Fernández Armesto

Pregunta Díaz se se establecería esa relación hometerra galega. Non, estableceríase outra, por unha razón moi simple, porque quen queira que fosen, poñamos por caso os israelitas, virían coa súa propia historia, coa súa propia maneira de entende-la vida, a cultura, os mitos, e xa non sería o noso. Nós temos unha historia, pois haina, aínda que sexa unha historia imposta; por eso a nosa maneira de reaccionar, as nosas vivencias, as nosas emocións, son absolutamente distintas. De xeito que eiquí habería unha colectividade cunha estrutura antropolóxica, penso eu, totalmente diferente. A crenza, por exemplo, no trasmundo, nas néboas, no barroquismo da paisaxe, pode dar unha certa forma de vida, a proximidade do mar, o que é Fisterra, podería dar lugar a unha chea de cousas comúns; pro todo o que son en nós defensas tan importantes que condicionan o humorismo e certas manobras comunicadoras, sería absolutamente distinto; e, por suposto, o idioma.

Díaz y Díaz

Aínda queda o problema da realidade física: ¿como actuaría outra comunidade eiquí?

Fernández Armesto

Supoñendo válido ese ensaio fabuloso de Buttler sobre a influencia da xeografía e do ambiente no carácter e no comportamento dos homes, se viñeran eiquí os israelitas, atoparíanse cunha vida doada, porque, en realidade, de tódolos países que coñezo, aquel no que a vida é máis fácil, onde con menos traballo se consegue unha cantidade maior de produto, é Galicia. En ningún país do mundo a xente traballa tan pouco coma en Galicia e, en proporción co que traballa, en ningures vive tan ben.

Álvarez Blázquez

En certa medida temos un baremo pra comprender que sería Galicia invadida por outras xentes, porque en certo modo Galicia tamén foi invadida por xentes ó largo da historia. Segundo acaba de denunciar García-Sabell, en América desgaleguízanse ó cabo dunhas cantas xeracións; eiquí naturalmente os foráneos galeguízanse ó cabo dunhas cantas xeracións. Nunha pequena medida, pois, sabémo-lo que sería unha Galicia con xentes de fóra, non masivamente, pro ó largo da historia masivamente tamén. En certa medida Galicia ten unha capacidade de aglutinación moi grande.

Díaz y Díaz

Pedín, pra analizar mellor o binomio que plantexara tan xustamente García-Sabell, que imaxinasémo-la rutura do binomio, pra mellor entender cada un dos seus elementos.

García-Sabell

Imaxinar que se tronza ese binomio paréceme estéril, porque a custión do que sucede cando marchan os galegos fóra, xa esta contestada. O outro suposto, o de que fique todo esto valeiro e veña o pobo que sexa, todo dependerá do pobo que sexa. Non é igual que esto o ocupen os israelitas, como decía Fernández Armesto, ou que o ocupen os murcianos. E despois depende doutro factor que é o tempo.

Casares

Penso que a través desta extrapolación especial o que se nos está a pedir é que, mediante este xogo, soltémo-la imaxinación.

Conectando co que decía García-Sabell, eu partiría do feito de que se está a desenrolar en todo o mundo occidental un pensamento crítico con respecto a todo, tanto na ciencia coma na literatura e na filosofía. Estase a poñer en cuestión todo un modelo de crecemento. Unha serie de novos pensadores marxistas poñen en cuestión o marxismo incluso como tal. Partindo deste pensamento crítico que se descobre en tódolos dominios, creo, penso que o modelo de crecemento xa non nos serve, porque empeza a ser cuestionado en todo o mundo. Estamos, pois, virxes, porque eiquí tampouco está desenrolado o modelo totalmente; pensando nos EE.UU., diríamos que sería o camiño pra onde xa non se pode ir: alí comenza a cuestionarse, empeza a cuestionarse en todo o Occidente. Galicia neste aspecto é un país ainda virxe. Partindo desto, e insistindo no que decía antes García-Sabell, sobre a suma do home e a terra; tendo en conta que unha destas críticas se exerce no campo

da destrucción da natureza, debemos preguntarnos astra qué punto se está a destrui-la natureza. Pensando, dende a unidade que é a eterna suma de home e terra, que temos unha terra privilexiada, unha terra moi fermosa, enormemente atractiva, aínda non destruída demais, nen alterada demais e que esta terra é fundamental pra entender qué é o home galego. Insistiría moito en como vai ser esa Galicia físicamente. Porque a Galicia física vai condicionada á Galicia humana. O primeiro día deciamos que podiamos partir de imaxinarnos Galicia no ano 2002 poboada por homes con imaxinación. Agora ben, a imaxinación ten moito coa relación do home coa paisaxe. Por unha vez teriamos que imaxinar unha Galicia xeograficamente conservada, é decir, esa Galicia-cidade non destruída. Axiña, obligaríamos a pensar cómo sería un home habitando nunha Galicia dese xeito. Porque xa non podemos tomar como modelo o galego de hoxe, pois a partir da miña xeración a relación coa natureza xa está practicamente viciada, esto é, o neno de A Coruña ou de Vigo é exactamente igual ca un neno de Madrid ou de Murcia: a natureza pra eles hai que ir busca-la en coche, non a teñen á porta da casa. Isto está igualando ós nenos, polo que o neno galego da cidade é máis semellante ó neno madrileño có neno do campo. Habería que pensar, pois, nunha Galicia onde o home se insertara na natureza, sen renunciar por outra parte á civilización actual, á técnica. Estaría de acordo con Franco Grande e non con Fernández de la Vega, de que se tiñan de destruír non as cidades, senón parte das cidades, porque son monstruosas e inhabitables, como fillas que son da especulación.

Fernández de la Vega

Contéstoche o seguinte: o problema de que se trata non é absurdo, a meu xuício, en canto a destruí-las cidades. As cidades son unha cousa esencial en Galicia; agora ben o que si hai que facer é todo un desenrolo e unha conxugación da cidade e o campo en Galicia. En canto á parroquia hai problemas.

A distribución da poboación rural en Galicia, segundo din os economistas, é totalmente improductiva. Un 50% da poboación rural, está determinado que, economicamente, non se pode manter: polo tanto sobra poboación rural. Como decía Franco Grande, e creo eu, a parroquia, que ten unha tradición histórica de tipo económico, hoxe ten que valeirarse: non se pode condenar a ninguén no século XX a vivir sen os servicios máis elementais. Por eso nunha parroquia quen é medianamente intelixente marcha. Pro se se afinan esas cousas ditas das bisbarras ou comarcas, se se poden establecer todos eses servicios, máis unha organización, máila natureza, e unha forma de explotación por medio de cooperativas, de granxas, e as cidades se poden ampliar a toda Galicia, creo que se podería artella-la parte urbana de Galicia con dúas cidades que son as cidades-capitais das rías altas, máis outras dúas cidades das rías baixas, e logo duas cidades internas que son Ourense e Lugo. Todo eso ben organizado sería unha cousa preciosa.

Fernández Armesto

Pode falarse das monstruosidades que fixeron coa Coruña, unha cidade que tiña unhas posibilidades urbanísticas moi boas e a estragaron completamente;

hai que evitar totalmente iso e replantexalo todo e facer readaptacións e remodelacións.

Franco Grande

Hai cousas sorprendentes: a disposición tremenda da xente ó cambio, é decir, unha conciencia de que debe cambiarse (non sairían nunca dalí, cos servicios mínimos que ás veces están a crear eles mesmos con labouras verdadeiramente heroicas). Son perfectamente conscientes de que cunhas determinadas condicións eles nunca irían á cidade. Non é ningunha fantasía pensar nun cambio porque hai o sentimento da necesidade del, é o sentimento da cidade.

Esta preocupación non a inventamos nós eiquí senón que existe: no curso de Aldo Rossi en Santiago que deu o Colexio de Arquitectos de Galicia; no proxecto da Cidade das rías da Coruña. É unha preocupación viva en Galicia. Agora ben, existe un problema: todos estes esforzos illados non nos levan a ningures se non temos un órgano de decisión galego. É decir que hai un problema político.

Álvarez Blázquez

Estamos a esquecer algunha cousa. Estamos falando de Galicia e sería mellor falar da Galecia. ¿Non sería interesante pensar na Galecia de sempre, na Galecia histórica, xeográfica, etnográfica?

Díaz Pardo

Sobre a suxerencia que fixo o Profesor Díaz, qué pasaría con Galicia se a transplantaramos, querería

engadir á información que fixo García-Sabell sobre os galegos en América. El falou do Centro Galego, pro pode servir un dato: é unha emigración bastante intensiva, había 400.000 galegos hai dez anos en Buenos Aires, sendo menos importante a emigración galega que a italiana. Agora ben, antes que o Centro Galego, os galegos crearon 450 sociedades parroquiais en Buenos Aires, é decir, reproduciron a vida parroquial alí. O home galego transplantado reproduce o seu ambiente, o que non sucede con outros emigrantes de máis importancia como é a colectividade italiana. Díxose que eiquí se come ben e que se vive ben e que hai moitos coches: esto quere decir que o aforro pode ser grande, que podemos ser un país rico pro de xente pobre, porque temos de seguir emigrando e temos unha dependencia económica que medra a pasos axigantados. Se non collemo-lo touro polos cornos, coido que vai ser tremendo. Fernández de la Vega é testemuña de como un xornal de Lugo tivo que amplia-lo outro día as súas páxinas pra publicalas listas de expropiacións forzosas de terras. Estamos coincidindo en que Galicia é un pobo cunha frustración e unha postración económica; non somos —como decía Franco Grande— un país subdesenrolado, temos condicións diferentes. Hai que busca-la súa identidade nela, hai que buscar con prioridade o sistema de comunicación que é o idioma.

É certo que hai que facer unha restruturación da comunicación humana da poboación. Máilo problema é saberse defender das meigas non favorables a Galicia. Da Cidade das Rias, da que falou Celestino, fun testemuña de cómo a foi concebindo Albalat no automóvil en que viaxabamos constantemente a Sargadelos. Dende a Coruña tiñamos que dar toda a volta ó arco dos Ártabros deica Xubia. El andaba co

plan de expansión da Coruña e tódolos arquitectos coincidían en que a zona residencial tiña que situarse entre Sada e Pontedeume. Se a Coruña e o Ferrol se achegaban, terían no medio a cidade residencial asentada nas mariñas, cara ó mar, co agro por atrais. Máis soio había unha ponte, a das Pias, que se fixo en base ós intereses de Astano, ben barata pois custara 80 millóns de pesetas, e dera unha gran animación á bisbarra ferrolá. Si se facían outras pontes unindo Sada con Pontedeume e este con Redes, os 71 kms., que separan hoxe a Coruña de Ferrol quedaban reducidos a 29 Kms.; uníase unha poboación de 700.000 habitantes que axiña chegaría ó millón, e que posibilitaría a necesaria «Barcelona do Atlántico» que reclama Faraldo pra que Galicia reunise un grupo importante que tomase conciencia de si mesma.

Pois ben, as meigas puxéronse en garda e foron diluindo o proxecto gastándose moito diñeiro en faguer estudios preliminares pra fundalo. E siguese gastando moito diñeiro en faguer estudios técnicos por gabinetes técnicos, que veñen de Madrid a facelos... Un xeito de non face-las cousas, é decir que se sigue traballando nelas, e pasar un século estudiándoas.

Álvarez Blázquez

Penso que Galicia está así postrada, porque hai unhas bruxas no subconsciente dalgúns que fan que Galicia non interese.

Díaz y Díaz

Na próxima xuntanza falaremos, pois, da potenciación da terra e do home galego.

II
26 febreiro 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A TERRA E O HOME GALEGO

Asistentes:

— Alvarez Blázquez

— Barros Pardo

— Casares

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Fernández Armesto

— Filgueira Valverde

— Franco Grande

— García-Sabell

— González Suárez-Llanos

— Piñeiro

— Seoane

García-Sabell

A potenciación da terra de Galicia terá de se facer a base de aplicacións técnicas que melloren —potencien— o rendemento da mesma. Isto nun senso material inmediato e urxente.

Mais potencia-la terra dese xeito supón un risco: o de facer que a terra como tal terra, cómpre decir como leira agraria familiar e como ambiente xeográfico, esvaezan.

Eu penso, pois, como desideratum imaxinativo, na Galicia que superproduce e que, non obstante, segue sendo horizonte vivencial galego. Dito doutro xeito: na Galicia ateigada de fábricas e na Galicia ateigada de paisaxe.

¿Cómo se resolve este antítese? Veleiquí a pregunta que hoxe está a facer todo o mundo. Pro a verdadeira cuestión, ó meu modo de ver, é esta outra: ¿hai oposición entre unha e outra realidade?

A resposta terá que ser dada polos entendidos, cómpre decir, polos economistas, os ecólogos, os biólogos, os sociólogos, etc. O que cada un destes especialistas nos diga será preciso, sen dúbida, telo en conta. Pro, ¿está neles, no conxunto de todos eles, a derradeira solución? Penso que non.

¿Por qué? Porque a derradeira solución ten que pasar polo ánimo do home galego mesmo. El é, el será, nun mañá quizais non lonxano, o que tornará válido o expediente da potenciación de Galicia. Imos ver en qué senso. O home galego ten unhas características especiais das que xa se falou eiquí repetidas veces. Por unha banda, é o dono de certas complexidades antropolóxicas, de certas dimensións existenciais, de determinadas colaboracións colectivas, dunha maneira de entende-la historia, dunha forma de reaccionar dediante dun fato de costumes, de actitudes primarias, de crenzas, que veñen traballando o seu espíritu a través dos séculos.

Filgueira Valverde

Nós queremos salvar un mundo industrializado, moi tecnificado, moi internacionalizado, e salva-lo espírito. Isto terá que vir dun traballo de educación, de ensino, en previsión dese ano 2002, no que van pasar cousas moi distintas destas que se dixeron, no que a xente voltará ó campo.

Cómpre pensar que a civilización trae consigo un ocio; as nosas xentes viven o campo tan intensamente que trasplantan á fábrica a mentalidade campesiña. Hai unha páxina na miña «Quintana viva»: o home que pasou de coidar vacas, e que segue a coidalas, ó chegar á fábrica, pola mañá, agarima a parte dunha máquina que vale 5 ou 6 millóns, «vaia, a ver como te portas hoxe», como se fose unha vaca. A mentalidade do fondo non cambeou.

É preciso mirar pró pasado, pra soña-lo futuro; pra soñar unha escola galega, temos que coidar que a escola sexa ó revés da escola actual, porque foi o

- Está decindo que pra o ano 2002 xa non teremos que emigrar ¿ti véesllelo?
- Polo que di ti xa ves e polo que non di ¿que queres que che diga?

gran factor de humillación pró galego, o gran factor da incultura coa mellor intención por parte dos mestres.

A cultura do ano 2002 será de novo, como quere Álvarez Blázquez, a cultura das xentes que saben nomear moitas cousas polo seu nome.

Camilo González Suárez-Llanos

A Galicia auténtica é a Galicia rural. As cidades son galegas na medida en que aínda conservan parte da persoalidade ou da cultura do mundo rural. Pro nas cidades a tendencia uniformizadora e despersoalizadora é moito máis forte. Entremedias, entre a cidade e o campo, témo-las vilas. Nelas a impronta rural é máis forte ca nas cidades, pro así como o ideal de moitos dos nosos cidadáns é achegarse máis e máis á gran capital, o ideal das vilas é irse despegando do mundo rural e asemellarse ás cidades. Por último, o ideal do noso mundo rural é deixar de ser mundo rural e integrarse no mundo urbano. Naturalmente o ideal do amante de Galicia será revirar, volver do revés, todo este proceso.

Parece que en Galicia desgaleguización e urbanización son coincidentes. Quizais este non sexa o problema doutras comunidades: en Cataluña por exemplo, o problema non sería o da urbanización, senón máis ben o da inmigración.

Prá potenciación do home galego haberá, pois, que poñer en práctica dous programas: a galeguización do mundo urbano, e a vigorización do mundo rural. É decir, haberá que contrarresta-las tendencias actuais. Temos de considerar que estas tendencias non son

naturais, senón produtos de condicións que violentan o libre discurrir da vida colectiva, e que polo tanto loitar contra elas é loitar pola reinstauración da libertade.

Falamos da galeguización da urbe. Pro unha galeguización que non consista esencialmente nunha religación co autóctono, coa terra e co mundo rural galego, parece un contrasentido. Desvencellada das súas raigañas, sería unha galeguización sen vida. Así que o fundamental é o segundo programa, a vigorización do mundo rural.

Teriamos de dar por suposta a compatibilidade da distribución da poboación rural galega con tódolos servicios técnico-administrativos en consonancia cos tempos. Isto non semella hoxe moi doado, mais podemos imaxinar que o mesmo progreso técnico acabe por ofrecernos esta compatibilidade. E aínda imos dar por resolto un problema máis peliagudo: o problema político-social básico. Ê decir, imos supoñer que os dereitos políticos básicos de Galicia, e un nivel básico de xusticia social, foron acadados. Isto é prerrequisito pra un programa galeguizador.

Pro haberá que evitar ante todo que a galeguización se convirta nun programa imposto. Terá que ser unha meta libremente querida por Galicia. Non se trataría, pois, dunha planificación política totalitaria, senón de proporciona-los medios de satisfacer un anceio sincero da comunidade. Calquera tipo de totalitarismo sería aquí contraproducente.

Pro vigoriza-lo mundo rural non é perpetua-lo «ruralismo». Todo o contrario, o mundo rural terá que se aproveitar de tódolos progresos técnicos-científicos, e terá, na medida do posíbel, que contribuir a eles. Pro estes progresos son ambivalentes. Poden levar á

sociedade coma a que describíu Aldous Huxley. Significativamente, o progreso inspira hoxe máis profecías pesimistas que profecías optimistas. Pro sería irracional querer paralo. De tódolos xeitos, o progreso (incluido o da exploración espacial) pode causar como reacción un desexo de volta á Natureza —pro unha volta con tódalas ventaxas do progreso mesmo. Entón, a vigorización do mundo rural galego significaría a volta á Natureza galega, con toda a forza do progreso técnico e cultural posta ó servicio da preservación desta Natureza.

¿Que sería en concreto unha Natureza galega cun progreso asimilado? A resposta tería que nola da-la imaxinación. ¿Ē posíbel unha Galicia cunha poboación ciscada por aldeas, mais ó mesmo tempo perfectamente intracomunicada? ¿Ē posíbel que a vida en pequenos núcleos non estea coutada por unha presión social abafante, senón que o home se sinta neles tan independente como se pode sentir nas grandes metrópoles? ¿Dependería isto en gran parte das facilidades de intracomunicación de Galicia e da súa comunicación co exterior, incluida, dende logo, unha doada comunicación cos países europeos? ¿Ē posíbel que as cidades sexan queridas como lugares pra ir e volver, máis ben que como lugares pra vivir? ¿Ē posíbel que as cidades e as vilas queden limpas de suburbios e tornen ó nivel de habitabilidade que tiñan a primeiros de século? ¿Ē posíbel unha Galicia totalmente descentralizada, aínda que coordinada, como a que nos pintóu Cunqueiro o outro día, na que cada cidade se contente co seu, sen veleidades hexemónicas? ¿Ē por unha sorte ou unha mala sorte o que non contemos cunha Barcelona? ¿Ē posíbel que unhas industrias concordes coa Natureza galega vaian a onde estea o home en vez de ocurri-lo contrario?

Os galeguistas destacaron e estudiaron os rasgos máis característicos do home galego. Porque quizais o galeguista poida ve-lo especificamente galego cunha certa lonxanía entre observador e observado, necesaria prá obxectividade de toda observación. A saudade, o humorismo, o home visto dende o posto privilexiado dunha longa experiencia médica, son temas de traballos feitos por escritores que interveñen neste Seminario. Saudade, unha rica e complexa intimidade, introversión, humor, tranquilo escepticismo —todos estes rasgos fannos pensar que a potenciación do home galego esixe un clima de fondo liberalismo.

E, pra rematar, unha pregunta e unha aclaración seguramente innecesaria. A pregunta: ¿Existe hoxe algún país que poida servir de modelo case perfecto pra Galicia? A innecesaria observación: a perspectiva da ruralización de Galicia pode ser xulgada dende logo como un disparate, como o contrario do que hai que facer, pro se axuda a unha iluminadora discusión deste problema non será de todo inútil.

García-Sabell

Camilo González dixo unha cousa que me interosou moito, facer en Galicia cidades sen suburbios. Este é un concepto completamente novo. Mentres na segunda mitade do século XIX e na primeira do XX se trataba de prolonga-las cidades na terra e de trae-lo campo ás cidades, o conxunto de ambas realidades constitúe a cultura expresada e formalizada na lingua. A lingua é a concreción da existencia, pois existir é, en máximo grado, falar unha determinada linguaxe. Unha e non outra.

O idioma é unha conduta.

Todo isto dá como resultado unha fartura humana inusitada. E esa fartura humana é o que, dende a comunidade galega, imporá o seu estilo e as súas efectividades a calquera potenciación que o futuro nos depare, ó que os economistas, os biólogos, os sociólogos, etc., nos propoñan. A solución técnica terá que pasar pola peneira da conduta existencial do galego.

Agora ben, o tremendo do caso é que o home galego ignora que está en posesión de tales farturas. Ignora que é propietario dun patrimonio extraordinario, orixinal e fecundísimo. O home galego é antropoloxicamente rico e crese antropoloxicamente pobre: veleiquí o seu meirande complexo de inferioridade; veleiquí o seu dramático desvalimento.

O home galego ten a peor das cegueiras que é a de non se ver a si mesmo por dentro.

Entón eu penso que a potenciación de Galicia —necesaria, urxente, imprescindíbel— ten que facer un xiro de noventa grados e dirixirse, de entrada, á realidade das súas criaturas. Primeiro, potenciar ó home galego, ¿como?

Facendo ver claro as coordenadas nas que el se inserta. Desvelando os secretos títulos de nobreza que nel concorren. Tornando patente o nivel de creación cultural —entendendo por cultura todo o que queda sinalado no feito da lingua propia—. Desbotando a infravaloración persoal. Alumeando as enérxicas pulsións que cara ó futuro nós poseemos.

En suma, tornando real e actual a potencialidade individual e comunitaria do noso pobo. Se a isto se lle chama «galeguismo», eu non teño inconveniente en acepta-lo termo que, como se ve, e así entendido, non ten ningunha connotación política, nin ten por

que tela. Eu fito pró futuro e quero ver nel —nese ano 2002— a época na que se cumpla tal reviravolta potenciadora, a inexcusábel, a do principio. Cando tal aconteza, asistiremos a este espectáculo notábel: o sometemento dos expedientes técnicos, o cinguimento dos trebellos materiais, ó ser específico da poboación galega. Pois entón non haberá unha adaptación da criatura humana de Galicia ó instrumental, senón a do instrumental ó ser do galego.

Dito doutro modo: o instrumental, o estrato técnico será humanizado; pro humanizado dende unha perspectiva galega. A terra aínda pode ser cultivada mediante actividades primitivas e por eso a súa humanizacion é doada, firme e duradeira. Duradeira deica ó intre en que xa non resulta práctica, por exemplo, pola súa escasa ou nula rendabilidade. A máquina xa non é tan cómoda de inxerir nun proceso de humanización. Con todo, o xenio do home galego haberá de aprontar, estou seguro, as habilidades necesarias pra conferir valor entrañábel ó que, na súa orixe, non o ten.

Mais pra iso ten de arrincar, insisto, da súa propia natureza non adulterada. E pra arrincar da súa propia natureza, cómpre que denantes saiba cal é.

Posibelmente a máxima humanización que se poida acadar do estrato instrumental potenciador de Galicia sexa a armoniosa complementaridade entre a realidade humana e a realidade técnica.

Unha industrialización —pra poñer ese feito como modelo— que resolva os problemas económicos do país, ou ó menos que os aminore sen atacar ó ámbito da especificidade galega, somentes é imaxinábel, por riba das solucións de tipo concreto, dende o outro ámbito, a saber, o das características propias da nosa etnia.

E se queremos fuxir do tema da industrialización, encarémonos co das poboacións cidadás. Está ben patente que o crear aquí grandes urbes —as megalópoles— é non só contrario ó modo de ser xenérico do home abstracto, senón, e en moi alto grado, ó modo de ser do home galego. Pois o problema dos grandes habitáculos humanos se non resolve, pra nós, con dar paso a pequenos acúmulos de convivencia. Fan falla outras condicións que, ó mellor, pobos semellantes, pro distintos, non necesitan. Nós precisamos do núcleo da parroquia e, ó meu modo de ver, ela constitúe o modelo cidadán axeitado. Este modelo casa perfectamente coas características antropolóxicas nosas e, se me apurades, coas que a fala tan cinguidamente representa. A parroquia é, entre outras cousas, un epicentro de comunicación humana e de participación existencial. Que logo a parroquia xire arredor da igrexa ou non, xa é outro problema. O importante é que atine a conserva-la súa estrutura e os seus dinamismos humanos. A parroquia articula os casais e convirte en totalización doada de senso comunicativo os intres decisivos da vida nas aldeas. A parroquia é o punto de equilibrio entre o minifundio existencial do casal e o latifundio existencial da megalópole. A parroquia produce colaboración interhumana e continuidade xeracional. (Polo menos deica ó intre da emigración masiva, pro esto non impide que a consideremos como realidade de posíbel renacencia, e niso estamos agora ó ollar pró ano 2002). A grande urbe produce soedade e enquistamento, ou o que é o mesmo, tronzadura da transmisión do modo de estar na vida. En definitiva, incomunicación.

Con todo, é claro que a realidade da parroquia como eixe de vida urbana futura non pode ser aplicado a colectividades distintas da galega.

Entre a megalópole e a mera dispersión anárquica, o vieiro intermedio é múltiple. O que queda sinalado correspóndenos a nós, ó noso modo de ser, á nosa textura antropolóxica.

Este é un exemplo que se pode matizar, que se pode cambear, que se pode transformar.

Fernández Armesto

Creo que podo rebaixar máis o tono intelectual que lle deu García-Sabell. Vou contar unha anécdota que me acordou agora. Foi hai catro ou cinco anos na Semana Santa. Ía pola Coruña, pola Calle Real, e atopei a Edgar Ans, o gran periodista americano, que expulsaron de Alemania o mesmo día ca min, e iba cunha muller extraordinaria, intelixente. Díxenlles: «Vinde a vivir comigo á miña casa» (a casa que tiña eu en Ameiras). Eu collinos no coche, leveinos pra que visen Galicia. Estas dúas persoas son de Minnesota. Era na Semana Santa. Estaban os montes cheos de toxo. El díxome: «¿Que é este arbusto que tendes aquí, esta masa marela?» Eu expliqueille que era toxo. Preguntoume: «¿Que facedes con isto?» «Isto sérvenos —díxenlle eu— prá cama das vacas». Seguimos andando e voltou a preguntar: «¿Que fan estas mulleres que andan pola cuneta cunha vaca ou con dúas?» «Pois esta é unha maneira de alimenta-las vacas, de lles dar de comer; veñen á cuneta, e na cuneta, como está húmeda, hai herba». E di: «¿E que fan coas outras vacas?» «¿Outras? Non as teñen. Non teñen máis ca unha vaca ou dúas. Aquí o que ten cinco vacas xa é rico». «Pro entón, —concluiu—, ¿tanta cama pra tan poucas vacas?».

Esta é unha das contradicións de Galicia, que lle vou chamar esquizofrenia. Gústame esta palabra, que emprega tanto a literatura inglesa (García-Sabell o outro día dixo que a palabra clinicamente non era moi axeitada, e deunos unha lección maravillosa).

Galicia é de tódolos países que eu coñezo o máis contraditorio, o máis dual; é un país no que todo son contradicións. Eu son un emigrante e debo de se-lo único emigrante de toda a historia que logo ven e faise labrego, pois o emigrante volve aquí e fai calquera cousa menos poñerse a labra-la terra, a arar, a coida-las vacas, a vivir no campo, porque se non tivo éxito non o pode facer, porque iso é moi caro aquí, e se tivo éxito fai outras cousas que o divirten máis e que lle parece que lle dan máis prestixio diante dos veciños. Pon un taxi, unha taberna. Non había ningunha intención de decir que os galegos están tolos porque son esquizofrénicos, anque quizais pense que os galegos un pouco tolos si estamos. Galicia, é o único país que non ten conciencia de que está dividido, non somentes está dividido lingüisticamente.

Dixo García-Sabell unha cousa moi curiosa: que o galego ten unha profunda persoalidade que non sabe que facer, unha gran dimensión persoal que non coñece. Pro non é iso somentes. Galicia é o único país que está dividido xeograficamente. Galicia se é algo e pode ser algo, e se no ano 2002 imos facer unha Galicia potenciada, é unha Galicia que ten que chegar ó Douro. Sen O Porto aquí non haberá nunca unha gran cidade. A gran cidade de Galicia é O Porto; pro os galegos non se decatan disto.

Pois ben, aquí estamos divididos polo Miño e non o sabemos, de modo que esta é unha das divisións: estando divididos, non nos damos conta diso. Pro é

que tampouco case nos damos conta da outra división grande que temos que é a idiomática.

Galicia é o país máis agrícola, máis fundamentalmente agrícola de Europa; pro a industria que hai aquí, que hai unha industria, non ten nada que ver, nin abastece as necesidades da agricultura, nin ten ningunha relación coa riqueza agrícola: non é industria de tractores pra que traballen a terra, non é industria de conservas pra colle-los productos da terra en movemento comercial, é unha industria completamente allea á agricultura e á entidade fundamental da vida.

Entre a cidade e a aldea, hai unha división total, e as xentes da cidade de aquí son as xentes que menos saben da agricultura, da terra, e ó revés, as xentes das aldeas son as que menos saben da cidade, da vida cidadá. Eu teño un xardín arredor da casa cunha alambrada que é pra que non saian os cans de alí. Veñen as señoras da Coruña ou de Santiago e din:

«Cantas vacas ten?» «Pois teño 150». «¿¡Que barbaridade, cantas vacas!?».

Mirámo-las vacas e vémo-la casa. Entón ven o cerco aquel e dinme: «¿E isto todo é a súa terra?»

Cren que con aqueles dous ferrados que teño cercados me manteño.

Aquí nin o campo sabe nada da cidade, nin a cidade do campo. A xente cando ten éxito merca un coche grande, ou colle varias criadas, ou fai un chalet, pro ninguén merca unha casa, unha leira, ou se se ten a leira dos familiares nin a van ver. A cidade está de costas ó campo, máis que en ningún outro país. En Inglaterra todo o mundo que ten un pequeno éxito, profesional ou comercial, o primeiro que fai é mercar

unha terra, unha casa no campo, e irse ó campo, namentres que aquí en Galicia hai unha actitude negativa dunha parte dos galegos contra a outra, dos galegos que viven na cidade, e dos galegos que viven na terra.

Álvarez Blázquez

Quero decir que na reunión anterior xa quedóu ben tratado que non iamos tratar da *Galecia*. Polo menos a miña proposta quedou no ar.

Estamos a soñar e estamos a pensar nunha Galicia histórica, e podemos pensar na Galecia.

Fernández Armesto

Eu estaba a falar pra potenciar Galicia. E non a potenciamos senón nos potenciamos todos, aínda que nos toque a lotería. Eu quería falar do país que ten unhas características realmente extrañas, que está cheo de contradicións das que non se dá conta Galicia. Isto é o que quería decir: é unha idea que me deu agora García-Sabell ó decir iso de que o galego ten unha potencialidade nel, unha dimensión persoal, pro que non a coñece.

Filgueira Valverde

Eu o primeiro que faría sería sustitui-la verba esquizofrenia e escolle-la que acabas de decir, contradición. Galicia é un país cheo de contradicións, pro podíase falar tamén de aporías, e un pouco da verba «desengano», ou podíase falar de dicotomías. Veñen

case todas, ou supoño que virán, da radical ciclotimia da historia de Galicia. En canto as xentes parece que van tomar conciencia da historia de Galicia, de si, ou de que vai existir unha vida colectiva, sempre se ten trucado: o desengano é tan forte que convén lembrar que cando tivemos unha unidade política, anque fose baixo un imperio cos portugueses, foi unha total frustración porque nin colaboramos nin nos entendemos. Dende Felipe II a Felipe IV nós tivemos unha unidade con Portugal que non nos valeu pra remediar ningún dos nosos problemas.

Esa ciclotimia, esa especie de desengano ten unha raíz fortísima no concepto da lingua. Nos países con diglosia ou con bilingua, as xentes coidan que a súa fala é unha forza, e nós coidamos que a nosa fala é unha debilidade.

As nosas xentes non cren en si mesmas. Galicia é un país onde dominan uns caracteres máis ben flemáticos ou amorfos, é decir, onde non dominan «caracterioloxías activas»: isto sería o primeiro que teriamos que transformar, nunha Galicia mellor, que os galegos crean en si mesmos, que usen a súa fala e todo o seu. O galego en xeral pensa que o seu é malo, que o tradicional, o propio é unha cousa cativa. Tras salvar esa maravilla que foi Combarro, a min un día corréronme polas rúas porque dixen que había que pintar unha fiestra de azul e que quería o caleado daquela casa que fixeron de ladrillo...

«Queremos vivir á moderna, queremos vivir á moderna».

Eles consideran que é noxento vivir nunha casa que ten unha balconada como se fose un pazo; darian

moitísimo por quita-la balconada e poñer unha cousa de ferros de agora ou unha especie de bañeira toda de cemento, iso é vivir á moderna. E poñer azulexo na fachada. É unha sorte de pedagoxía a que teriamos que facer sobre a xente. Tería que vi-la idea de que traballa-la terra non é deshonroso. En Galicia a xente ten unha especie de desprecio xeral ó estilo de vida dos pais e dos abós, que tamén ten os seus inconvenientes, porque é unha vida bastante dura a do labrador.

Se a min me preguntasen agora como se podería resolve-la aporía esa industria-agricultura, eu sempre citaría estes casos de industrias que, anque teñan que trasladar de moi lonxe a xente, teñen uns obreiros que seguen de certo modo avencellados á vida rural. O obreiro pontevedrés non rompeu o seu ensamblamento coa terra. É un obreiro que aproveita todo o seu tempo libre en ir á horta familiar, pra fala-la linguaxe europea. Estas xentes saben facer tempo pra amaña-las súas leiras; temos aquí un caso no que a técnica e o avance técnico favorecen a potenciación da terra e a potenciación do home, porque a facilidade do transporte e a mellora das posibilidades dos medios de comunicación poden dar sempre o xogo de que as xentes estean traballando nunha industria e non teñan esa sorte de desarraigo, de desleixamento da terra. Un dos acertos meirandes que eu teño lido aquí, paréceme que é esa idea que espuxeron Palacios-Sánchez Cantón-Castelao, de que Galicia é unha cidade, unha cidade rural e industrializada, cos seus servicios distribuidos; como cidade, porque as xentes que vaian a diario ós seus traballos, vaian de lonxe, e poidan continuar en certo modo a vida tradicional que dá o campo. Galicia como cidade dividida en parroquias: eu penso con Cunqueiro que teriamos que

retornar a que houbese unha serie distinta de xeitos de organización administrativa, é decir, que pode haber parroquias que teñan unha organización, vilas que teñan outra.

Casares

Eu partiría do feito de que o modelo de civilización baseado na razón empeza a producir froitos monstruosos e alarmantes, que ameazan mesmo a supervivencia do individuo como especie. A evidencia do que digo, aforrará explicacións complementarias, pro engadirei, a maneira de colorario, que a degradación da calidade da vida, tanto a nivel físico como espiritual, parece indicar que vivimos máis ben nunha época de regreso que de progreso, e non de regreso a formas pasadas de existencia, o que podía ser positivo, polo menos en certos aspectos, senón da creación dunha barbarie, unha brutalidade, unha estupidez, sen paralelo na historia. A denuncia das consecuencias desta regresión son constantes, pro non todas teñen a mesma intención e o mesmo significado. As que se fan exclusivamente desde posicións políticas en xeral están viciadas pola súa parcialidade, bótanlle toda a culpa ó sistema que tratan de sustituir, sexa capitalista ou marxista. Somentes algunhas destas denuncias, algunhas —tamén é xusto decilo— feitas desde posicións políticas, apuntan as causas reais do problema e plantexan este dende unha perspectiva global. O que está en custión non é este sistema ou este outro, senón todo un modelo de civilización baseado na razón empeza a producir froitos principio falso. Os que prantexan así as cousas invocan case sempre a imaxinación como a gran ausente

do modelo criticado e pensan que o novo modelo, é decir, a invención do futuro, se se quere que sexa distinto do previsible, debe ser feito non eliminando a razón, senón humillándoa un pouco e colocando ó lado a imaxinación, a irmá pobre, desgraciada, somentes porque non foi quen de presenta-los seus produtos co atractivo que presentou os seus a razón.

En Galicia asistimos agora a un momento claro da súa historia. Serodiamente está a se incorpora-lo noso país á última fase do modelo criticado, á civilización urbana, técnica e industrial. Os estragos empezámolos a ver por todas partes. Un urbanismo inhumano, liquidación pura e simple dos valores da cultura e da arte populares, expolio das súas fontes de riqueza, degradación do medio ambiente, manipulación dos seus recursos en contra dos intereses da comunidade. Cando o modelo que produce estes males empeza a ser contestado como regresivo é cando precisamente Galicia ingresa nel en nome do progreso. E todo parece indicar que o seu porvir vai seguir por ese camiño; por outra banda, non é doado que aconteza doutra maneira.

Agora ben, nós estamos aquí xustamente pra nos ocupar do porvir deste pobo, porque unha nova Universidade, centro do saber racional, pensou que a imaxinación debe ter tamén un lugar na Universidade. Con imaxinación a Universidade de Galicia, —este é todo un síntoma— introduciu xa a imaxinación como disciplina nos seus estudios, por moito que sexa dun xeito informal e non oficial. Estamos aquí en certo modo pra que ese porvir sexa distinto ó previsible, estamos aquí pra, na medida das nosas cativas forzas, crear e inventar un dos futuros posibles, ningún deles fatalmente necesario. E como empezar, eu

empezaría decindo que o futuro que queremos inventar ten que ser radicalmente diferente do que por extrapolación non é difícil de prever, un futuro posto ó revés. Agora ben, non un futuro que supoña unha volta atrás a épocas presuntamente arcaicas ou idílicas que están mortas e ben mortas, non, un futuro que acepte tódolos bens da civilización industrial, pro postos baixo o control e o dominio do home. Pra empezar, o pobo galego que foi sempre un pobo imaxinativo e que unha parte desta imaxinación a adquiriu en contacto cunha terra privilexiada, ten que inventa-lo seu futuro a partires desta terra, ten que salvala, ten que volver ó contacto con ela, ten que rachar dalgún xeito o cinto de cemento que o está illando dela. Hai que facer unha Galicia na que a natureza non morra, porque a natureza é fonte esencial prá imaxinación, e nós temos que conseguir que a Galicia do futuro sexa unha Galicia poboada por homes imaxinativos, inventores cotidianos dos seus futuros. Pra empezar temos un ben colectivo, a imaxinación, e un proxecto xeneroso nunha Universidade disposta a imaxinar. Pois imaxinemos. A miña imaxinación polo de agora somentes é capaz de imaxina-lo que non quere e só moi vagamente o que desexa. Podíase, parodiando a Antonio Machado, imaxinar que non hai camiños, fanse camiños ó imaxinar. Estamos xa a facer camiño; por pouco que andemos temos polo menos desguazada a maleza inicial.

Díaz Pardo

Se digo aquí algunha cousa que poida ser crítica, quero decir que quere ser construtiva. Se estamos

reunidos aquí é dalgunha maneira porque o facho de Galicia foi pasado de man en man en tempos difíceis e se certas institucións non puideron facer todo o que quixeron, o certo é que mantiveron o facho de Galicia vivo.

Eu estou completamente de acordo co que se dixo aquí, empezando polo que dixo García-Sabell, que trata de restitui-la comunicación en Galicia: absolutamente todo é coincidente. E eu creo que é unha cousa de gran valor que todos esteamos coincidentes nos problemas. Hai uns problemas en Galicia, e a eses problemas hai que ver de darlles solución.

¿Como se pode dar unha solución?

Di Casares que o camiño haberá que buscalo e ir andando e buscándoo ó mesmo tempo; pro non se pode plantexar así. Hai que crear algo que o estudie, que vaia facendo, estudiando, progresando. Hai dúas cousas que acaban de facerse en Santiago nas que participamos algunhas das persoas que estamos aquí: unha é o Museo do Pobo Galego, e outra é unha asociación pró estudio da economía galega. As dúas foron aprobadas en Madrid ó mesmo tempo, e as dúas se constituiron en Santiago no mesmo mes. Eu asistín ás dúas, pertenezo ás dúas, e penso que estas dúas institucións que dalgunha maneira teñen algunhas posibilidades de estudio de Galicia, están paradas, viciadas dalgo que se denunciou xa aquí: de que están feitas dunha maneira profesional cada unha delas. O Museo do Pobo Galego está feito por homes que teñen unha gran conciencia de Galicia, pro dalgunha maneira está isolado das formas económicas, as formas científicas do futuro do país. Por outro lado, a de economistas está feita por xentes que poñen a Galicia como horizonte, pro teñen menos

conciencia da historia galega: esa economía non lle vai servir moi ben a Galicia.

Falta esa institución que poda xuntar estas cousas e poida centralizar nun mesmo crisol os estudios do futuro de Galicia, da economía de Galicia e que os misture coa súa historia e que os contemple. Aquí falouse da parroquia; non se dixo, por exemplo, se coincide sempre a parroquia co interés económico da zona económica. E unha cousa que hai que estudiar aínda.

Falouse da volta á natureza. Hai un problema: Galicia no ano 2002 posibelmente pode ter un futuro, se é que o logramos atopar, se é que acadámo-las institucións que lle dean un camiño. Posibelmente podería coincidir cun bo momento, porque ese momento sen dúbida estámolo a ver, estase a empezar agora aquí. Os países superindustrializados estanse vindo abaixo e a superindustrialización está producindo unha polución material e psíquica no home, que o home quere evitar reemprendendo a volta á natureza.

Galicia por unha serie de circunstancias non sufriu esa experiencia. Galicia foi virxe nesa experiencia, case están pervivindo aínda formas arcaicas antigas de Galicia en plena época industrial. Eu penso que iso é verdadeiramente un valor, porque esa experiencia da superindustrialización non logrou barre-la conciencia galega e a cultura galega. Eu penso que o que verdadeiramente podía estudiar este problema, restituindo unha institución que tivo un gran arraigo en Galicia, era o Seminario de Estudos Galegos, que sería o que verdadeiramente podería posibilitar que un Museo do Pobo Galego estudiase, archivase e conservase a nosa historia, e puxera ó lado os homes que están a estudia-la economía

de Galicia e que están a estudia-los chans de Galicia, porque hai unha división entre os que estudian a Historia, os que estudian a Arte e os científicos, os matemáticos. Penso que ahí é onde está a solución. Se verdadeiramente se consegue unha institución que, amais de archivar, traballe, cree, resolveríase o problema de Galicia, a potenciación de Galicia: a min paréceme que estariamos así nun terreo práctico.

Filgueira Valverde

Penso que a gran ventaxa do Seminario de Estudos Galegos foi a de poñer en contacto a xentes de especialidades moi distintas, o que se chama traballo entre áreas. Isto foi unha experiencia importantísima. O polarizarse o Instituto Padre Sarmiento no que chamamos Letras, tivo un inconveniente grande. Non sei se o Seminario corresponde ou non a este tempo; penso que non hai que se reiterar. Non me gusta nada que se chame a algo con nomes do que foi. Pro sen dúbida, á Galicia de hoxe farialle falla unha institución que podía ser universitaria, independente, que se procupase de promove-la investigación (eu fágoo coas entidades), non de xuntar datos, senón de manter viva esa coherencia de xentes que traballan en medios moi distintos, máis ca nada, unha institución que servise pra isto que estamos a facer aquí, pra ter unha ocasión de intercambiar ideas, porque claro, da conversa xurden sempre ideas novas.

Díaz Pardo

Eu falaba do Seminario por exemplo; o Institut d'Estudis Catalans é máis antigo, pro seguen a mante-lo

seu dalgunha maneira e danlle unha coherencia.

Filgueira Valverde

Case podía ser. É unha idea que está moi ben suscitada, porque é unha idea pró porvir, e pró porvir poderanse facer moitas cousas. Vai chegar un intre no que o Instituto Padre Sarmiento terá que ser transformado. Podía transformarse o Instituto en Seminario de Estudos Galegos (e mante-lo nome Padre Sarmiento pra combina-las cousas de Letras), podíase volver ó vello Seminario, podía xurdir unha cousa nova con nome novo. É unha idea que pró futuro conviña que todos a pensasemos máis, sobre todo neste momento por coincidi-la transformación do Consello de Investigacións, que foi o que defendeu o Instituto e o axudou. Haberia que pensa-lo que conviña facer ahí, porque iso é hoxe unha materia perfectamente maleábel, no bo senso da palabra.

Díaz y Díaz

Eu querería intervir agora un minuto pra alonxar un pouco a discusión deste tema, porque a proposta de Díaz Pardo a min paréceme excelente. Pro quero chama-la atención sobre o feito de que tanto o Institut de Estudis Catalans coma o vello Seminario de Estudos Galegos, tiñan unhas misións moi concretas que levaron a cabo ben —o Institut segue a realizalas—;pró non é exactamente o que eu creo que faría falla pró futuro. Os dous tiveron sempre un dominio total do que puideramos deci-la visión histórica da custión. Mesmo cando se estudiaba Zooloxía

ou Botánica (e aludo por exemplo ó maravilloso, ó insuperado aínda hoxe, mesmo en Cataluña, *Terra de Melide*, por poñer un exemplo de publicación orgánica e coherente), aínda así a finalidade máxima do grupo que traballaba era a recolleita de materiais pra conservar, pro non se fixo en ningún intre nada pra potenciar eses materiais e proxectalos cara ó futuro dándolles vida nova. O que se intentaba realmente era, no fondo, facer unha especie de Arqueoloxía a tódolos niveis. O Museo do Pobo Galego por un lado é unha institución de tipo arqueolóxico, etnolóxico, etc., pro por outro lado podía ser un acicate pra novas proxeccións cara ó futuro. Se algunha institución tivera esta virtualidade de que, ó apoiarse no que hai na historia, creáranse grupos de traballo pra promove-lo futuro, eu dende logo apoio totalmente a moción; senón paréceme que se queda un pouco no culto ó pasado, que é importantísimo, pro creo que é unha parcela soa, e que unha das cousas que nos cómpre é mirar cara adiante. Temos que conserva-lo que hai, e conservalo o mellor posíble, pro creo que temos que mirar máis cara adiante. No que estou de acordo é que esa proxección cara ó futuro integral non a farán só nin Institutos nin estudios de economía ou doutras materias similares; ten que ser moito máis globalizado e máis en liña co que se deduza disto.

Díaz Pardo

Estudia-las cousas, plantexa-las cousas, informar, vai da-las solucións, vai dar construcións prácticas de proxección cara ó futuro. Cando se estudian simplemente as cousas pra arquivar, en plan arqueolóxico, entón é cando non producen efectos sobre o futuro.

Filgueira Valverde

Eu a iso non lle chamaría nin Seminario —que é outra cousa hoxe— nin de Estudios. Os que había eran aínda na imaxinación; ou era un nome pra abrirse máis camiño por vida. Buscaría un nome que forzase á institución a mirar pró provir, sempre apoiándose no moito que se fixo. Pro ahí o que foi máis fecundo, máis cás publicacións, cós estudios de traballo económico que case todos se referiron, porque era aquel tempo, a temas fiscais, foi o encontro das xentes que querían unha Galicia mellor, das xentes que tiñan un ideal de renovar a Galicia partindo dalgo tan fundamental pra un traballo de renovación, como é o coñecemento e o amor.

Piñeiro

No que se leva falando sinaláronse dous puntos moi interesantes pra centra-la reflexión.

Un punto é que varios dos que falaron indicaron as contradicións que padecemos; resaltaron que Galicia como realidade que podemos contemplar ou vivir, ofrece unha serie de contradicións íntimas, unha especie de disgregación interna, e que iso leva a unha ineficacia, a unha falla de senso, a unha falla de conciencia clara: é un país como pasivo, como desorientado, como sumiso, como non dono de si mesmo. Isto é o que varios dos que interviñeron sinalaban como un feito real.

Sinaláronse tamén algunhas das causas desta contradición conflitiva: a Galicia rural e a urbana; o conflito linguístico; a falla de conciencia da unidade e totalidade do orbe galego na Galicia emigrada e a Galicia

metropolitana; a Galicia lucense e a Galicia bracarense; moitos factores, diremos,de desintegración da conciencia interna de Galicia, da conciencia de si mesma, da conciencia activa.

E outro punto, como resposta a isto, que plantexou Díaz Pardo, ofrécenos propostas concretas pra actuar sobre do futuro, pra que con conciencia galega, con criterio galego, con visión galega, poidamos actuar sobre a evolución futura do país. Presentou iniciativas moi concretas, como foi o modelo que puxo, que pode ser simbólico e base de partida, do Seminario de Estudos Galegos.

Ou sexa, por un lado sinálase o feito dunha Galicia como desintegrada, como pouco coherente, como pouco consciente de si mesma, como un pouco avergoñada de si mesma, como acomplexada de si mesma; e, por outro lado, dáse unha iniciativa concreta pró estudio da súa realidade, prá súa investigación, pró seu coñecemento, e, a partires diso, buscar formulas pró futuro.

No primero caso todos se manifestaron no senso de que fai falla devolver ó home galego, ó propio home galego, a conciencia de si mesmo, da súa persoalidade, da súa identidade, porque sin ela non terá vontade de realiza-la promoción da terra, a promoción do país e da cultura, e de a realizar historicamente. Porque os pobos como se realizan é na historia, proxectándose no tempo, proxectando a súa persoalidade en realizacións históricas. Galicia non está aínda en situación de facer isto, porque, no nivel existencial da vida colectiva, está máis no plano do natural ca no plano do histórico, porque no patrimonio colectivo Galicia carece de institucións propias a través das que a súa persoalidade poida realizarse. Vive, polo tanto,

asulagada en si mesma, metida en si mesma, pro sen canles propios, sen posibilidades propias de autorrealización, reducida a catro provincias, Galicia como unidade, como país, tivo unha entidade histórica, unha unidade que se chamaba reino de Galicia. Actualmente non existe como estrutura política ou administrativa, porque non hai institucións que reflexen a realidade de Galicia. Está dividida en catro provincias, cada unha delas directamente encardinada ó Estado, e sen posibilidades de vencellamento entre elas: é decir, hai unha fragmentación que non foi creada por Galicia, senón que é padecida por ela, que lle foi imposta. Esta desintegración na súa propia vida, é xa unha das causas desa desintegración que vemos, desa incoherencia interna de que aquí se falou.

Na orde idiomática ocorre igual; cando cristalizou a unidade política no Estado español, na realidade era un estado castelán, era Castela que se converte en Estado español, é decir, faise unha unidade que culturalmente é castelanista. Exerce unilateralmente toda a presión ó longo dos séculos en Galicia; a súa acción é castelanizadora e desgaleguizadora, sen recoñece-la realidade idiomática e cultural de Galicia como algo español, como algo real dentro do conxunto español, senón que prescinde dela, ignóraa. E non somentes a ignora, senón que a abafa e impón unilateralmente unha persoalidade cultural que non é a de Galicia. Entón créanse en Galicia dúas realidades culturais: unha, a realidade que ven respaldada pola presión, pola presencia e pola acción do Estado, que é a cultura castelá, oficial, institucionalizada, precisamente nun intre en que as culturas modernas se desenvolven e difunden extraordinariamente a través

dos textos escritos. Nese intre é cando precisamente en Galicia se interrompe o cultivo cultural da lingua como lingua escrita. Queda a cultura galega como tradición puramente oral, vive somentes como unha tradición trasmitida oralmente, pro que non se desenvolve. Entón existen en Galicia dúas formas de cultura: unha, a cultura escrita, moderna, oficial, estatal que se expresa en castelán e outra, a cultura popular, tradicional, que é oral, que non é escrita, que se expresa en galego. Iso crea un conflito cultural, pro con privilexio prá cultura estatal. Naturalmente que iso ten que lesiona-la persoalidade colectiva dos galego-parlantes, porque son os analfabetos, os febles, os socialmente inferiores. Ese conflito cultural escinde a Galicia en dúas, unha que domina á outra: a dominada e sometida culturalmente, a inferiorizada, é a Galicia galego-parlante, popular, campesiña, mariñeira. Esa lesión exercida activamente durante séculos, produce efectos psicolóxicos e de mentalidade, na persoalidade colectiva. Ese é outro motivo dese complexo do que antes falabamos, a infravaloración de si mesmo que sinalaba García-Sabell e outros dos que interviñeron. Un descoñecemento da propia persoalidade, vítima dunha agresión constante, continua, poderosa, creou nos galegos unha sensación, unha conciencia de inferioridade, un sentimento de sumisión. Se iso é o pasado, entón o remedio pra potencia-lo país é potenciar primeiro ó home, volverlle a plenitude da súa persoalidade, a conciencia da súa persoalidade, o respeto e o apoio á súa identidade, a posibilidade de realiza-la súa identidade. Nese senso eu non vexo máis modo de potenciar ó home galego que dándolle tódolos instrumentos da súa formación cultural que lle sirvan precisamente pra desenvolver, pra libera-la súa persoalidade, pra realiza-

la. Se a cultura en Galicia, o ensino a tódolos niveis, e a cultura institucionalizada, apoia e facilita o desenvolvemento da persoalidade galega xenuina segundo antes a ignoraba, a negaba, a abafaba, evidentemente o home galego cambiará.

A segunda idea á que me quero referir foi exposta por Díaz Pardo con forza convincente. Falábanos de que, pensando no futuro de Galicia, o máis urxente é investigar, coñece-la súa realidade. Puxo como antecedente exemplar deste empeño o labor do Seminario de Estudos Galegos. E mesmamente por iso, pola súa exemplaridade plenamente válida, propón á nosa consideración a conveniencia de crear de novo, debidamente actualizada, aquela entidade cultural galega. Coido que a idea é atinada e merecerá a simpatía de moita xente. Con todo, e nesa mesma liña de preocupación, paréceme a min que sería oportuno informar aquí, coa venia do profesor Díaz, dun acontecemento esperanzador no que Filgueira e mais eu estivemos presentes. Refírome ó acto de constitución do Patronato do Instituto do Desenrolo de Galicia, creado recentemente na Universidade compostelana. Naquela sesión o profesor Díaz, como Vicerrector de Investigación, explicou que as posibilidades do Instituto se manteñen forzosamente dentro do ámbito e dos medios universitarios e, de acordo con iso, estableceronse os seus niveis de acción, que son estes tres: creación dun «banco de datos», coordinación da actividade investigadora orientándoa a campos úteis ó desenvolvemento de Galicia, e creación duns cursos de cultura galega —unha especie de «diplomatura»— nos que se estudie a nosa lingua, a nosa literatura, a nosa historia, o noso direito, a nosa xeografía, a nosa economía, a nosa xeoloxía, ou sexa, nos que se estu-

die sistematicamente a realidade cultural e material de Galicia. Este plan, ó promover, dunha banda, a investigación da realidade galega, e, doutra banda, a formación de especialistas no coñecemento cultural de Galicia, representa unha anovación verdadeiramente trascendental no horizonte das posibilidades futuras de Galicia. Por primeira vez imos contar con persoas especializadas universitariamente no coñecemento da nosa realidade; a recuperación da nosa conciencia colectiva necesita basearse no coñecemento do que realmente tivemos. Confésovos que, naquela ocasión, escoitei o informe do Dr. Díaz con emoción. Hoxe pareceume oportuno dárvolo a coñecer porque coido que pode servir pra afianza-las nosas esperanzas.

Álvarez Blázquez

Creo que nesta revalorización que pretendemos, do home e da terra, imponse a necesidade dun retorno á Natureza, mediante contactos coa súa realidade. É un feito evidente que unha grande parte dos galegos que hoxe viven nas cidades ignoran a vida do campo ou, o que é peor, están de costas a ela. Non por vontade propia, xeralmente, senón por imperativos do seu propio estilo de vida. É un fenómeno mundial, pro entre nós resulta máis dramático polo feito de ser Galicia unha terra, unha paisaxe, unha pura e apretada Natureza, e non unha simple xeografía; e tamén, naturalmente, pola entrañable ligazón telúrica que entre nós se dá. Non poder realizar esa comunicación home-terra é orixe de traumas. Eu véxoo nos meus fillos, que teñen pena de non coñece-los nomes das plantas e dos paxaros, de non saber dis-

tinguir unha arbre froiteira doutra, de non ter asistido ou colaborado nos labores agrícolas. É certo que os homes da cidade escapamos ó campo e á praia tan axiña como podemos, pro son contactos fugaces e superficiáis, que aínda fan máis dorido o desarraigo. Por iso creo que no ano 2002 todo galego que o desexe deberá dispor dun anaco de terra, senón de seu, formando parte dunha explotación colectiva, perto da cidade, onde lle sexa posíbel pasa-los fins de semana e algunha temporada de vacacións ó ano, traballando a súa parcela. Poderá plantar legumes ou coidar roseiras, sementar patacas ou atender unha granxa; colaborar en traballos comúns ou realizalos ó seu gusto, illadamente; en todo caso vivirá en contacto coa terra, sentiráse revalorizado como galego e contribuirá co seu esforzo á revalorización da propia terra, porque o que eu propoño non é un puro divertimento. Eu vexo esas explotacións colectivas como o nexo físico, espiritual e social entre a cidade e o campo, ou, se se prefire, da cidade-campo proposta por Cunqueiro. E tamén soño con que o campesiño pase as súas vacacións nas cidades marítimas ou nas praias, coa súa familia. O binomio home-terra hase cumplir no individuo mesmo, na súa mesmedade, e non como ser gregario.

Barros Pardo

Eu quererría engadir unha cousa ó que dixo Álvarez Blázquez. Coido que cómpre seguir percurando a identidade de Galicia como meta no futuro. Plantexado a través dunhas formas de goberno autónomo, podemos chegar a esa identidade, porque do contrario o vencellamento das provincias é difícil. A orde

central ocasiona este descontrol, esta forma de que se vaian desenvolvendo as nosas industrias dunha maneira sen xeito.

Pro temos que ser un pouco pesimistas, pensar no campo como está actualmente. Vemos como se crea unha fábrica de aluminio, un porto novo pra unha cantidade de barcos sen xente; xorden industrias cunha pronuncia extranxeira e todo isto vai repercutir no campo, e na psicoloxía das xentes. Se botamos unha ollada ó que pasa na provincia de Lugo vemos que está a cambea-lo campo e a mentalidade: xa non se pode atopa-lo carro de vacas, entón xa non lle podes decir a un chaval que vaia ver como se moxen as vacas. Isto é terríbel; a tecnoloxía está transformando o noso campo, como transforma o resto, queirámolo ou non. É así como se internacionaliza a industria, e todo isto vai repercutir na Galicia do ano 2002. Non digo que non terá de haber cousas que podemos imaxinar como fantásticas, de ciencia-fición, por exemplo, unha fraga de arbres cibernéticas, pro todo isto vai repercutir na cidade. Como cambeou a arte e está a cambear. Os xaponeses estanse adaptando á mentalidade da arte contemporánea e adaptáronse á industria contemporánea totalmente; así como cambeou aquela illa, nós imos cambear.

Álvarez Blázquez

Eu non trato de actualiza-las formar arcaicas de vida, nin no campo nin na cidade, nin me parece que isto sexa aconsellábel. Pro a min paréceme que este conflito campo-agricultura, natureza-industria, non ten por que existir: temos de facer compatibles estas dúas panorámicas. Agora que a vida evoluciona, que

as industrias cambean, que xa somentes hai muxidoiras mecánicas, o rapaz da cidade que nunca víu muxir á man unha vaca, pode muxir por unha muxidoira mecánica. Non me opoño a iso; a Galicia do ano 2002 no aspecto técnico debe ser moi distinta da Galicia actual, pro as esencias do home galego e a esencia da terra galega é a que nós tratamos de conservar dentro desa liña evolutiva.

Barros Pardo

Ademais hai outro factor que decidirá na nosa cultura: o desvencellamento das provincias, a falla dun autogoberno prá percura da propia identidade; aparte disto hai esta incidencia da tecnoloxía que a buscan mesmo os árabes. Cunqueiro quedará ahí co seu Simbad como un símbolo das formas arcaicas. Xa non vai haber unha imaxe posíbel de reencontro con Simbad o marino nin cousa polo estilo, isto é, o conto das mil e unha noites quedará ahí como cousa pasada. Queirámolo ou non, teremos que entrar nun senso de novas estruturas mentais. Nesta nova mentalidade hai unha colisión tremenda en tódolas ordes, unha colisión das culturas, colisión de tecnoloxía; entón, ¿que será da nosa cultura? ¿Que foi da cultura dos xaponeses? Eles mantéñense dentro do laboralismo, do budismo, pro souberon adaptar esta forma e estas novas formas de tecnoloxía, e nós temos que facer algo semellante. Eles posiblemente con máis arte ca nós.

Díaz y Díaz

Volvo a chama-la atención sobre do feito de que aquí ninguén trata de impoñer ningún criterio. Certamente a razón, polo menos aparente, conxuntural, de que esteamos reunidos aquí é elaborar unha visión de Galicia 2002. Tiñamos previsto que coa tecnoloxía, frente á tecnoloxía e a pesares da tecnoloxía aínda quedará algo que no ano 2002 puidera seguir chamándose Galicia, tanto en homes como en terra. Do que se trata agora é de imaxinar, non de discutir nin valorar nada do que hai hoxe, senón simplemente de inventa-lo que teriamos de facer no ano 2002 pra que Galicia fora Galicia. Teriamos que prescindir moito máis do presente, anque sexa un presente apremiante, e oprimente, porque creo que a pesares de todo podemos figurárno-lo ano 2002, a non ser que todos esteamos convencidos a partires das conversas de hoxe de que a fin do mundo vai ter lugar antes dese ano; neste caso sería certamente inútil que falemos, que figurémo-lo ano 2002.

Seoane

O que decía Cunqueiro é o que quería decir eu, é decir, que coa educación que se pode facer, vaise axudando ó pobo galego a sair do complexo negativo que ten, váiselle dando a posibilidade imaxinativa a el. Non se universalizan tanto as cousas. Portugueses e galegos tivemos o mesmo tipo de educación e cultura; non obstante, miras pró campo portugués e ves que está feito de maneira distinta ó campo galego. É decir, o portugués ten sobre nós en xeral un meirande senso do adorno, da decoración; cando araba o campo un portugués, ainda empregando o mesmo arado

que o galego, o arado iba facendo na terra un «bordamento» que non facía o galego. Son moi importantes esas diferencias que crea Galicia con respecto ó resto de Europa, de Portugal, de España, son diferentes as cousas, que nós temos. Todo iso hai que pensalo pró coñecemento dos galegos.

Barros Pardo

Quero decir agora que colléste-la observación como unha crítica á cultura galega.

O que quería recalcar é que hai factores reais, concretos que cómpre ter en conta, entre eses que o campesiño, que agora se vai incorporar á fábrica do ferro, está sumido nunha mentalidade nova, totalmente distinta. Eu non quero decir con isto que non ten vixencia a imaxinación; o galego é un pobo simbólico, con mitos e todas estas cousas, pro precisamente porque vexo un perigo en todas esta formas concretas, reais, é polo que considero que se debe ter en conta a observación deste feito. Falando desa «cidade-xardín», que é unha idea tipicamente inglesa, esta idea acaba de dar un volquetazo enorme. O que se está a tratar hoxe no mundo anglosaxón é de reface-lo centro das cidades que se están convertindo en «slams», casas deshabitadas, dominadas polas ratas, pola miseria; o suburbio meteuse no medio da cidade. Salva-lo centro das cidades e xebrar totalmente as cidades do campo, establecer unha comunión cultural, pro non unha comunión arquitectónica entre a cidade e o campo. Isto sería unha das cousas que se podería discutir aquí, porque hoxe é a gran novedade morfolóxica, que está plantexada e que se está a discutir.

Ó remata-la sesión de hoxe, quero sinala-la comenencia de traer por escrito cada un un resumo do seu modo de ver Galicia no ano 2002 prá próxima xuntanza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

III
16 abril 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VISIÓN DE GALICIA NO ANO 2002

Asistentes:

— Alvarez Blázquez

— Barros Pardo

— Casares

— Cunqueiro

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Fernández de la Vega

— Franco Grande

— García-Sabell

— González Suárez-Llanos

— Piñeiro

— Seoane

Álvarez Blázquez

Eu teño que facer unha salvedade de principio. Todos saben que non son economista, nin son sociólogo, nin son un triste político; o que eu escribín, son cousas que se me foron ocurrindo sobre a marcha, algunhas xa apuntadas en ocasións anteriores e agora cun pouco máis de orde. Polo tanto, non preciso disculparme. Pensei no postulado inicial, na fantasía creadora e a ela me ateño.

1. Galicia ten os seus órganos democráticos de plena autoxestión, dentro do concerto peninsular. O Portugal do norte está federado con Galicia.
2. O país réxese por un sistema orixinal de socialismo cooperativista, en base á pequena industria, á economía rural e á pesca á parte.
3. O cine, a televisión, a radio, a prensa e tódolos medios de comunicación exprésanse en galego e pra Galicia.
4. Dependente dunha Secretaría da Cultura funciona a Misión Arqueolóxica, con comités locáis en tódalas cidades, vilas e aldeas, integrados por mozos estudiantes, obreiros e labregos. A súa tarefa principal é a de excavar e estudia-los castros e lugares de interés arqueolóxico, especialmente durante as vacacións de vran, baixo a dirección de equipos

especializados. Existen Museos locáis, no edificio adicado a Biblioteca, Auditorio e Sala de Exposicións.

5. Os escritores, tanto creadores como investigadores, reciben subvencións en cuantía proporcionada ós traballos que presentan. As obras que, por algunha razón, non se poden publicar gárdanse na Biblioteca de Galicia.
6. Os pintores e escultores tamén están subvencionados, coa obriga de entregaren parte da súa obra prós Museos locáis.
7. Todo galego que o pide ten dereito a traballa-la súa parcela de terra, de extensión proporcionada ós días libres que ten ó ano. Pra esta fin cóntase con terras non lonxe das grandes cidades e vilas. Os beneficios que se obteñen reverten en obras de axuda ó campo.
8. A circulación automóvil nas cidades faise mediante cintas transportadoras que non ocasionan ruido. Estas cintas levan asentos e toldos prá chuvia e o sol. Detéñense arrente das aceras en paradas fixas e difunden programas de música suave e informacións de interés xeral.
9. As carreteras están autoiluminadas de maneira que non se fai preciso o uso de faros pola noite. Dispoñen tamén de ventiladores pra esparexa-la néboa.
10. Os lugares de expansión pública atópanse illados acústicamente, de modo que a música e demais ruídos son escoitados somentes polos que voluntariamente penetran na súa área.
11. No monte, na praia, nos parques e xardíns hai lugares acoutados pra escoitar música, igualmente

Tomàs Barros

en circos pechados. Tamén hai nas cidades e vilas pequenas ágoras, acusticamente illadas, pra recitais de poesía, discursos e conferencias.

12. A natalidade e a inmigración están controladas.
13. O direito á vivenda familiar está absolutamente garantizado e ten carácter prioritario. Toda parella conta coa súa vivenda no momento de casaren.
14. O ensino é gratuito en tódolos seus grados e obrigatorio até a formación de 2º grado.
15. O ensino universitario está descentralizado. Cada cidade universitaria ten un cupo máximo de estudiantes.
16. O labrego ten garantizada a comercialización e cobertura contra todo risco das súas colleitas. Un dos renglóns de maior rendabilidade é o cultivo e explotación de flores, que saen en avións decote pra todo o mundo.
17. O mesmo acontece coa produción das grandes e pequenas industrias, nas que destacan as artesanais.
18. Está proscrito o uso de plástico en todo tipo de envases e demais útiles onde non sexa de todo imprescindíbel. Pola contra, estimúlase a fabricación de envases e obxectos de vidro, cerámica e madeira.
19. A Natureza áchase limpa. A chamada *Lei da Terra Virxe* impón graves penas ós contaminadodores. As sancións consisten en traballar na limpeza da propia Natureza.
20. A asistencia a espectáculos culturáis —cine, teatro, concertos, etc.— é gratuita. Hai locáis especialmente destinados a estes fins nas cabeceiras de bisbarra.

21. Ningunha poboación rebasa os 300.000 habitantes. Chegado este tope, créanse poboacións satélites, arredadas polo menos 10 Kms. da principal.

22. Non hai armas de fogo. A 4 Pes (Policía Popular de Protección Pública) utiliza o «lanza-sono», que deixa durmidos supetamente ós que reciben o seu impacto, que é de cor azul e cheira a malvavisco.

23. O «amorímetro» mide os «amorios» dos noivos denantes de contraer matrimonio. Hai unha medida mínima, sen acada-la cal non se autoriza a unión legal. Pra logra-la separación, en caso de conflitos matrimoniáis, é preciso que o nivel de amorios baixe da cota mínima, polo menos nun dos interesados. En todo caso, os casados en conflito sométense a curas amorosas en sanatorios de rehabilitación.

24. No ceo proxéctase de día e noite un reloxio-calendario, sobre cada bisbarra. Na mesma pantalla aérea dáse cada catro horas a predición do tempo e outros avisos de interés xeral.

25. Nos ríos e nas rías hai parques de cría de cada caste de peixes e mariscos, abondo prás necesidades do país. Estes parques funcionan xa desde antes de se esgotaren as reservas pesqueiras do mundo. Os países que non teñen rías e que nos botaron das súas augas veñen agora merca-lo peixe e o marisco a Galicia.

26. O consumo de bebidas alcohólicas está regramentado. Non existe en Galicia un só caso de alcoholismo.

27. Non hai tratamentos de respeto nin xerarquía. Cada un chámase sinxelamente polo seu nome, sen piringallos diante nin atrás.

28. Os nenos e os vellos teñen a meirande consideración da sociedade. Todo home normal traballa dende os 20 ós 60 anos. Até os 20 aprende; despois dos 60, descansa.

29. O ano divídese en 12 meses de 30 días. Os cinco días sobrantes son de vacación xeral, non habendo no ano outros días de folga que os sábados e domingos. Nun deses días de descanso, que son seguidos e no promedio do vran, celébrase a Festa de Galicia.

30. A citada grande festa cívica nacional ten lugar no Dolmen do Pico Sagro, onde repousan os restos de Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo e outros patricios. A ela concurren, especialmente invitados, persoeiros das demáis terras da península. Cada ano, por turnos, fai a ofrenda floral e a loubanza de Galicia un destes representantes. O chamado *Lume Vello,* porque se acendeu ó fina-lo século XX arde perennemente no Dolmen do Pico Sagro.

Cunqueiro

(dun traballo aparecido no vran do ano 2010)

Dende que fora establecido un goberno galego, coidouse moi especialmente por este dunha descentralización que fose reducindo no posíbel o poder do Estado e a súa presión sobre a sociedade galega. Foron protexidos os intentos de dar a cidades, vilas, bisbarras, e parroquias novos xeitos de rexerse, deixando instalarse aqueles que eran apoiados pola

maioría, e que en todo caso cubrían as necesidades da poboación afectada. Ademais disto, como foran establecidas comisións de enquisa sobre temas moi concretos, —a restauración do antigo bosque, limpeza e aproveitamento dos ríos, cultivo do millo, programa da chamada circulación lenta, estruturas do vagar, etc.—, estas comisións foron levadas a ser órganos de goberno no campo da súa enquisa, cedéndolles facultades o poder, dentro dos lindes sinalados pola lei antiburocracia, lei que contaba con dous apéndices, o chamado antiarbitrismo, —que condenaba certas formas de especialismo—, e o chamado «do sosego», que impedía ante todo cambios súpetos.

Dende o primeiro día, o poder galego decatouse de que había que borrar dos espíritos a noción mesma de revolución, e que nun país agrario e gandeiro, —tal e como foi decidido polo pobo que o fose Galicia—, sería absurdo que ó ritmo chamado do trigo ou da vaca (e no preámbulo da lei que o establecía «ritmo virxiliano»), correspondéranse apetitos desordenados de cambios, os máis producidos polas modas que chegaban do exterior. Había libertade total de información, e cando por medio desta se producía o que na lexislación sempre se chamou «moda» e parte da poboación desexaba vela incorporar ó vivir de cotío, o poder galego producía unha situación piloto, que ía ser vivida por unha parte dos que a desexaban como norma. Destes ensaios, quedaron algunhas amosas, as chamadas «sectas», relacionadas as máis co novo pensamento liberal, e mesmo anarquista, xurdido da descomposición dos estados marxistas-leninistas de Europa, especialmente o italiano. Estas «sectas» tiveron unha grande importancia no mantemento do espírito de libertade humana, e educaron con el ó pobo.

As tarefas dunha nova distribución da poboación no territorio, consumiron grande parte dos esforzos do poder galego. De feito, mantíñanse as grandes vilas nun tamaño moderado, o que foi un remedio axeitado pra impedirlles morrer, —cousa que estaba sucedendo polo mundo adiante—, e pra evita-la volta das poboacións até agora sedentarias ó nomadismo imposto pola distancia á que a xente quería vivir do presionamento das vilas e tamén dos lugares de traballo, e tamén da lonxanía das residencias de lecer. Algúns criticaron que o que se facía era inventar de novo a parroquia.

A educación era máis de espírito que de letra, tanto que a Secretaría de Estado encarregada dela chamábase Secretaría de Sabiduría e Vida, pois pensouse que o ensino era a parte máis esencial da calidade de vida. O ensino, basado nun «quadrivium»: *gramática e retórica, aritmética e xeometría, natureza das cousas, e memoria do home*, comprendía especialmente o entorno do home galego tanto físico —as arbres, as aves, os peixes, os camiños, as paisaxes, etc.—, coma espiritual, incluídas neste tanto o cantigueiro coma as romarías, os encantos, os lugares e os obxectos máxicos, como a praia da Lanzada ou a pedra de abalar de Muxía. Os traballos realizados polos mestres que debían establece-los programas de ensino, conduciron a sospeitar, e aínda máis a crer, na existencia en Galicia dunha poboación espiritual invisíbel, mais manifestábel, coa que había que contar. Esta crenza chegou a trocarse nun partido político conservador, que en certos intres se opuxo ás sectas. Este partido foi coñecido como «o bando dos segredos». Tras varias campañas, chegou a conseguir que tiveran status legal tres membros do mesmo, xeralmente poetas, que trataban de manter comunicación

entre eles e o invisíbel, e establece-la lista dos miragres que se producían cada ano en Galicia. Veuse inmediatamente que eran moitos, e descontra o que matinaban as «sectas», esta presencia do miragre mantivo no pobo o espírito de libertade.

A economía estaba basada nas estadísticas e nos agoiros, que correxían a estas, e moitas veces os agoiros serviron moito máis que as estadísticas. As industrias, bardantes das derivadas da agricultura, da gandería e da pesca, só eran permitidas en virtude do comercio interior. Por outra banda, grandes industrias en Galicia non eran posíbeis, xa que a carencia de materias primas impedían que o noso país pertencese ó Trust Internacional de Produción Industrial, que controlaba toda a produción mundial de máquinas, que pouco a pouco, e gracias ós movementos chamados de «lavadores da cara do mundo», ía concentrando na Asia Central e na África negra a meirande parte das súas fábricas.

Cando se escriben estas liñas, a meirande preocupación do poder galego era averigua-la cantidade de dita, de felicidade, de confort, que é preciso inxerir na vida cotiá do galego. Experiméntase que o uso a cotío, e a todo nivel, do seu idioma polo galego, contribúe dun xeito considerábel á aparición no seu ánimo dun estado de satisfacción. Os galegos foron o primeiro pobo do mundo que firmou o acordo, ofrecido pola grande internacional económica e industrial, polo que as nacións recoñecen que acabou o seu papel histórico, é decir, que nesta época do mundo non era posíbel que unha nación fixese historia tal e como se fixo nos séculos devanceiros. Así Galicia esquencía os lindes da Gallaecia romana e altomedieval, renunciando ás terras bragantinas e

de entre Miño e Douro. Mais, por recomendación da Organización Mundial da Saúde, tódolos pobos foron obrigados a ter unha imaxinación insatisfeita do futuro. O poder galego buscou esta imaxinación en diversos aspectos, algúns estimados imposíbeis de acadar, como establecemento polos descendentes de galegos de cidades libres galegas en América, a procura e colonización das illas Floridas no Atlántico, a vivificación do movemento celtófilo coa subseguinte nova conquista de Irlanda, a obrigatoriedade da peregrinaxe a Santiago de tódolos credores que haxa no mundo nas cousas invisíbeis, etc. Esta última intención leva hoxe por todo o mundo misioneiros galegos mozos do mesmo xeito que aló polo ano 1977 nas grandes vilas galegas víanse ós misioneiros mormóns.

Finalmente, atento o poder ó aumento da capacidade de pensamento e de expresión do pobo, fíxose unha grande e eficaz política de melloramento dos nosos viños. Aínda que se correse o risco de aumentar en exceso a capacidade de ensoñación e fantasía do pobo. Quizais sexa debido a este cambio de viño, o que o galego aceptase, a partir do ano 2002 a política chamada de novas estruturas, e que popularmente é coñecida por «os novos na nova terra», ou «novos na nova», os tres *NNN*.

Díaz Pardo

O Profesor Díaz e Díaz estivo facendo grandes esforzos pra que os que compoñemos este Seminario imaxinasemos directamente algo pra Galicia do ano 2002, pro a realidade, que nos condiciona e nos obsesiona por negativa, é tan forte que, aínda que se deron voltas e revoltas por distintos eidos, non houbo xeito

de zafarse dela, e rematou impóndose en cada xuntanza. Así, fóronse buscando mecanismos pra estudiar solucións máis ca solucións en si, pois todos viñemos a estar de acordo en que algo había que facer pra transformala. Preocupóuno-lo problema do idioma, a organización do territorio, a necesidade dunha institución capaz de canaliza-las iniciativas cara ás solucións dos problemas, ó través dun estudio metódico, mesmo non fallou imaxinar un medidor de amorios que correxise tantos conflitos que veñen por ahí, e que boa falla faría. O profesor Díaz e Díaz expuso a importancia que vai ter nesas solucións o Instituto Universitario de Estudios e Desenrolo de Galicia, como unha realidade en marcha, ante a proposta que eu mesmo fixen de recupera-lo Seminario de Estudios Galegos, como un coordinador e orientador das distintas disciplinas.

Aínda sen falar del, estivo connosco a sombra do problema principal do tempo que nos tocou vivir, polarizado polos dous sistemas macroeconómicos que se disputan, caladamente ás veces e non tan caladamente outras, a nosa realidade. Penso que cara a ese problema xiraría a imaxinación se non fose que aínda nos atopamos encorsetados por unha serie de tensións alleas ó interés común. Rematamos de saír dun período histórico difícil. Os que estamos aquí estamos unidos pola causa de Galicia e do home que vive nela, pola tarefa de restaura-la persoalidade histórica de Galicia. Isto é importante, penso, porque ademais é unha causa que conseguiu superar moitos desentendementos. Mais non deberiamos esquecer que nese período histórico difícil, do que estamos a saír, entramos ademais de por outros intereses alleos, porque en estrutura nos dividiron as relacións sociais da propiedade dos medios de produción. E resulta

que o problema destas relacións segue en pé e o mundo atópase perigosamente dividido en dous bloques antagónicos: un que defende o control económico en mans da iniciativa privada, que é en consecuencia monopolizada por unha minoría, deixando o control político en mans de todos, o outro bloque pretende manter rixidamente o control económico e político nas mans dun poder común.

Ben, eu pregúntome: ¿En que se podería empregar máis axeitadamente a imaxinación, se non buscar unha fórmula que conciliara os dous sistemas e que evitara a terrible perigosidade de que os sistemas antagónicos de hoxe nos leven a un ano 2002 arrepiante?

Penso se non sería ben adicar unha próxima sesión a imaxinarmos un sistema de conciliación das dúas polarizacións que compiten no mundo; seguro que se andiveramos un pouquiño por este camiño, se se adiviñase por aquí un pouco de luz, a humanidade agradeceríao ben; pro sempre en todo caso quedaría a constancia de que un Seminario que se preocupa polo futuro non estivo de costas ó máis importante dos problemas que angurian ós homes.

Barros Pardo

Ó meu entender penso que se plantexaron aquí diversas cuestións que, aínda que implicadas entre si, requerirían un tratamento por separado.

Plantexouse un *tema antropolóxico,* o da definición da mentalidade do home galego. E o da *relación do home e o seu medio* que esixe a análise das *estruturas sociais* (e a súa perfectibilidade) dunha parte, e

da outra, o do crecemento da industria e das poboacións.

Tentarei de limitarme ó exame do tema antropolóxico considerando que pra entender cal poida se-la mentalidade galega do home futuro cómpre coñecer, ó mesmo tempo cá súa mentalidade actual, a posíbel mentalidade do home futuro en xeral.

Acerca da súa mentalidade actual verquéronse aquí algúns conceptos sobre os que creo que deberamos seguir insistindo. Aínda que insisto en que o meu propósito fundamental é o de considera-la incidencia que o progreso da técnica terá en toda a mentalidade futura.

Eis en principio dalgúns dos conceptos que sobre o tema antropolóxico se espuxeron os que ó meu entender deberían ser reconsiderados.

Non está claro en qué consiste esa *«articulación do home e da terra»* como definición do ser de Galicia. Os costumes derivados do traballo e do habitat do campesiño non servirían pra explicala, xa que son similares ós doutras rexións do norte e por outra parte, non todos somos campesiños. Polo tanto, García-Sabell debe aludir aquí a un certo influxo «telúrico» (sexa ou non panteísta) inherente á nosa mentalidade, o cal podería ser advertido na «morriña» e mesmo na identificación evidente dos nosos poetas coa naturaleza, sendo o máximo expoñente quizais desta realidade vivencial a expresada enigmaticamente na «negra sombra» de Rosalía.

Respecto da *«transindividualidade»* (que incita a inquirir nunha especie de alma ou conciencia colectiva e o seu trasmundo), creo que o mito da «Santa Compaña» como proxección do subconsciente sería digno de toda unha análise psicolóxica. Ninguén pode «con-

templar» a Santa Compaña sen ser arrastrado ó grupo, onde se advirte ese rexeitamento da individualidade ou mellor a súa «outredade».

Respecto a que o humor e a ironía galega sexan «*mecanismos de defensa*», paréceme tamén unha idea acertada, aínda que habería que especificar: defensa de «que» ou de «quen». Se ben a resposta é clara no caso da ironía de Castelao, de feito, este sentido do *humor e da ironía* está ligado ó sentido da *frustración*» (rexistrado por Celestino Fernández de la Vega). *Frustración histórica* tanto no plano autocrático como na vocación europeísta e universalista. (Os dereitos e libertades fundamentais derivados do progreso da cultura europea non atinxen a Galicia, marxinada aínda máis que outras rexións como Cataluña). E dahí, esa *ahistoricidade* xa rexistrada da nosa mentalidade, aínda que puidera ser que proviñese dun vago sentido de intemporalidade subxacente á nosa peculiar forma de percepción da realidade, relacionado con aquela vivencia seudopanteísta.

Cunqueiro dixo tamén espontánea e esporadicamente que o home galego é *escéptico, racional* e *credor*. Expresión conceptista e paradóxica que me resulta moi interesante. Credor, porque a súa capacidade de crencia no trasmundo é incuestionábel, escéptico porque quizais esa crenza non atopou aínda a forma xestáltica en que se insertar (vese non obstante como prendeu en Galicia o priscilianismo), racionalista, na medida en que a razón contribúe a resolver estas e outras contradicións en que se acha inmerso.

Creo que partindo da análise deste tipo de definicións poderiamos achegarnos a unha comprensión máis certeira da verdadeira mentalidade galaica, ó

menos parece que é por aquí por onde se encamiñan as discusións.

Con todo, ó meu ver, hai que encontrar, hai que admitir, outras constantes que son operantes máis alá das fronteiras rexionais a pesar do noso ancestral illamento. Porque é innegable que existen *correntes ideolóxicas universais* que logo inflúen nas culturas particulares: o romanticismo, o positivismo, o idealismo, o existencialismo, etc. no campo das ideas, por exemplo; o modernismo, o surrealismo, o creacionismo, na nosa literatura... E o propio no plano das artes e da arquitectura, xa que o románico é tan galego coma europeo, a arquitectura funcional nacida á calor da Bauhaus hoxe en día é internacional. As formas de cultura tenden cada vez máis a universalizarse, pro pénsese que este epíteto de internacional, se lle concede a certo estilo pictórico cando aínda o renacemento non chegou a desenvolverse.

Unha das causas máis poderosas historicamente prá universalización da cultura no noso tempo é evidentemente o influxo da ciencia e da técnica. Se este influxo se deixou sentir en todo o tempo (recórdese que Leibniz atopa o seu concepto da «unidade» indivisíbel da mónada en oposición ó cartesianismo por influxo dos recentes descubrimentos de microorganismos), será preciso imaxina-lo que exercerá a ciencia na cultura do futuro.

Pensemos que, por primeira vez, a técnica aspira a constituirse nunha ciencia absoluta. En efecto, baixo a nova denominación de *cibernética*, asume cada vez con maior perfección *modelos* (de máquinas) que reproducen os procesos propios dos comportamentos subxectivos. Aspira a suplantar e integrar a tódalas disciplinas, mesmo a psicoloxía e á metafísica, xa

que non conforme con ter «resolto» o problema da «memoria», pretende nada menos que resumir ós seus esquemas o profundo enigma do que sexa a conciencia.

E o certo é que o ser humano, dentro desta transmisión informativa está a entrar na ciencia fición, relegando á máquina o papel pensante tal e como foi predito por Wells na «máquina do tempo». E hai que sospeitar realmente que nesta trasmisión, mentres a máquina se «subxectiviza», o home en certa forma «robotízase», inhíbise nas súas funcións.

Por primeira vez, tamén curiosamente, aparece unha filosofía que pretende desbota-lo suxeito pra conquerir un maior grado de obxectividade na investigación. Estou aludindo ó estruturalismo. O propio Mukel Dufrenne acusa a Althusser de deixar de lado *ó home* como antes se deixou de lado *a Deus*, debido ó seu intento de «construir feitos científicos independentes do observador»; acusación á que Levy Strauss contesta con estas palabras: «Cremos que o fin último das ciencias humanas non é construir ó home senón «disolvelo». E de feito, a etnoloxía que elabora di «non atopa-lo home como suxeto da libertade e existencia».

Non obstante, tanto a Cibernética como o Estruturalismo, aparecen dentro dun ineludíbel proceso de integración da ciencia, proceso que estudia moi ben Piaget, dado que o concepto de *estrutura* é o que, por exemplo, permitiu integrar tódalas xeometrías na Proxectiva, o que recentemente integrou igualmente a Matemática, a Lóxica e a Lingüística, dentro dun mesmo campo de investigación.

É pois a converxencia de coñecementos o que creou ou deu orixe á Filosofía Cibernética (que é unha

hipertécnica) e á Filosofía do Estruturalismo que xorde tamén como consecuencia dunha Filosofía da Ciencia, de toda Ciencia.

Nun caso e outro, o suxeito é suplantado en virtude da primacía que se lle concede á obxectividade instrumentalista.

Non menos asombroso é o feito de que, por primeira vez, se intente unha ontoloxía metafísica que parte da investigación do *ser do útil* pra dilucida-lo *ser do home*. O resultado da investigación heideggeriana, como é sabido, é que o ser do home é un «ser ahí», proxectado no «mundo» entendido este como categoría existencial na medida en que o *ser-en-si* das cousas é trasmutábel no *ser-para* do útil. E se o ser do útil explica o ser do home e a súa «mundaneidade», tamén o é na medida en que por medio del, o home «preocúpase», evádese dunha realidade interna ameazante, como esa nada latente que é a «temporalidade», o limitado horizonte que cobra o seu sentido cando desce o telón final da morte.

En canto ó concepto de couseidade sartriano, atribuíbel só ó *ser-en-si*, tamén alcanza por primeira vez ó núcleo da conciencia existencial, do *ser-pra-si*, e a *obxectivación* é a clave igualmente fundamental desta dialéctica existencial.

Poderíase pensar que esta «vacuidade» da existencia aparece só no campo da especulación pura, da racionalidade librada a si mesma.

Así e todo, Hugo Friedrich, no seu «Estructura de la lírica moderna», advirte igualmente un proceso crecente de neantización nos contidos da poesía. Así, rexistra esta expresión de Mallarmé: «Despois de ter encontrado a nada, encontrei a beleza». E esta outra de Elliot: «Linguaxe sen palabras, e palabra sen lin-

guaxe». Por outra parte, non resulta difícil o parangón coas correntes plásticas abstractas.

En canto á repercusión da técnica nos nosos hábitos e costumes non é preciso remontarse á ciencia fición dun Farenheit 451, onde se advirte en clara hipérbole o papel que xa está desempeñando a televisión e o único modo de salva-la cultura por medio do «home-libro» que por certo recorda o sistema de transmisión dos Vedas.

Abondaría con analizar no noso caso real a transmutación que sofre a mentalidade campesiña por causa dos medios mecánicos de laboura, etc. (e pénsese que en España soupemos, con motivo da recente folga, que había máis de 400.000 tractores). En tal caso, resultaría indudábel que esa «articulación do home coa terra» dada ó través de outros hábitos xestuais sería distinta.

Puxémo-lo acento no lado negativo da nosa civilización tecnolóxica, aínda que cremos ter aludido, ó menos, á súa xustificación como resultado do progreso das ciencias.

Pra facer patente o lado positivo abondaría con considerar que moitas utopías humanas partiron das posibilidades de desenvolvemento da técnica, e a máis increíbel a recente, a de colocar un home na lúa.

Ademáis xa dixemos que o progreso técnico e científico son interdependentes e fundamentan o progreso no coñecemento do macrocosmos e do microcosmos, que agora se nos ofrece con perspectivas insospeitadas. Non só temos unha idea máis patente do noso lugar no cosmos —un punto na Galaxia—, senón que a estrutura orgánica e inorgánica ofrécenos agora os seus segredos máis profundos antes insospeitados.

Toda esa acumulación de datos sobre a realidade fenoménica a tódolos niveis está a repercutir decisivamente nos nosos hábitos e na nosa forma de pensamento, mesmo nas premisas categoriais de todo pensamento especulativo, xa que evidentemente tampouco podería sospeitarse que toda unha nova concepción do espacio e do tempo sería *implantada* de feito ó través, non dunha metafísica, senón dunha física relativista.

Daquí, e a isto era ó que viñamos dar tras este longo rodeo, a necesidade de se plantexar cómo esta incidencia da tecnoloxía e da ciencia na cultura vai ser incorporada, vivenciada, nunha nova mentalidade, unha nova civilización que debe partir necesariamente desas conquistas ou posicións tanto negativas como positivas.

Indudabelmente que diso se irá encarregando, de feito, a praxe tecnolóxica, que nos imprime un ritmo vital diferente. Pro advírtase a aparición de todo un novo xénero literario a grande escala como é o da ciencia fición —recórdese o período significativo dos libros de cabalaría como parangón posíbel— non é un fenómeno inocuo. Non é o que un Méndez Ferrín o abordase dalgún xeito tamén xa dentro da nosa cultura.

E aquí a pregunta: ¿Que vai ocurrir co que até o presente entendiamos por *humanismo*?

Se esta posición da imaxinación instrumentalista da técnica é en si mesma un «proxectarse cara ó mundo exterior», resulta indudábel, como di Merlau Ponty, que o que non vai encontra-lo investigador científico que busca a obxectividade é ó propio suxeito investigador («L'oeil et le sprit»). Esta «exteriorización» presupón ou acarrea unha vacuidade interna, sospei-

tada pola análise hideggeriana como vimos. Pro polo mesmo, entrañará o movemento aposto do espírito, a introspección máis rigurosa.

Así nada extraña que estas filosofías existenciais sexan ó propio tempo rigurosas fenomenoloxías da conciencia plenamente consecuentes co Hegel da «Fenomenoloxía do Espírito» e enlazadas directamente con Brentano e Husserl. E é onde tiña que vir parala Filosofía por outra parte.

Tamén a aparición da psicoanálise resulta un indicio significativo.

Pro se o pensamento occidental viña representado fundamentalmente pola Ciencia e a Técnica, resulta que esta outra corrente do pensamento fenomenolóxico se identifica coas correntes do pensamento oriental. Ese «ser, o ser cuio ser lle vai no non ser» que é o ser da conciencia pra Sartre, correspóndese case punto por punto co concepto da «aseidade» budista tan relacionado por outra banda con esa corrente da ciencia que tanto preocupou a Husserl.

O peixe morde o seu rabo.

Toda esa «exteriorización» do pensamento dado ó través da ciencia e a técnica, deixa tras de si unha «vacuidade» que esixe ser colmada por disciplinas introspectivas segundo vimos de ver. Así, nada ten de particular o interés que pola filosofía hindú demostraron desde certo tempo a esta parte pensadores da calidade de Schweitzer ou Jung.

De feito, o que está promovendo a universalización da técnica é o encontro de dúas formas de cultura, a occidental e a oriental. Nunha confrontación que pode ser máis ou menos violenta, pro irreversíbel.

A internacionalización da tecnoloxía coincidirá por tanto coa internacionalización das ideas e as culturas e a caída de tódolos dogmatismos sen base, sexan da índole que sexan.

A primeira fase deste fenómeno é o que demos en chamar crise das ideoloxías.

A consecuencia última desta confrontación das culturas será a súa converxencia no estabelecemento das ideas esenciais. É o que xa están descobrindo os fenomenólogos da relixión, que parece que se puxeron de acordo en definir determinadas áreas principais da unidade entre as altas relixións da terra. Previsión feita por Scheleiermacher cando di: «Canto máis se aprofunda na relixión, máis aparece o mundo relixioso como un todo indivisíbel» e Max Müller: «Hai só unha relixión eterna e universal que se acha sobre, debaixo e máis alá de tódalas relixións, e á cal todas pertencen ou poden pertencer».

Pro esta resolución futuríbel non procede dunha mera esixencia de mero entendimento entre as ideoloxias. Ó meu entender está encravada nesa dialéctica entre o coñecemento dialéctico da vía extrovertida e a introspectiva. Non é que o resultado último deste proceso vaia da-lo producto híbrido do iogui-cibernetista, pro eses polos indicativos actuarán cada vez con máis forza sobre o home do noso tempo a consecuencia das ideas que vin expondo.

Cando isto ocurra, a mentalidade galaica encontrará probabelmente unha canle axeitada prá súa capacidade *credora,* o seu *escepticismo* e a súa *racionalidade,* tres adxectivacións substantivas ás que non terá que renunciar seguramente pra integrarse na civilización futura. Porque a antítese crenza-escepticismo

virá resolta paradoxicamente polo progreso da racionalidade.

Seoane

Cumpliuse un cuarto de século desde que se iniciou a transformación de Galicia, conquerindo, a maioría da súa poboación, composta por labregos e mariñeiros, esa libertade creadora só existente entón prás artes e que constituira a grandeza destas. Entre os labregos a técnica elemental herdada dos antergos e aplicada nos traballos da terra e do mar, revolucionada ó través fundamentalmente do século XX, foi adiantada con novas invencións, sustituindo a man e o esforzo do home. Nese século moitas desas invencións foron unha superación da forza e da man humana. Mais, a verdadeira invención, foi a da enerxía que as trocaba. O arado mecánico seguía sendo somentes un adianto do herdado da prehistoria e unha excavadora, tan útil entón e aínda hoxe, é unha grande man de ferro que sustituía á mán, á sacha e ó legón do home. Os grandes descubrimentos enerxéticos e mecánicos axudaron a cambia-la produción do mar e da terra de Galicia. Axudou a isto a creación dunhas seccións da Xunta Nacional Galega, adicadas, non só a rienta-la producción, senón a investigación e invención, divulgando o que se facía no mundo nestas custións e os logros conqueridos na mesma Galicia. Dúas publicacións, «A Terra» e «O Mar», divulgan entre pescadores e labregos estes novos adiantos obtidos noutras terras. O goberno galego oriéntaos nunha política de produción, como non se fixera antes, tendo en conta agora fundamentalmente as características do home galego e da natureza en cada comarca.

Por outra banda, arredor do ano oitenta os sociólogos, antropólogos e psicólogos que estudiaban costumes, vida e mentalidade dos cidadáns galegos, foran a América a analiza-la súa continuidade en medios distintos, e o segredo da fundación das grandes institucións feitas polos emigrantes, que se tiveran en Galicia por anárquicos, incapaces de disciplina e de iniciativas pola clase media e a burocracia. En Cuba, Uruguay e na Arxentina, crearon grandes institucións, e xentes analfabetas ou semianalfabetas, en parte, atrevéronse a loitar pra trocar, desde estes lugares lonxanos, a situación cultural e económica de Galicia. Os centros galegos da Habana e Buenos Aires, este con máis de cen mil socios, foron institucións que chegaron, en determinados aspectos, a ser exemplo nesas cidades, e, con elas, outros moitos centos de sociedades. Atoparon os sociólogos que aquilo que dixo Unamuno, «Galicia ten a alma liberal» é unha verdade á que se lle pode engadir que tamén a ten comunitaria. Na América, lonxe do mal exemplo das cidades e vilas da súa terra, dos burócratas e os políticos logreiros, os galegos mantiveron unha democracia elemental, con grupos afiliados a ideoloxías diferentes que discutían en asambleas que os representaban a todos. Os representantes, nelas, debatian os proxectos que presentaban agrupacións con nomes saudosos, como Galicia, Celta, A Terra, Breogán, Unión Galega, etc., e eses homes que non lle debían nada á terra onde naceran, e dos que se rían, en apropósitos e obras de teatro os que quedaban nela, discutían no castelán aprendido na Arxentina, en Cuba, ou en calquera outra parte de América, en castrapo a maioría das veces, sobre a colocación dunha escola nun aiuntamento galego, da fundación dunha editorial, da aper-

tura dun camiño necesario nunha comarca, da creación dunha biblioteca, do apoio ós familiares necesitados dun escritor ou artista morto en Galicia, ou encol de algunha iniciativa xurdida entre eles ou na mesma Galicia, creación de sindicatos agrarios, sociedades culturais, comarcais, etc. Soñaron sempre con axudar a facer en primeiro termo a edición dunha historia e xeografía da súa terra, que eles descoñecían e supuñan descoñecida pola poboación galega: así na Habana, Montevideo e Buenos Aires editaron todo aquelo que non se editaba dende pasados os anos 40 e aínda antes, na propia terra. Mais non se detiñan no seu soño de transformar Galicia, senón que, ademais, viñan influindo na economía desas cidades das que eran veciños, con invencións e iniciativas propias, creando, pro exemplo, o que en Buenos Aires se chamou o «colectivo», o primeiro microómnibus que houbo no mundo, ou creando sociedades industriais e comerciais colectivas, nas que todos eran donos e traballadores a un tempo, como ocurriu coa case totalidade da industria gastronómica, por exemplo, de Buenos Aires e das grandes cidades arxentinas, ou sendo directivos, en maior proporción que calquera outra colectividade extranxeira, de cooperadoras escolares, sanitarias, etc. Todo esto foi estudiado entón por sociólogos e psicólogos galegos, atopando que as cidades e vilas galegas foron aínda peores có centralismo do Estado prós labregos e os pescadores, polo desprecio que lles tiñan, aínda sendo os máis importantes produtores de Galicia e de quen vivían os vilegos.

Fixéronse, dende o 80, novas leis pra chegar a unha maior convivencia entre cidadáns, vilegos, labregos e mariñeiros. Aproveitouse en toda Galicia o que aínda quedaba de colectivismo medieval, nos muíños, nos

traballos da terra, no reparto igualitario da pesca entre os pescadores, das augas pró rego, os montes comunais, etc. Nas vilas erguéronse institucións dedicadas á cultura, ó deporte, ós espectáculos. E fomentáronse os novos xogos que sustituían, máis universais, ós que se perderon de entre os costumes herdados. En cada vila montouse un pequeno museo adicado á historia da comarca. As comunicacións que fan os grupos parroquiais e o aiuntamento axudan a esta laboura.

Púxose especial coidado en que os médicos rurais, preparados especialmente, estabelecesen cursiños adicados á alimentación e sanidade en xeral, divulgando, por exemplo, o valor vitamínico das comidas, espandindo entre os labregos o que representan pró corpo humano as calorías, as proteínas, os hidratos de carbono, etc. E xentes especializadas en custións alimenticias, con coñecementos botánicos, ouréntanos sobre os vexetais comestibeis, importantes, tanto prá alimentación como prá economía do país. Este labor facíase dependente do Departamento de Hixiene do aiuntamento, subordinado á Dirección Xeral de Sanidade Galega.

A Tecnoloxía e Inxeniería Social, unha especialidade, a derradeira, que se desenvolveu ós comenzos só en Galicia, adicada ó estudio de pequenos inventos e construcións prácticas, de acordo coa natureza e necesidades do país, foi avanzando, liberando ó home de moitos traballos, facendo que poidan adicarlle máis tempo ás artesanías, e ó cultivo da arte ou dalgún outro aspecto da cultura, facendo ademáis que, nos seus propósitos, se inclúa a totalidade de experiencias, entre elas os estudios de acontecementos anímicos propios, internos e externos, pró maior coñecemento dun mesmo.

Gracias ó labor dos Inxenierios Sociais derrotouse a pobreza e chegoulle a Galicia ese período de lecer, que pode se-lo inicio dunha Edade de Ouro, onde o traballo se sustitúe, en parte, polo cultivo da arte e o xogo, concebido este como fenómeno cultural. Fomentáronse as festas colectivas pra confirma-lo senso de solidaridade dos habitantes de Galicia, manténdose vellas tradicións, coa axuda delas e expulsando ou modificando os «anticorpos» incrustados na colectividade. Alí tamén, como nas asambleas de representantes, xurden certo tipo de líderes, sempre necesarios, matinando que o liderazgo forma parte da estrutura de calquera grupo social.

Adeprenderon a saber que é importante aproveitar «o acordo no desacordo» de que fala Newcomb nun brillante ensaio encol dos actos comunicativos, e que resulta ser, ó noso xuicio, unha constante galega, o mesmo que o aproveitamento da homoxeneidade na ourentación popular cara a certos ouxetivos.

Tívose concencia de dispoñer de tempo contra o tempo, sabendo que o peligro maior por que atrevesou Galicia no pasado, foi o descreimento das súas xentes en ela e a inseguridade deles con respecto a si mesmos. Matinaban prá súa terra e para eles mesmos a existencia dun funesto destino. Era unha patria de pantasmas en busca de un pasado descoñecido, sin porvir, que tiñan perdido contacto co seu mundo real. Vivían no mundo dos antergos, dos pais. Era unha terra de mozos que emigraban e soio voltaban de vellos pra morrer. Vivíase de lembrazas renunciando a proieta-lo futuro. Máis todo cambióu nos derradeiros anos da década do 70, e tívose unha nova visión de Galicia proietándose a de hoxe. Consideróuse que arredor do meio século XX rematábase unha

era no mundo que culminaria no renacimento, xurdido entón dun novo mundo espacial, tridimensional, xunguido á perspectiva. Todo tiña cambiado e proietábase un mundo novo. A mocedade loitaba entón por unha Galicia onde os elementos de progreso reconciliáranse, aínda vistos deica entón como opostos e irreconciliables.

Un Centro dedicado a estudios psicolóxicos estudia as dimensións da interacción social, pra poder controlar, de xeito que non produzan alteracións, ós homes de temperamento autoritario, calquera que sexa a forma que tome o autoritarismo deles, facendo que a autoridade proceda do xeito acordado e non da petadura persoal. Que proceda dunha relación afectuosa e razoadora que axude a afianza-la cohesión do grupo. Estudia estas custións o Laboratorio de Estudio de Interacción Social, dependente do Departamento de Hixiene de Galicia, traballando nel grupos de médicos psiquiatras, que se ocupan tamén de analiza-las condicións psíquicas dos candidatos propostos prós postos representativos máis importantes, de xeito que non se repitan moitos feitos ocurridos no pasado inmediato histórico. Galicia chegou a unha grande estabilidade social no 2002, non somentes polo aproveitamento dos seus recursos naturais e a elevación da súa cultura común, senón por estas medidas preventivas que imos sinalando.

É importante advertir que en tódalas custións tratadas en Galicia dende o último cuarto do século pasado se tivo en conta aquelo que recomendou Benedetto Croce, por sempre a propia concencia moral por cima da técnica, impóndolle a esta un fin e un uso humán, que por si só non ten.

A xente que no século XX se «cousificara» en Galicia como en todo Occidente, seguindo a idolatría da técnica e do racionalismo, recobrou de novo a súa categoría humá. Voltou a adequirir importancia o núcleo familiar, a aldea, o lugar, a parroquia e a comarca, lugares onde se discute o porvir da colectividade e onde se fan propostas que máis tarde se analizan no Instituto Central de Iniciativas Populares. Consúltase ós técnicos somentes o indispensábel, e estes deixanse influenciar novamente pola propia intuición e imaxinación, apoiadas agora pola información, tendo ben en conta que os homes da mar e do campo, en xeral, herdan moito saber e esperencia sobre os fenómenos naturais que proceden dunha sabiduría milenaria. Saben todos agora que os aportes científicos poden ser igualmente positivos que negativos, do que xa se tomara concencia a mediados do século XX, facendo que homes de ciencia e técnicos chegasen a acadar ás veces o descrédito dos burócratas.

Creáronse unha especie de Clubes diseminados por toda Galicia, onde se axuntan os máis importantes creadores de iniciativas que aínda non tendo unha visión rematada da acción proposta, participan nos grupos adicados a executalas, debendo loitar contra as falsas interpretacións dos executantes que, por veces, modifícanas non entendendo a finalidade, o verdadeiro destino da iniciativa proposta. O control destes clubes corresponde, como é natural, ó Instituto Central de Iniciativas Populares.

Resumindo: Galicia é hoxe unha inmensa granxa. A produción máis importante consiste en gando, aves, froita, cereais, flores, etc., exportando grande parte do que se produce, como tamén os seus derivados

industriais. Non hai máis fábricas cás que se orixinan nos productos naturais. A costa convertiuse nunha inmensa cetárea orientada democraticamente polos Pósitos de Pescadores, de acordo co Departamento de Produción de Galicia. Aténdese primeiro a eleva-la calidade cultural e física do home galego e, despois desto, á produción, e non ó revés como se veu facendo no pasado. As vilas e cidades ocuparán o seu lugar de administradores racionais da produción agrícola e marítima, mais son, ó mesmo tempo, centros culturais e de esparcemento na vida popular galega, aspectos que coidan tamén as parroquias. As profesións liberais estarán ó servicio da comunidade, como o está a Xunta Central de Galicia, informando regularmente ás xentes dos adiantos no mundo naquelas custións que afecten á súa poboación. Galicia logrou pórse á par, no ano 2002, dos pequenos países de Europa Occidental, polo esforzo común e polas cualidades de intelixencia e tesón no traballo dos seus habitantes. A propiedade da terra é común. Estabelecéronse novas formas de explotación e novas leis que a garanticen. A concentración parcelaria, feita directamente por unha comisión mixta composta de labregos e técnicos, pasa logo á comunidade. Mantense en cada parroquia un viveiro onde se fan experimentos agrícolas a cárrego dun técnico.

A paisaxe modificóuse por unha máis eficaz explotación da terra que obligou a sementar cultivo de xeito diferente ó do pasado. Mais esta transformación ocurríu moitas veces ó traveso do tempo dende o pasado máis remoto. Na Edade Meia, Rodriguez de Padrón, citaba os boscos de arraians, descoñecidos hoxe en Galicia, como en xeral as avelaneiras de que falan os cancioneiros. As abondosas carballeiras e os soutos, que describía no século XVII no centro de Galicia

Agustín de Rojas en «Viaje Entretenido», e que coñeceron os nosos abós, son hoxe boscos de piñeiros e eucaliptos. Mais da paisaxe consérvase o que é máis permanente, a súa estrutura, e ten sempre unha gran beleza, moi pouco diferente hoxe á de fai vinte e cinco anos.

A nova arquitectura da casa rural, inspirada na tradicional galega de cachote e pedra, adaptouse ás novas necesidades do campesiño, e finou coa arquitectura, que imitaba, influenciada polas revistas populares de divulgación arquitectónica, á que se fai en climas diferentes, a revestida de materiais de mal gusto e pintada con cores que non teñen nada que ver coa paisaxe, máis ben a insultan.

A ciencia, en xeral, deixou de presumir de si mesma a fins do século pasado. E voltou as oríxens, a ter en conta, tanto como nas esperencias propias, o legado instintivo e práctico dos antergos, respetando máis fondamente a natureza e non quebrando as súas leises e o seu equilibrio.

O idioma, que fora a preocupación de moitas xeracións de intelectuais, mellorou co seu ensino obligatorio nos centros educativos de nenos e adolescentes. Unificouse a ortografía e enriqueceuse co uso constante de verbas que parecían arcaísmos pro que continuaban en uso nalgunhas comarcas, e coas que viña creando o pobo. Existen moitas editoriais adicadas a diferentes especialidades e o libro alcanzou o rigor grafico dos que se imprimen en Alemania, Francia, Suiza, sen pasar, como denantes, pola aduana de Cataluña, ou imitando ó libro catalán. Nestes trinta derradeiros anos escribíronse grandes libros literarios e acadou a súa madurez o libro tecnico, cientifico e de arte. As edicións de máis tiraxe son, así e todo, as dos libros adicados ós nenos.

Eu desexaría comenza-la miña intervención partindo da tantas veces mencionada importancia que tivo a Natureza na vida do home de Galicia. García-Sabell dixo aquí que Galicia é unha suma do home e da terra, anque non saibamos ben en qué consiste a articulación dese vencello esencial. Vicente Risco falou hai xa anos dun sentimento da terra característico do home galego, que el chamaba «a emoción do sedentarismo». Pra non extendernos demáis, imos dar por certo, sen máis, que efectivamente hai no home galego unha relación intensa, fonda e íntima coa súa terra, relación que poderiamos calificar cunha expresión plástica do propio Risco, como unha forma de «patriotismo vexetal».

Aceptemos que esto é así, pro non sen antes preguntarnos: ¿como e por que un pobo con estas características, nun momento determinado da súa historia fuxiu da natureza pra refuxiarse nuns espacios urbanos artificiais, que ese mesmo pobo creou en parte e nos que aínda hoxe non parece sentirse incómodo, ó menos dun modo consciente? Naturalmente que as causas do fenómeno foron de tipo económico e social. Pro o feito en si non deixa de plantexarnos novos interrogantes, o primeiro dos cales é o porqué da escasa resistencia que o pobo ofreceu á destrución do seu medio natural, e o segundo a aceptación ó menos aparente, da nova situación. En todo caso é certo que as accións alteradoras da Natureza foron máis fortes cá emoción do sedentarismo, ó que acabaron por vencer.

Tal vitoria determinou a aparición dun novo pobo que foxe do campo e que busca acomodo nas cidades, abandonando na súa fuxida non só a Natureza,

senón tamén a súa cultura. Asistimos así á morte dunha Galicia e ó nacemento doutra. O que se trata de saber é se esta morte ocurre dun xeito natural, como consecuencia do inevitábel proceso de transformación dunha sociedade agraria e campesiña noutra industrial e urbana. Neste último suposto a aceptación da nova situación polos seus protagonistas non sería máis có resultado dun comportamento normal.

Pro ¿que é o que nace e que é o que morre? Morre unha Galicia creadora dunha cultura orixinal e nace unha Galicia culturalmente parasitaria e mimética, morre unha Galicia na que os homes vivían ó par da Natureza pra deixa-lo sitio a unha Galicia onde os homes buscan o espacio pechado e sen horizontes das cidades modernas. Desaparece a Galicia familiar, veciñal e comunitaria pra ser sustituida por unha sociedade que tende á atomización e despersoalización das relacións humanas.

No balance, e aínda contando con todo o que de positivo haxa na nova Galicia, que é evidente, o prato parece que vence do lado do pasado, sen que a constatación deste feito supoña a defensa de ningún tipo de arcadismo, de tradicionalismo ou de nostalxia dunha organización social históricamente superada. O progreso non ten por que levar inevitablemente emparellada a destrución dos valores antes citados. Se as cousas é certo que sucederon deste xeito, non era en troques forzoso que ocurriran así, pois a ninguén se lle escapa que pode haber un modelo de desenvolvemento e crecemento no que ámbalas dúas realidades sexan compatibles.

É nesta perspectiva que quero inscribi-lo meu proxecto prá Galicia do futuro, de maneira que sen renunciar a ningunha forma de progreso, poida pensarse

nunha Galicia capaz de recupera-los valores perdidos sen necesidade de quedar cravada en anacronismos de ningún estilo. García-Sabell falaba hai uns días da posible sutilización da terra, da desaparición da paisaxe e do habitat rural. Eu penso que ese proceso está xa en marcha. O que chegue a completarse ou non —non hai fatalidades históricas porque en definitiva é a libertade do home a que decide, e se aínda nos queda algunha libertade é precisamente a libertade da imaxinación— depende de moitos factores, pro sexa como sexa hai que buscar unha alternativa, por imposible ou improbable que esta nos pareza. Decía un dos famosos «grafitti» do maio francés de 1968: «Sede realistas, pedide o imposible».

Pois pra ser realistas pensemos nunha Galicia que nos pareza imposible. Eu coido que esa Galicia tería que empezar a recupera-la súa terra, volver ó seu espacio natural, creba-lo cerco en que a pretenden pechar unhas cidades que son unha especie de recolle-perdidos, de pousadas pra transeúntes desnortados. As cidades e vilas galegas actuais non son froito dun desenvolvemento natural e armónico. Son máis ben caixas feitas en serie pra homes sen identidade.

O outro día falaba Franco Grande da necesidade dunha hecatombe que arrasase estas cidades. Era unha maneira radical de manifesta-la súa repulsa por un urbanismo feroz, irracional e inhumano. Sen necesidade de implorar cataclismos, pensemos nunha Galicia na que como primeiro dato non existisen esas cidades. Imaxinemos por un momento un Lugo recollido dentro das murallas e protexido máis alá das Rondas por un cinto verde sementado de pequenas vivendas unifamiliares ou de reducidos colectivos asentados en espacios amplos e xenerosos. Pensemos

en Santiago liberado da súa cárcel e aberto novamente dun modo natural e suave ó campo circundante. Ou nun Orense que vai do Posío a San Lázaro, por Santo Domingo e o paseo, extendéndose polos montes de Ervedelo e Piñor, o Montealegre e O Cumial, sen bloques nen torres, en terrazas de casiñas acochadas entre os piñeiros ascendendo monte arriba.

Non estou imaxinando o pasado, senón que trato de poñerme no caso de que esas cidades vellas, que naceron dunha concepción da distribución do espacio inspirada nunha praxe urbanística non especulativa senón creadora, foran continuadas basándose nos mesmos principios, anque tratando de responder ás novas necesidades. Xa sei que iso implicaría unha organización política distinta, pro non falo agora de medios, senón de ideais. A grande cidade de que nos falaba Cunqueiro, a grande cidade verde que debía ser Galicia, suporía a existencia duns cantos núcleos naturais, convertidos en centros administrativos, comercais e culturais, artellados entre si por unha boa rede de estradas, mellor que autopistas, que pasan de largo por todas partes sen parar en ningures. O demais, un inmenso parque urbanizado, con barrios perdidos no medio dos campos e dos bosques, buscando sempre a integración estética da arquitectura na paisaxe.

Ignoro que valor técnico pode ter unha proposta semellante. Penso máis ben que é a forma dunha protesta contra un urbanismo esmagador que vai camiño de convertir ós galegos en habitantes extranxeiros dun país urbanisticamente ocupado. Ó mesmo tempo é unha aspiración, posiblemente non demasiado cristalizada aínda nun proxecto imaxinado. A aspiración de que o home galego, sen renunciar á industriali-

zación e ó progreso, recupere a identidade perdida, facendo da invención do seu novo habitat, un acto libre e creador.

Camilo González Suárez-Llanos

O autor dunha utopía quere face-lo retrato do que pra el sería unha sociedade perfecta. Pro hai tamen escritores que fixéron retratos de sociedades abominábeis, pro posibeis.

Paréceme un feito que as pretendidas sociedades perfectas dos utopistas resultan tan abominábeis como as abominábeis sociedades dos catastrofistas. Ê decir, o curioso é que a mente humana, cando se pon a traballar no deseño dunha organización social perfecta, enxendra monstruos. Eu non creo que a República de Platón ou a Utopía de Tomás Moro, sexan menos abominábeis que as fantasías de Samuel Butler ou de Huxley. ¿Por que? Seguramente porque o utopista, sen querelo, está transformando as persoas humanas en pezas ó servicio da engranaxe da súa Utopía, polo que deixan de ser persoas, non son máis que marionetas. E este reproche podémolo facer non só ás utopías, senón tamén ás organizacións que figuran como meta de tódalas teorías políticas totalitarias.

Por iso non me gustaría unha Utopía pra Galicia.

Pra min a Galicia ideal sería a que dese unha maior libertade, un maior número de posibilidades sen deixar naturalmente de ser Galicia.

Por outro lado, tódolos obxectivos que nos propoñamos terán de ser acadados por métodos políticos, do que non imos tratar.

Agora ben, no tocante ós obxectivos mesmos, e tendo sempre presente esa meta dunha máxima libertade, dun maior número de posibilidades abertas ante os cidadáns galegos, eu sinalaría tres de carácter máis ben xeral: 1º) rectificación dos erros e abusos, 2º) e máis importante có anterior, aínda que estreitamente vencellado a él, preservación de Galicia, e 3º) comunicación.

En primeiro lugar rectificación dos erros e abusos. A remodelación das cidades sería só un exemplo. Pro este obxectivo abrangue tódolos campos, e non podemos enumeralos. De todos xeitos, quizais convíña deixar mostras do mal feito que sirvan de lección permanente.

En segundo lugar, a preservación de Galicia, porque Galicia non é nada que haxa que inventar. Preservación de Galicia significa, por exemplo, preservación das súas aldeas, parroquias, vilas, bisbarras, e cidades. Mesmo os nomes dos diferentes eidos. A paisaxe galega é complexa, pro o galego aínda distingue máis, por así decilo, do que a propia paisaxe distingue, de xeito que até cada eido, por pequeno que sexa, ten unha persoalidade recoñecida, e ten un nome propio. Tamén cómpre naturalmente a preservación do folclore, pro dun xeito natural se é posíbel; non se trata de facer nada análogo a bailar sardanas por patriotismo. O folclore non só é a música e as danzas, senón as festas, as diversións, as feiras. Pro penso que é moi importante a naturalidade, é decir que o que non se poida conservar con naturalidade, será mellor rexistralo na Historia e deixalo desaparecer. Paréceme que en Lugo non se poden facer casas con tellados que non sexan de lousas. Esto mesmo tería que aplicarse a vilas luguesas, tra-

dicionalmente cos mesmos tellados, pro nas que agora se ergueron casas de tellados bermellos totalmente inarmónicos. Cito este caso máis ben trivial como exemplo da perda do carácter propio en beneficio de algo que non só non é mellor, senón que é un atentado contra a estética.

O ideal sería conseguir esta fidelidade ó propio sen necesidade de prohibicións legais, simplemente pola difusión da cultura.

Eu non quero elaborar plans educativos, pro penso que ós nenos galegos debería dárselles un coñecemento moi detallado de tódalas partes e pobos de Galicia.

Preservar Galicia significa, naturalmente, conservación da súa personalidade. Isto non é incompatíbel, certamente, con toda a construción, renovación ou reconstrución que faga falta.

Algo semellante pódese decir doutros eidos. Por exemplo do lingüístico. A perda da lingua galega non quedaría nunca ben compensada, porque o castelán común de Galicia será, por así decilo, un castelán de segunda categoría.

Eiquí entramos nun campo polémico, o lingüístico. O meu criterio é, de tódalas maneiras, o mesmo: preservación do idioma galego. Manipulado o menos posíbel, e non caír na tentación de ilo achegando pouco a pouco ó portugués, porque isto sería facer unha lingua de laboratorio totalmente allea ó común dos galegos. Este soño galego-luso-brasileiro non o vexo claro. O galego e o portugués xa son de por si irmáns e coincidintes dabondo.

Por outra parte teño a impresión de que canto máis semellantes sexan dúas linguas, tanto máis lles parecen ós falantes de cada unha delas as pequenas dife-

rencias da outra. Escribiuse que ós portugueses lles soan rústicas ou anticuadas moitas palabras galegas; pro coido que pasa o mesmo con moitas palabras portuguesas nos ouvidos galegos. Quéirase ou non, confundírmonos cos portugueses sería tamén outro xeito de perde-la nosa identidade. Os noruegos seguen cultivando a súa lingua e, polo que sei, non tratan de confundila coa danesa ou a sueca aínda sendo tan semellante con elas; e son tan universais e desenvólvense tan ben no mundo coma calquera europeo, aínda que non teñan no continente americano ningunha inmensa ex-colonia. O profesor Rodríguez Lapa escribía hai pouco que tódolos lingüistas predín a morte dos idiomas minoritarios. Pro os progresos técnicos, empezando polos dos medios de comunicación, ¿non poden poñerse tamén ó servicio dos idiomas minoritarios? Esa profecía lingüística non é ningunha lei científica inevitábel; con tódolos medios pedagóxicos e técnicos ó servicio do ensino das linguas será posíbel que tódolos nenos galegos adquiran o coñecemento suficiente do galego. Eu coido que esta meta é suficiente. Se me demorei no problema da lingua, é porque coido que todos estamos de acordo en que a lingua é o eixe central da persoalidade galega. Eu penso que Galicia debe comunicarse co mundo, e en primeiro lugar con Europa directamente, e non ó través de Portugal ou da comunidade luso-brasileira.

Este era o terceiro obxectivo: a comunicación. Comunicación dos galegos entre si, de xeito que cese a aberración actual de que Caracas ou Barcelona están pra miles de galegos máis proximos cas cidades da propia Galicia. Comunicación libre de prexuicios que fan represiva e hipócrita grande parte da comunicación presente. Esta intracomunicación mental, por

así decilo, de Galicia supón, naturalmente, un axeitado sistema de comunicacións xeográficas.

E logo, comunicación física, e comunicación mental, con Europa (unha Europa respetuosa da súa complexidade); e comunicación coas ideas, estilos e modos de tódalas nacións de Europa, e coas organizacións científicas, culturais e artísticas de Europa, na que toda España debía estar integrada, naturalmente. Con tales organizacións colaboraría Galicia na medida das súas posibilidades.

Ou sexa, unha Galicia sen fronteiras e autenticamente pluralista en tódolos sentidos, onde cada quen poida contar co maior número de posibilidades pra se realizar libremente. Que haxa T.V. galega; pro que sexa doado conectar con calquera outra televisión, española ou non. E o mesmo coa prensa, os libros, o cine. Non dende logo, unha Galicia de homes cheos de virtudes e limpos de vicios como pasa nas Utopías clásicas, que se dirían poboadas por mentes simples.

Penso finalmente que o pluralismo e a apertura non deben ser incompatíbeis coa perduración da nosa persoalidade básica.

Franco Grande

Polo que a min refire, pra que a Galicia do ano 2002 sexa unha Galicia desexada, deben concurri-las realidades seguintes:

1) Convencido como estou da radical importancia que a natureza ten na configuración do home galego, é indispensábel que ela siga sendo o factor esencial

do noso habitat. E pra que isto siga ocurrindo, cómpre que desaparezan os criterios urbanísticos de 1977, reemprazados por un criterio que terá como obxectivo primeiro manter ó home en contacto permanente coa natureza. E se fixese falta (porque o requerise a felicidade do home do ano 2002), facendo desaparece-lo que de inhumano haxa nas nosas vilas de hoxe en día. E aínda en moitas vilas. Non propoño desfacer Santiago ou Lugo, pro si desfacer de Santiago o que nunca se debeu facer. E, á par, urbaniza-lo noso agro, de maneira que non rexeite, senón que chame ós habitantes. Isto é: ruraliza-la urbe e urbaniza-lo agro.

2) Pra que iso sexa posíbel, cómpren dúas decisións radicais: colectiviza-la propiedade agraria e mariñeira, e os medios de produción, desde logo, e socializa-la propiedade inmobiliaria urbana.

A colectivización da propiedade rural non é unha aspiración ácrata, senón dun elemental realismo: os homes dunha parroquia ou dunha bisbarra saberán que absolutamente toda a parroquia ou bisbarra á que pertencen é de todos por igual, e que somentes a igualdade de traballo haberá igualdade de gaño. Esta é unha consecuencia daquel, de xeito que sen traballo non é concebíbel nin pensábel o gaño. É un principio de xusticia elemental: ninguén crerá en nada mentres ese principio non informe enteiramente a realidade.

E se, á par, a propiedade inmobiliaria urbana se socializa (quedando así sen sentido ningún a especulación), teriamos xa a primeira medida que cerraría unha das portas máis anchas —e máis falsas— polas que o home do agro entra na cidade,

eludindo o seu medio sen posibilidades pró desenvolvemento da súa persoalidade.

Pro ningunha das dúas abonda:

No agro: É indispensábel promover algunhas transformacións. Como por exemplo:

1) Sen deixar de ser aldea, esta terá de ser urbanizada, con tódolos servicios que precisa unha vida moderna;

2) a herdanza somentes terá efectividade en canto á casa moderna e 1.500 m2. de resíos e horta, pro non se extenderá a máis nada;

3) as parroquias elexirán cada ano —non por máis tempo— un consello de petrucios ós que estará encomendado o coñecemento e resolución dos problemas propios da parroquia, en canto non excedan da administración da comunidade. Pro terán facultades de decisión xudicial pra certos asuntos locais;

4) desaparición dos concellos actuais: unha vez delimitadas as bisbarras, estas serían entidades administrativas autónomas, pro:
   a) con núcleos de poboación nunca superior a cincuenta mil habitantes;
   b) nelas estarían ubicados os servicios de ensino, económicos, administrativos; os cines, teatros, etc.;
   c) potenciaríanse estas bisbarras con industrias racionais, de xeito que complementen as actividades agrícolas, procurando que membros dunha mesma familia obteñan ingresos por actividades industriais e por traballos agrícolas;

d) o poder galego delegará nelas as funcións que se estimen convenientes: e será comenente delega-lo máximo;

e) en cada bisbarra constituirase un Senado ou Consello formado por «intelixentes» que deberán ser sempre escoitados en tódalas determinacións que afecten á bisbarra.

No mar:

1) colectivización dende logo dos medios de produción;

2) procurar que se é posible, os ingresos do mar se complementen, dentro dunha mesma familia, cos procedentes de traballos agrícolas;

3) o que poida ser aplicable dos apartados precedentes.

Nas cidades:

Aparte do primeiro paso prá socialización da propiedade inmobiliaria:

1) desconxestionalas, retirando tódolos servicios que non sexan necesarios e que a potenciación das bisbarras faga inúteis;

2) conforme as cidades mermen, e así deberá ser, conforme se potencien as bisbarras, deberán ser progresivamente destruídas, polo que moitos barrios de hoxe poderán convertirse en parques, xardíns, teatros populares, ágoras, etc.;

3) facilitar que as industrias sen razón de ser nas cidades poidan trasladarse, total o parcialmente, ás cabeceiras de calquera bisbarra;

4) desaparición das provincias. As entidades naturais son: parroquia, bisbarra e país galego.

O poder galego:

A constitución galega terá un título preliminar cun artigo que dirá: «A primeira misión do goberno galego é a felicidade do pobo de Galicia, e somentes servindo a este obxectivo se serve ó pobo galego. O goberno galego ten a obriga de obter prós homes de Galicia o vagar necesario pra que cada día, despois das súas catro horas de traballo, poidan labra-lo seu xardín e a súa horta, ler poemas, escoitar música, estar de palique, perde-lo tempo e respirar aire puro en longas camiñatas polas fragas cheas de regueiros e de paxaros».

Artigo insólito mais somentes cos criterios de 1977.

Presidido polo espírito desta norma de rango superior —¡é de dereito constitucional!— do que o incumplimento dará lugar a esixir grandes responsabilidades, o goberno galego deberá ter estes caracteres:

1) Os gobernantes galegos non poderán adoptar ningunha decisión que afecte á comunidade (á felicidade do home galego), sen previa consulta a un Senado ou Consello de Intelixentes, integrado por escritores, artistas e intelectuais do país, elexidos por computadora, por sufraxio universal ou como se decida. Se o tema a el sometido obtén un criterio conteste do 65%, a súa decisión será vinculante prós políticos, que non poderán decidir outra cousa, limitándose a ser excutores da decisión do Senado de Intelixentes.

2) Un Ministerio Superior, situado por riba de tódolos Ministerios e ó que todos servirán, será o Ministerio de Imaxinación e Felicidade. Terá as misións seguintes en «numerus apertus»:

a) formular ó consello ou Senado de Intelixentes continuas propostas prá felicidade do pobo galego;

b) artella-los programas concretos —previa aprobación do Senado de Intelixentes— que tendan ó aproveitamento do grande vagar que pra entón terá o pobo galego;

c) artella-los programas ou actuacións que han tender ó desenvolvemento e potenciación do home galego;

d) localizar, estudiar, promover e pór en funcionamento as «illas de vagar» ou «lugares de ocio indispensábeis», reconvertindo balnearios, paradores, mosteiros, cuarteis, etc., prá curación e anovamento dos homes de 1990 e poder dispoñelos pró ano 2002;

e) o Ministerio Superior vixiará que o de Potenciación de Facultades (antigo de Educación e Ciencia) faga de cada cidadán un humanista, e supervisará as actividades dos demais Ministerios, pra que non caian na desviación de obxectivos;

f) inculcará en cada cidadán galego a idea de que o saber dá a felicidade, e que o saber non é ser sabio, senón desenvolver e potencia-las facultades de cada quen;

g) despertará en cada cidadán galego un gran amor á vida e á natureza. «Amara-la vida e a natureza por riba de tódalas cousas»: esta será a grande verdade do novo mundo, o seu lema;

h) en relación co exterior, o Ministerio Superior terá moi presente a universalidade da Galicia medieval. Pro como non poderá ofrecer a Europa e ó mundo os miragres de Santiago, terá que

ofrecerlle —pra que Galicia sexa un novo centro europeo— o miragre da imaxinación creadora. Pra isto, cómpre potencia-lo Ministerio Superior, a quen incumbe a excitación do desenvolvemento das facultades do home galego;

i) programará todo o conveniente pra ensinar a perde-lo tempo. Isto é, a gañalo.

3) Os Ministerios económicos reduciranse a unha simple Intendencia.

Piñeiro

Temos que imaxina-la Galicia do ano 2002. Podémolo intentar, claro, no plano da pura fición, como un xogo libérrimo da fantasía e por este camiño concebir unha Galicia ideal, poética, imaxe dos nosos desexos; pro tamén é posíbel intentalo partindo da realidade existente, xa que abrir imaxinativamente novos camiños á relación do home coa realidade é talmente unha das bases do progreso humano. E no noso caso quizais conveña non prescindir desta segunda vía, porque ó cabo, a Galicia do ano 2002 non será outra cousa que a Galicia actual modificada polo que neses 25 anos fagamos ou deixemos de facer; nese facer ou deixar de facer é onde a imaxinación pode xogar un grande papel.

Pra facérmonos unha idea, aínda que sexa esquemática, da Galicia presente, cómpre que teñamos en conta os resultados producidos no decorrer dos tempos pasados e mailas perspectivas do seu horizonte actual. O home galego chegou a ter unha determinada fasquía cultural e mental pola acción súa no pasado e pola acción dese pasado sobre del. Sen tra-

tarmos de abrangue-la complexa amplitude deste proceso, limitarémonos a sinalar cales son os rasgos positivos peculiares do home galego e cales os negativos. Como rasgos positivos pódense sinalar, entre outros, os seguintes:

1. A nosa tendencia reflexiva.
2. O noso realismo empírico.
3. A nosa prudencia operativa.
4. A nosa repugnancia polo dogmatismo absolutizador.
5. A nosa capacidade de introspección sicolóxica, da que nace a posibilidade de vivir un mundo interior creado por nós mesmos frente ó mundo exterior obxectivamente dado. Esta contraposición vivencial dos dous mundos é fonte importante da actividade imaxinativa.

Como rasgos negativos poden sinalarse outros tantos, que en realidade veñen sendo a degradación dos que indicamos como positivos:

1. O noso criticismo, esterilizador de tantas iniciativas.
2. O noso utilitarismo egoísta, que cega a visión do ben común.
3. A nosa pasividade resignada, sumisa.
4. O noso escepticismo volitivo, que tolle a confianza nas propias forzas.
5. A nosa propensión ó lirismo subxectivo como recurso evasivo frente á dureza da realidade obxectiva.

Este conxunto de rasgos positivos e negativos do home galego revela unha mentalidade fundamentalmente defensiva, sen dúbida producida por unha experiencia colectiva profunda que ó longo das xeracións foi fixando unhas pautas culturais que condicionan

eses rasgos. O esparexemento da poboación en pequenos núcleos de limitada forza social, unido á marxinación política, cultural e económica de Galicia, deu lugar a un sentimento colectivo de debilidade, de impotencia das propias forzas frente á omnipotencia abafante do Poder.

Unha experiencia secular de frustración foi forxando esa sicoloxía defensiva —cautela, desconfianza, retranca, etc.— que agora se nos reprocha coma se fora unha eiva cultivada por nós mesmos e non herdo imposto por un destino adverso do que somos vítimas.

Además desta situación producida polo pasado, temos que considerar tamén as perspectivas do presente de cara ó futuro, nas que, por certo, avanza unha ameaza grave. O home galego viña vivindo integrado nunha cultura agraria tradicional na que se desenvolveron certos valores de contido humano moi positivo, dos que, por vía de exemplo, imos referirnos a estes catro:

a) Debido á conservación dunha vida familiar máis intensa ca noutras partes, a muller xoga un papel importante na nosa sociedade.

b) Na correlación individuo-sociedade, ben poucas veces se dá un equilibrio perfecto. Dentro da correlación normal, nuns casos predomina a dimensión individual e noutros a social, sen romper, claro, a colaboración entre ambas. Cando esta colaboración se rompe pola banda individual, caemos no particularismo a-social; cando se rompe pola banda social, caemos no gregarismo a-persoal. En Galicia dáse o predominio do individual sobre o social, pro dentro da normal colaboración entre ámbalas dimensións, con tódalas posibilidades de adaptación ós cambios da realidade, como

ocurre na emigración. Esta conciencia activa da dimensión individual do home —sen exclui-la dimensión social— impide a masificación mental.

c) Pola forma do agrupamento da poboación en pequenos núcleos —lugares e parroquias—, a forma da convivencia colectiva ten un carácter máis familiar, ou cuase, ca social. Neste tipo de convivencia, a relación persoal é máis intensa, o coñecemento recíproco máis profundo, a interdependencia máis activa, de onde xorde espontaneamente unha conciencia máis viva e aberta á realidade do próximo e un maior respeto humano pola súa persoalidade.

d) A convivencia constante coa natureza fai que esta teña unha presencia activa na vida do home, que se cree unha comunicación entre ambos. O home observa atentamente a natureza, faille preguntas de seguido, e ela mándalle decote mensaxes na súa linguaxe cósmica e vital. Viven en constante diálogo; pro trátase dun diálogo silencioso no que o home ten que exercitar toda a súa agudeza perceptiva, toda a súa capacidade reflexiva e tódolos seus recursos imaxinativos caladamente, dentro de si. Este equilibrio entre a convivencia silenciosa, interiorizada, coa natureza, e a convivencia locutiva (interlocutiva) coa sociedade, constitúe unha experiencia potenciadora da plenitude persoal.

Estas e outras formas de realización da persoalidade que se foron desenvolvendo na cultura campesiña galega están gravemente ameazadas pola ofensiva da cultura urbano-industrial, que ó levar a cabo a transformación económica e social de Galicia sen outras miras que as do seu propio pragmatismo utilitario,

esmagará sen coidado ningún tódolos valores da nosa cultura tradicional.

Temos xa o esquema da Galicia actual como punto de partida prá nosa camiñata imaxinativa ó ano 2002. Agora combinando feitos da realidade presente coas nosas arelas sobre á realidade futura, imos imaxinar unha Galicia posíbel na soleira do século XXI. Por mor da brevedade, cinguirémonos unicamente a estes puntos:

I Deberemos recobra-la unidade espiritual do pobo galego. A situación actual de esgazamento en dúas Galicias —unha, castelanizada, dominadora; outra, galega, dominada, sometida—, debe dar paso a unha Galicia culturalmente unida e con plena conciencia da súa identidade. Ora, ben entendido: unha Galicia galega afincada na súa identidade xenuina, pro aberta á realidade cultural do mundo e á fraternidade moral coa humanidade.

Galicia é unha realidade singular, orixinal, porque ten persoalidade cultural propia. Defender e afirma-la súa propia identidade é un deber de tódolos pobos. No noso caso, ese deber ten máis peso dramático, porque a defensa ten que escomenzar por recobra-la unidade interna, por supera-la agresión fratricida, o cainismo aculturador que nos pode devorar.

II O elemento fundamental prá recuperación da nosa unidade espiritual é a lingua, pois que é a expresión viva da persoalidade colectiva do pobo galego, a manifestación máis patente da súa identidade. Ó longo de moitos séculos, a utilización unilateral e impositiva do castelán como lingua

única de cultura reduciu o galego á condición forzosa de lingua meramente coloquial dos «analfabetos», dando lugar a unha discriminación social de tipo idiomático. Os nosos escritores e os nosos intelectuais volvéronlle ó galego a condición de lingua literaria e de lingua de cultura escrita; pro iso non abonda, cómpre que o galego se incorpore plenamente ó ensino e ós medios de comunicación social.

III A afirmación da nosa persoalidade e o seu pleno desenvolvemento nunca pode ser pechada, particularista, pois que unha actitude tal non pasaría de ser unha aberración esterilizadora. Pola contra, ten que ser aberta ó horizonte universal empezando, claro está, polo que lle é máis achegado. Así, o mundo cultural hispánico e o mundo cultural luso teñen que formar parte do patrimonio galego, sen que de seu poidan constituir barreiras limitativas dentro da realidade cultural do mundo.

IV Unha vez lograda a unidade interna, Galicia recobrará tamén a confianza en si mesma. Deixando a un lado a vella pasividade colectiva, mostrarase capaz de movilizar creadoramente tódalas súas enerxías á percura do pleno desenvolvemento económico, social e cultural, empresa que leva consigo a acción política. Ou sexa, que Galicia creará unha política galega —un pobo sen vida política está morto ou esmorecido—, necesariamente basada nestes dous niveis: un nivel intragalego no que debe ter plena capacidade de decisión; un nivel común cos demais españois, e neste goberno debe participar como tal realidade

galega. Os galegos deben asumi-la responsabilidade dos seus propios problemas e deben compartir a responsabilidade dos problemas que son cumúns a tódolos españois. Non se diga, porque sería erróneo, que xa participan desta responsabilidade. Non hai tal cousa: a participación que teñen, moita ou pouca, no goberno común de España é meramente individual, como cidadáns do estado centralista, máis non como galegos, como membros e representantes dun pobo, que vive no noroeste de España e que se chama Galicia.

V Nos comenzos do noso Seminario e pra defini-los seus obxectivos falouse de que a evolución cultural europea, pra liberarse da ríxida gaiola intelectual do positivismo, tendía a incorpora-la imaxinación a ese esforzo humano por avanzar, por profundizar no coñecemento da realidade, e falouse ó mesmo tempo de que Galicia, que pola súa marxinación cultural non pasou pola severa disciplina espiritual do racionalismo e máis do positivismo, estaba en condicións de comprender e participar na actividade cultural desa vanguarda europea, que percura o apoio da imaxinación no seu esforzo por ensanchar e profundiza-los límites cognoscitivos do espírito humán. De modo semellante, podemos tamén decir que nos sectores máis avanzados e maduros da conciencia europea está a producirse unha enérxica reacción contra os perigos crecentes do industrialismo, e Galicia, abandonada até agora ó seu arcaísmo campesiño, debe de ter moi ben en conta as ameazas que encerra unha agresión industrializadora disposta a asoballar ou destruir todo o que

non sexa útil á súa voracidade lucrativa. Galicia ten que levar a cabo un necesario desenvolvemento económico, que á súa vez implica tamén desenvolvemento industrial, pro un desenvolvemento industrial supeditado ós intereses conxuntos do pobo galego tanto no plano económico coma no cultural. A transformación económica de Galicia non se debe facer con criterios do século XIX, nin siquera do século XX, contra os que o mundo reacciona con alarma, senón que se debe facer cos criterios previsíbeis pró século XXI. Pró ano 2002 Galicia debe ter en marcha un pleno desenvolvemento económico, social e cultural que permita eleva-lo nivel de vida do noso pobo en armonía coa conservación dos valores positivos da súa tradición cultural, que permita asimila-los produtos valiosos da civilización industrial e conserva-la capacidade de contacto e de diálogo coa natureza, que permita a conservación activa do noso humor, da nosa libertade imaxinativa, da nosa sensibilidade lírica. Só así será progreso verdadeiro: se en lugar de destruila pola forza da presión alienadora permite que Galicia medre internamente, ou sexa, se serve pra que Galicia siga sendo galega.

García-Sabell

Empregámo-la imaxinación. Estamos imaxinando. Xa nos atopamos no ano 2002, ou quizais máis alá. Galicia cambiou. Toda ela é unha fermosa cidade xardín. Os trebellos técnicos facilitan doadamente a vida cotiá. Os problemas económicos persisten, pro non son anguriantes, nin inxustos. Hai comodidade,

vagar e, sobor de todo, bo tempero. Quero decir con isto que da existencia colectiva esvaeceu a tensión anímica, a atroz irritación comunitaria que a todos nos desacouga, nos desmesura e nos fanatiza.

¿Que significa todo isto? Pois sinxelamente, que o mundo circundante é outro, e que o home galego é o beneficiario absoluto do troco. De acordo. A cousa non ofrece dúbida. Cada quen pode engadir, detallar, complica-las notas optimistas da nova realidade do país. Mais entón cómpre preguntar: ¿e cómo será, cómo se nos apresentará a criatura de Galicia durante eses intres de plenitude ambiental? Dito doutro xeito: ¿en qué senso variará a textura antropolóxica do home galego pra que encaixe perfectamente na realidade recén nada? Porque unha cousa é certa, e a ela téñome referido en bastas sazóns, a saber, que o home de Galicia e a terra de Galicia forman unha unidade indisolúbel, unha totalidade estrutural inseparábel. Entón, á transformación do medio circundante ten de corresponder unha transformación do ser que nela taracea a súa vida. Eiquí escomenza a laboura fantaseadora non pola banda do habitat, senón pola banda do habitante.

Pra min o desexo imaxinado é este:

a) Emprego universal e constante da lingua galega. Dende a nenez astra á morte. Emprego sen solucións de continuidade, de tal xeito que o falar e o escribir no noso idioma resulte algo que non se note. Algo que é natural. E é natural porque está incorporado, cómpre decir, feito corpo do falante. Falar castelán sería o engadido, o que ven despois. Co galego nácese. O castelán, adepréndese. No ano 2002 a lingua galega non será un problema: será unha realidade.

b) Desaparición da actitude defensiva. Ou o que é o mesmo: entrega aberta e leda á vida, sen reservas, sen medos e sen falsas humildades. Chatar dunha vez, por inútil, a retranca. Esperta-la confianza nos demais; os nosos, —¡ouh, gozosa novedade!— —¡por fin!— non enganan.

c) Cultivo, iso sí, do humorismo. E aínda arrequecelo, pois de ser coraza, pasaría a ser expresión máxima da fartura espiritual da xente de noso. O humorismo daranos entón a verdadeira medida da capacidade reaccional do home galego cara ás insolentes contradicións do mundo e da criatura humana.

d) Florecemento da lírica —a grande fartura nosa— ó queda-la sensibilidade ceibe pra auscultar e apalpa-los máis sutís rebrincos da alma individual e o formigueo transcencental da fermosura da Natureza.

e) Clara conciencia da dimensión europea que dentro de nós inxeriu o desenrolo da Historia. Sentírmonos europeos polos catro costados. E, de acordo con tal sentir, actuar sempre con fidelidade a tan alta característica. Recoñece-lo imperio da razón, e tamén os seus riscos cando se usa indiscriminadamente. Engadir un chisco de frialdade raciocinadora ós nosos pulos e ás nosas arroutadas. Pro non esquecer endexamais que máis alá da razón está a emotividade coa súa función adiviñadora das inefábeis realidades que a intelixencia non ve. E como nós somos uns emocionais sempiternos, non ter vergoña dese noso ser, senón máis ben acomodalo ós valores supremos que a cultura —a cultura europea— serve.

f) Turrar da nosa capacidade creadora na esfera da Arte. Ou o que é igual: *atreverse a ser orixinais.* Fuxir das imitacións, dos «pastiches» e dos «clichés». Converti-la Literatura, a Plástica, a Música, a Arquitectura, en formalizacións necesarias da nosa maneira de integrarmos no mundo. Se non trata de facer cousas galegas con metódicas vidas de fóra, senón da facer cousas fermosas dende unha perspectiva galega e empregando as metódicas non programadas que cada cousa pide de por si. Dar libertade á fantasía e non acoitelar nela con dogmatismos intelectuais. Da-las costas ás modas. Ser un, un mesmo. Pra ben e pra mal (e como estamos na Arcadia imaxinada do ano 2002, seguro que todo será pra ben).

g) Vivi-la vida en plenitude. Non limitala con laios estéreis, ou con aprensións por «o que ha vir». O que ha vir, xa está vido, e a realidade é o presente. Meterse nel. Non apraza-la existencia. Dito doutro xeito: comulgar coa vida.

Estas son as notas dun elenco de desexos que eu vexo, dende a miña fantasía, en camiño de realización no ano 2002. A lista, ben sumaria, non esgota, nin moito menos, tódalas posibilidades de cambio do home galego. Son algunhas, apenas. Quizais as principais. En todo caso, as indispensábeis. ¿Indispensábeis pra qué? Pois verdaderamente pra que nós accedamos a unha vida digna e forte, pura e auténtica.

Co que queda dito intento expresar unha cousa que hai tempo me buliga na cachola. Esta: o que queda transcrito é, sen dúbida, o froito dunha especie de soñar esperto, dese estado de semisolpor que os psicólogos das profundidades estudiaron porque dá moi-

tos ensinos sobor da textura secreta do soñador. De acordo. E entón puidera ser que no texto resultase eu descuberto nas miñas angueiras e nos meus acochados proxectos. Agora ben, eu son un home galego, un de tantos. Entón, ¿por qué non podo servir eu como mostra dos demais? ¿Por qué o meu caso non ha se-lo dos outros? ¿Non quedamos en que hai que desbota-la actitude defensiva? Pois eiquí estou eu, amigos, ofrecendo o meu costado ás lanzadas de calquera. O costado ledo e tranquilo de quen xa pretende albisca-los anos vindeiros, os optimistas anos vindeiros. E, de acordo con esta plenaria visión, vivir e actuar.

Con todo, unha cousa quede ben clara. O meu programa é pura fantasía, mero desexo. Ben. Pro o que non é, o que de ningún modo resulta, é unha utopía. Ter lingua en-carnada, carne nosa, entregarse á existencia sen reparos nin aprensións; ser humorista; facer chouta-lo corazón coa poesía; sentirse europeo; arela-la creación da beleza aínda que só sexa na intimidade da alma; e experimenta-la vida dende tódolos horizontes posíbeis, non é algo irrealizable. É algo perfectamente válido e obxectivo. É algo que outros pobos están xa a facer. O noso, nós mesmos, non acadamos tan suprema realización. Os atrancos de toda caste que a isto se opoñen son ben coñecidos e non entran agora na temática da xuntanza. Mais somentes son iso, atrancos, non imposibilidades. Os vieiros pra derrubalos son diversos. Coido que o primeiro, o primeiriño de todos, é o de adquirir conciencia clara da súa existencia. E, con ela, da paisaxe luminosa e fecunda que, unha vez afastados, deixan ver.

Fernández de la Vega

A cuestión de Camilo González Suárez-Llanos pareceume moi concreta. A de Barros pareceume un ensaio especulativo, que non ten moito que ver con Galicia, pro plantexa o problema cunhas dimensións interesantes. Pro eu creo que hai un problema concreto: a min paréceme que esta xuntanza se celebra nun momento que pra Galicia é un momento sumamente importante. Deberiamos telo en conta. E neste sentido o primeiro problema que se produce é: ¿qué é Galicia? Practicamente sobre isto está a xira-la cousa. Suposto que é un problema moi problemático, é unha nación; ¿qué é unha nación? Hoxe non hai unha resposta precisa no mundo do que é unha nación, pro aproximadamente e tentando quitarlle vaguedade a este concepto, podiamos decir que unha nación implica un territorio e unha poboación; son os elementos primarios.

Ó tratar de determinar iso pra Galicia, teriámo-lo problema de precisa-lo territorio de Galicia, o que xa implica unha cuestión que habería que estudiar: onde comenza Galicia, onde acaba Galicia, ou sexa, Galicia como rexión natural. Agora ben, por moito que se diga e non se discuta, Galicia é unha porción da Península Ibérica e tense que articular con outras rexións de España. Dende o punto de vista do territorio, o Bierzo, Asturias, son naturalmente Galicia pro non son Galicia; teriamos uns problemas políticos e problemas culturais, sociolóxicos e económicos, e de toda especie.

No aspecto da poboación tamén se presentan problemas: ¿quén son os galegos? Son galegos, primeiro os

nacidos en Galicia que están en Galicia, ou os nacidos en Galicia que están fóra de Galicia, e os que non son galegos pro viven en Galicia. Hai que articula-la convivencia disto, recupera-los emigrantes, facer unhas fórmulas de convivencia lingüística e doutros aspectos.

Creo eu que todos estes temas serían un guión pra pensar sobre eles, porque son fundamentais. Despois, esa Galicia determinada territorial, lingüística, culturalmente, e desde o punto de vista da poboación, que é o que pode facer, que é o que debe facer, qué tipo de comunidade quere ser. Non pode ser unha Galicia isolada, unha Galicia particularista, senón unha Galicia articulada nun conxunto que se chama Europa.

Torno ó que decía Barros, que é moi especulativo. O problema de saber qué é a ciencia e o valor definitivo que ten o porvir científico é unha cousa moi discutida: Karl Popper, un pensador importante, sostén unha cousa interesante pra todos nós, que o destino da ciencia e o coñecemento da ciencia non ten de ningunha maneira carácter definitivo, senón todo o contrario, está destinada a ser refutada; é un saber provisional, porque aquelo de «que o coñecemento científico é coñecemento verificado», segundo Popper é ó revés. O característico de todo coñecemento científico é a posibilidade de ser falsado, e o destino é ser falsado. Toda ciencia anterior é un conxunto de equivocacións, de saberes provisionais que se van retificando; todo pasa coma no destino individual, que o home coa edade sabe máis porque sabe o que ignoraba antes, vai aprendendo a ignorar.

Pro a ciencia é un erro continuo. A ciencia consiste nun recoñecemento de feitos; estes feitos explícanse por medio dunhas hipóteses, que dan unha teoría: tódalas teorías son hipóteses. Agora, a característica dunha hipótese científica é que sexa aberta e que se expoña masivamente á posibilidade de verificación, pro non é verificación, é falsamento, porque hai un tremendo desequilibrio entre verificación e falsamento, e é que pra que unha cousa estea verificada ten que estar verificada sempre, pro no futuro non se pode saber se se vai verificar ou non; mentres que o falsamento, abonda un só falsamento pra acabar cunha teoría. Unha hipótese científica vale mentres non sexa falsada e por agora todas foron falsadas por ser sempre unha aproximación a unha realidade que escapa.

En fín, quédano-lo problema seguinte: no ano 2002 pode non existi-lo mundo.

Eu son optimista por unha razón moi sinxela, porque o feito que estamos a vivir hoxe en todo o mundo é a crise de dous sistemas, o sistema do socialismo do leste que coñecemos todos, que non o acepta ninguén, e o sistema capitalista. Entón hai que buscar unha fórmula que non sei se é intermedia ou é nova, pro esa é unha tarefa que non creo que vaiamos resolver nós, porque ese é o problema do mundo. O fenómeno máis singular e máis novo que hai hoxe no mundo desde o punto social é «a revolta dos estudiantes». Isto é moi significativo porque os estudiantes representan o futuro da élite, da sociedade.

A rectificación, por outra parte, do marxismo por Gramsci e polo eurocomunismo é moi importante; eu creo que pode ser verdade, porque é unha inversión.

Non é que a cultura sexa un epifenómeno do poder e das estruturas económicas, senón ó revés, estruturas económicas e poder son un epifonema da cultura. É un novo humanismo contando con que Marx foi un humanista fundamentalmente. Marx buscaba a libertade, por iso toda a realización concreta do comunismo que coñecemos non ten nada que ver con Marx.

Cunqueiro

¿Cómo Galicia podía conservar esta identidade galega, cómo podía conservarse e ter unha nova forma, ou unha forma máis viva, no ano 2002?

Fernández de la Vega

Eu creo que unha das cousas fundamentais é o factor do home galego. Pro actualmente, eu teño unha impresión moi pesimista da mocedade galega, porque é un caos, que unicamente ten de positivo que protestan. De proxectos non vexo nada; isto está a xermolar.

Díaz y Díaz

Nós temos que ver que lles podemos dar ós estudiantes pra que enganchen unha ou dúas ideas e que as discutan ou as sigan. Non debemos aternos tanto á problemática de hoxe; creo que é verdade o que decía Díaz Pardo, que queiramos ou non estamos atenazados por ela porque é demasiado grave, pro hai que evadirse dela.

Sobor da pregunta que lle facía Cunqueiro a Fernández de la Vega de como podía Galicia salvar esa maneira de ser típica do galego deica o ano 2002: eu paso case tódolos anos tres meses en Suecia; unha das cousas que máis me atrae da vida sueca, é que o sueco, pese a vivir nun país industrialmente moi avanzado, na fronteira da civilización moderna, segue a se-lo sueco campesiño; a industrialización de Suecia non levou a cabo o arraso da Suecia tradicional. A vila e a cidade sueca son un pequeno centro, moi pequeno, onde a xente, acude a mercar ou vai ás oficinas, pro logo viven fóra, na clásica vivenda unifamiliar.

Eu comparo con Galicia e penso que a paisaxe galega é máis bonita, a sueca é máis monótona; pro o sueco non prescindíu dela, foi máis forte o sentimento da terra dos seus ca no galego. Seguen a ser mesmo eles: o sueco é tímido, cunhas dificultades grandes prá comunicación, que non dependen, como a xente pode pensar, da vida moderna e das facilidades, senón que é unha característica antropolóxica súa dende sempre. O sueco fala pouco, pro non é un home triste, é un home feliz. El estaba só cos seus animais, separado dos seus veciños; por iso é torpe e na cidade séntese fóra de si. É un home de xardín (todo sueco segue a cultiva-lo seu xardín, os seus animais, segue apegado a esa vida).

Por iso eu penso que a Galicia do futuro non ten por que prescindir en absoluto da nosa maneira de ser; o galego pode ser un campesiño na civilización industrial e por outra parte a Galicia industrializada non implica o arraso nin ecolóxico nin da paisaxe.

Seoane

Eu decía na miña nota: ¿por que en Galicia a xente, o pobo en xeral non ten iniciativas? Na emigración, en Buenos Aires, atopeime con tipos fabulosos dunha grande capacidade, dun talento extraordinario e son case analfabetos. Esa xente logrou modificar cousas das industrias e facer a competencia ós alemáns, ingleses, franceses e italianos. ¿Por que se manteñen alí, perdéndose en Galicia? Ou sexa, ¿que cousas hai en Galicia que fan difícil pró home galego construir cousas que houbo no pasado? Eu penso que iso pode e debe estudiarse. Realmente os galegos que estan en Galicia estan endormecidos ou asustados por algo.

Cunqueiro

Coñezo moitos campesiños dos que a súa única aspiración é ter unha casa e un comercio na vila, pro no fondo teñen un pouco de noxo e de desprecio pola vila, especialmente a esas vilas que xurdiron de feiras e que lles chaman, polo menos no meu país, as vilas da romana. Hai un verdadeiro desprecio, pro no fondo hai a aspiración de ir alí a utiliza-la romana contra os das aldeas.

Díaz y Díaz

Eu tería que decir agora, como conclusión desta reunión, que acaban de estar vostedes empezando a describir algo que é moi importante e que apenas saíra aquí nas discusións, o que se define por un termo que eu non sei se terían vostedes que pensar en

18
Tomás Barros

incluilo nesa visión ou imaxinación pró ano 2002, debidamente encauzado e debidamente revertido cara ó interior pra darlle uns obxectivos: a agresividade do galego, cando se atopa con outros grupos distintos e está fóra dun ambiente que o cohibe ou inhibe.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IV
14 maio 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

COMENTARIOS Á VISIÓN DA GALICIA FUTURA

Asistentes:

— Barros Pardo

— Cunqueiro

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Franco Grande

— García-Sabell

— González Suárez-Llanos

— Piñeiro

— Seoane

Díaz Pardo

Se facemos unha consideración xeral das «imaxinacións» que compuñan o paquete presentado no último Seminario e tratamos de clasificalas, paréceme que resultaría unha cousa así:

Sobre goberno:

Cinco (Álvarez Blázquez, Cunqueiro, Seoane, Franco Grande e Piñeiro) falan dun goberno galego, e este derradeiro, ademais, de participación no goberno común de España.

En canto á economía:

Os mesmos cinco, menos Cunqueiro, describen, tamén explicitamente, formas socializantes no sector da economía; Franco Grande concreta formas de colectivización correxida, a urbanización da aldea e reduce a simple intendencia os órganos económicos; Cunqueiro pensa que serán as estadísticas e os agoiros os que conducirán a economía; e Suárez-Llanos fala de rectificar erros e abusos e remodela-las cidades.

En canto á socioloxía:

Todos falan cun profundo coñecemento de Galicia e dos problemas galegos, e todos pensan que calquera cambio ten que ser respetuoso coa súa cultura diferencial, particularmente coa lingua, precisando al-

gúns que é aquí onde reside o motor da solución dos problemas.

Fálase das condicións de traballo (nalgúns casos precísase mesmo as horas que se deberá traballar) dos anos a traballar, da felicidade, do vagar, do fomento das festas colectivas e da solidaridade, dos amorios que deberiamos ter, do melloramento dos viños, etc...

En canto ó ensino:

Álvarez Blázquez quere que o ensino sexa gratuito e fala de misións arqueolóxicas; Cunqueiro pide máis espírito ca letra; Franco Grande quere que o goberno faga de cada galego un humanista, que se ensine a perde-lo tempo e que se lle ensine a Europa a cultura galega; Seoane, que se estudien pequenos inventos que satisfagan necesidades prácticas e que se dedique máis tempo a traballos artesáns renovados, e en xeral fálase de integrarse nun entorno e estudia-lo que é noso.

En canto á arte:

Non falan máis ca dous, Álvarez Blázquez e Seoane. Álvarez Blázquez quere que os escritores e artistas sexan subvencionados; espectáculos gratuitos e museos e bibliotecas en tódalas vilas. Seoane quere que cada vila teña un museo coa historia da bisbarra.

Hai moitas máis cousas. Seoane fala dunha nova especialización que é a de inxenieiros de socioloxía.

García-Sabell, en xeral, fala da conservación do humor galego, ademáis de tódalas demáis cousas, de ser máis europeo sen abandona-lo vencello que o galego ten coa súa terra, de menos problemas económicos e de mellor tempero, de combate-la retranca e a actitude defensiva.

Díaz Parra 77
-¿É por qué van dudar do que lles prometeu pra o ano 2002 se muitos min o coñecen?
-Por iso; os que nó coñecen por que nono coñecen e os que o coñecen porque o coñecen.

Casares quere que, sen renunciar ó progreso, se recupere a identidade perdida e se invente un novo «habitat».

Barros conta coa incidencia da técnica na mentalidade do home galego, cara á universalidade do home galego, cara á universalidade da cultura, que coa nova visión da estrutura marcará unha nova forma na sociedade.

E en xeral eu diría que hai así como unha protesta contra tanto deterxente que nos arrodea e outros produtos da sociedade de consumo, unha protesta un pouco irónica.

Sen dúbida teñen o maior peso nas preocupacións do Seminario as relacións socio-económicas do home, como Deus manda, o que quere decir na miña maneira de ver, que este Seminario ten ben apoiados os pés na terra. Todo apunta a reforma-los sistemas de relación humana, os sistemas de estudio, de traballo e de propiedade dos bens de produción. Trátase dun problema de estrutura da empresa, do mar, da terra, da industria, dos servicios e da formación dos homes.

E como estamos nun tempo crítico, no que se queren reformar cousas mais non se sabe cómo, penso que sería útil adicar unha xuntanza a imaxinar concretamente formas que debería te-la empresa pra que en lugar de resultar un elemento de discordia, resulte unha integración dos esforzos dos homes cos recursos que dispoñen, pra cumplir unha función de servicio deles mesmos, como é en puridade a empresa, anque se atopa deformada por diversos tensores que tiran dela. É decir, eu estou imaxinando, pensando aquí que a empresa é unha cousas independente dos que a crearon. A empresa nace así espontaneamente, un

pouco por egoísmo e por unha serie de cousas, pro a empresa ó final cumple outra función: a empresa artesá está satisfacendo unhas necesidades concretas nada máis, pro despois mistúrase a especulación, mistúranse unha serie de cousas, certos tecnicismos, certos cientifismos e van deformando a empresa: entón a empresa está cumplindo outras funcións distintas. Penso, cos adiantos que se teñen hoxe, que habería que volver a estudiar outra vez o problema e pór outra vez ó día esas cousas, anque se atope deformada, por exemplo:

— As necesidades que ha satisfacer.
— Os modos de produción tradicional estigmatizada no home.
— A iniciativa do home capaz a crear, a soster e a transforma-la empresa, a inventar pra ela, movida por varias motivacións.
— A cantidade de traballo verquido nela.
— Os recursos materiais que emprega en relación co traballo.
— Os recursos de diñeiro que emprega en relación cos outros factores.
— A propiedade dos recursos materiais e de cartos.
— A transmisión en vida ou por morte da empresa, dos recursos materiais e de diñeiro, etc.

Son factores que sen dúbida teñen que ter unha relación óptima que traducida a números e coeficientes e pasada por un ordenador (xa alguén dixo que a economía debía estar gobernada por un ordenador), podería dar fórmulas constantes de solucións pra estes problemas tan árdegos que até agora se veñen resolvendo a corazonadas, con accións e reaccións.

¿Por qué este Seminario integrado por universitarios, escritores e artistas, non dedica unha das súas xuntan-

zas a imaxinar solucións a este problema? Serían de gran valor pra logo poder contrastar estas solucións con outro Seminario formado por profesionais deste problema.

Camilo González Suárez-Llanos

As diversas suxerencias e comunicacións presentadas neste Seminario inspíranme as seguintes observacións:

A intención orixinal do Seminario supuña no seu desenrolo un predominio da imaxinación, mais supuña tamén unha total espontaneidade por parte dos concurrentes. Ora esta espontaneidade deu o resultado, quizais non desexábel, mais inevitábel, de que, coa feliz excepción de Cunqueiro o conceptual predominou moito sobor do imaxinativo. Penso que non podía ser doutro modo.

O Seminario reflexou, como por outra banda é natural, a insatisfación xeneralizada polos efectos do seudo-progreso na sociedade contemporánea, e polos vieiros polos que esta semella encamiñarse, vieiros que levarían á desaparición de Galicia.

A rebelión contra este seudo-progreso expresouse aquí como imperativo da volta á natureza galega. Paradoxicamente, revolución e tradición están hoxe estreitamente vencelladas.

Podemos decir que a volta a unha Natureza galega significa a configuración dun auténtico home galego. Mais isto soa a demasiado metafísico. Porque ¿qué é un auténtico home galego? Penso que non debemos nin tratar de definilo: definilo sería limitalo, cousificalo, quitarlle a súa libertade convertíndoo nun po-

bre esquema conceptual. Tomemos polo tanto un carreiro máis concreto. Recurramos ós exemplos.

Son evidentes os perxuicios causados polos tipos de cidades que se están a construír; é evidente que o desarraigo da poboación non pode defenderse; que a proletarización é indesexábel; que os medios de comunicación tenden a empobrecer, ou a aniquila-lo patrimonio cultural dos pobos; que o esquecemento do noso idioma será lamentábel; que a escisión de Galicia en castas incomunicadas —galego-falantes e castelán-falantes, urbanos e rurais, e, por outra banda, cada parroquia ou cada vila pechada en si mesma, ou máis atenta a Barcelona, Xenebra ou Caracas que ó resto de Galicia—, é desastrosa; é evidente que o complexo de inferioridade galego debe ser superado.

Ora ben, todos estes non son máis que aspectos do seudo-progreso. Cómpre, pois, opoñerse cada quen ó seu xeito, a cada manifestación do seudo-progreso que sexa detectada, e ás causas da mesma, e esta oposición, considerada en conxunto, nós representámola como unha volta á Natureza nosa (quizais outros países a representen doutra maneira). Quizais inflúa tamén nesta especie de transcendentalización da Natureza que fixemos, a nosa frustración histórica, o non termos conciencia histórica, como foi sinalado no curso do Seminario. Na última sesión houbo moitas maneiras de aludir a este imperativo de volta á Natureza: Galicia definida como país agrario e gandeiro; Galicia vista como unha inmensa granxa; desaparición de piñeiros e de eucaliptos —ou sexa, do que non cadre coa nosa Natureza—; Galicia como unha grande cidade verde; o home galego configura-

do pola Natureza; un constante diálogo entre o home galego e a Natureza; unidade indisolúbel entre a terra e o home galego; un ensino do entorno do home galego, etc.

Mais, naturalmente, trátase dunha volta á Natureza asimilando todo canto sexa progreso auténtico. O cal comprende a posibilidade dunha máxima integración no ámbito cultural ó que pertencemos, dunha máxima apertura de Galicia.

Eu vexo, en resume, que hai acordo nos seguintes puntos:

1. Que a desgaleguización é un resultado do seudo-progreso.
2. Que «galeguización», «volta á Natureza» e «progreso auténtico», son diversas maneiras de expresalo mesmo.
3. Que esta galeguización debe concretarse nunha oposición ós aspectos do pseudo-progreso.

Piñeiro

Eu tratei de resumir pra min o que decía cada un, e logo ve-las coincidencias. Vin por exemplo no problema das cidades, que había unha coincidencia no concepto do que deben se-las cidades, na limitación do tamaño das cidades. Así, Álvarez Blázquez di que non deben pasar de 300.000 habitantes; Cunqueiro di que as grandes vilas ou as grandes cidades deben ter un tamaño moderado; Casares di que as cidades son máis ben caixas feitas pra homes sen identidade, ou sexa, hai unha actitude frente ó urbanismo desmesurado. Suárez-Llanos fala da remodelación das cidades como unha das necesidades de rectificar erros. Fran-

co Grande fala da desaparición dos criterios urbanísticos de 1977, precisamente pra pór en comunicación directa ó habitante urbano co campo, coa natureza. É decir, que hai unha insistencia e unha coincidencia en que o urbanismo, a concentración urbana debe ser limitada, diriamos mesurada. Ese é un dos temas en que se nota coincidencia.

Outro tema é o da Natureza, que é o que acaba de sinalar Suárez-Llanos; Álvarez Blázquez, sinala que todo galego terá direito a unha parcela de terra proporcional ós días libres de que dispón ó ano, e fala tamén dunha lei da terra virxe pra protexe-la pureza da Natureza, da paisaxe, de todo isto que ten unha vinculación directa aínda prós da cidade, é decir, que un dos seus dereitos debe se-lo de poseer unha parcela de terra proporcional ós días libres que teña ó ano pra poder cultivar; Cunqueiro, na súa concepción do país, xa di que debe ser regulado polo ritmo do trigo e da vaca, o ritmo virxiliano que chama el, ou sexa, que xa o concibe como un país fundamentalmente agrario, gandeiro e forestal, rexido por ritmos máis biolóxicos ca técnicos; Seoane fala de Galicia como unha inmensa granxa, que é unha idea similar á de Cunqueiro, e logo fala mesmo de que se deben divulga-los coñecementos e os adiantos mediante unhas publicacións, pra incorpora-los coñecementos válidos do progreso a esa vida do país-granxa; Casares fala de recupera-la terra, de recupera-lo espacio natural e creba-lo cerco no que pretenden pecha-las cidades; é decir, que hai como unha intención de volver ó contacto directo coa Natureza; Suárez-Llanos fala da preservación das aldeas, das parroquias, das vilas, das bisbarras, das cidades, é decir, que a súa imaxe de Galicia inclúe a preservación de toda esta estrutura, que no fondo é a estru-

tura da Galicia tradicional; e respecto das cidades, fala tamén da necesidade de remodelalas, ou sexa, que tamén considera necesario que as cidades sexan sometidas a uns criterios regulados en función do conxunto; Franco Grande considera que o obxectivo primeiro das cidades é mante-lo contacto permanente coa Natureza, é decir, encara-las cidades coa Natureza. Eu mesmo sinalo que no ano 2002, Galicia debe ter en marcha un desenvolvemento cultural, económico e social, que permita asimila-los produtos valiosos da civilización industrial e conserva-la capacidade de contacto e de diálogo coa Natureza. Como vemos, hai unha coincidencia amplia dabondo en sinalar esa necesidade de conserva-lo contacto e a comunicación, a convivencia coa Natureza cósmica e biolóxica, non só coa Natureza social urbana.

Logo hai tamén o tema da lingua, no que igualmente se producen coincidencias.

García-Sabell

Fixen unha cousa probablemente excesivamente rápida e excesivamente esquemática, porque o tema naturalmente daría pra falar moitísimo; é moi conceptual, mais paréceme que é interesante por unha razón, porque quero comentar unha cousa que vin que se aludía a ela en varias intervencións na última xuntanza, á que eu non puiden vir, e que se aludía naturalmente citándoa, porque eu fora un dos que falei diso, que foi do «artellamento entre o home e a natureza». Eu dixera que non se pode entender ó home galego se non se entende como unha entidade hipersumativa, como algo que é máis ca unha suma entre a criatura humana e a natureza que o envolve. Algún pregunta,

¿en qué consiste ese artellamento? E isto é o que me propoño comentar aquí porque pode mesmo servir un pouco de base pra unha futura pescuda encol do home galego.

Unha e outra vez aludiuse á miña afirmación de que o home non pode ser entendido se non se considera como unha estrutura complexa de criatura humana e mundo, isto é, de ser persoal e Natureza transpersoal. Preguntase en que consiste, que forma ten esa estrutura, pois así formulada, sen máis explicacións, non parece ofrecer un perfil ben delimitado; estou absolutamente de acordo.

Polo de pronto, debo decir que esa estrutura non é unha cousa, non é algo sólido que ahí está pra que ollemos nel e poidamos identificalo. Non. Tampouco é unha metáfora. Esa estrutura é, en troques, algo que sucede, é un acontecer. É un proceso que se desenrola entre dous termos: un suxeito e unha exterioridade. Indo unha migalla máis alá: é unha pura dinamicidade. Por conseguinte, algo sen bulto, sen dimensións especiais, un proceso. Agora ben se eu postulo que o home galego é o resultado da súa interacción constante coa Natureza, da acción bilateral de ámbalas instancias, estou a sentar algo non propio nin específico de nós, senón algo que se dá constantemente en moitos pobos primitivos. Por exemplo, o investigador Thomas, nun traballo importante sobor da antropoloxía relixiosa da África negra, afirmou que «o negro atópase en estado constante de diálogo coa Natureza». E esta aserción poderíase extender a outros pescudadores dos fenómenos de comunicación de determinadas comunidades co mundo de arredor.

¿Supón pois a miña afirmación que por baixo dela se esconde o amarguexo de supor que nós somos un

pobo pouco evolucionado, como un pobo negro de África? De ningún xeito. O que o negro pescuda no seu trato coa Natureza —isto sábese polo traballo de Thomas e por moitísimos máis— é orientarse no que os especialistas chaman «o tecido de significantes» do medio circundante. Intenta o negro apreixar presaxios mortais, indicios de ameazas, prescripcións pra futuras condutas, etc. E tamén o home galego, —isto é evidente— como di Piñeiro na súa comunicación, o home galego faille preguntas arreo á Natureza. E, naturalmente, obtén respostas. Até este punto o negro e o noso paisano seméllanse. É a veta de primitivismo que pasa por nós e que, en grande medida, conforma a nosa específica persoalidade, (e eu penso que non convén esquecer esta dimensión primitiva, moi interesante, de nós). Mais pobo primitivo non quere decir pobo retrasado. Pode selo, qué dúbida ten; mais non é forzoso que o sexa. A ligazón coloquial coa Natureza non ten por qué ser meramente defensiva e, por ende, mesquiña ou, cando menos, monótona.

Porque iso si, o proceso dinámico da comunicación co mundo circundante dos pobos primitivos é sumamente igual a si mesmo. Tamén este vector de repetición, de iteración e de inercia, de estereotipia (dan sempre a impresión as maniobras dialogantes do primitivo coa natureza de estereotipias, como se dan en certas condutas anómalas por determinadas enfermedades mentais), de estereotipia constante da propia conducta, ten sido estudiada con fecunda profundidade polos entendidos nestas cuestións. Agora ben, o que o home galego engade ó que orixinariamente foi maniobra protectora ou encubridora, do que foi expediente pró enquistamento individual ou prá pervivencia da colectividade, é a súa imaxinación. Eu diría máis. Díria provocadora, inventora, susci-

tadora, anovadora. Nada hai que guste máis ós nosos compatriotas que o turrar das cousas pra que as cousas amostren, de súpeto, facianas endexamais albiscadas. O home galego é o grande transtornador da relación significante-significado. E se en algo resulta mestre incontestable, é na súa capacidade pra revirar esa relación, de tal xeito que o significado resulte ás veces significante e o significante resulte ás veces significado.

Ó laberinto da Natureza (e aquí estamos adiantándonos na esencia mesma do artellamento «home galego-natureza galega») engade el o seu persoal laberinto. Co cal, por unha banda, humaniza o mundo que agora é tanto mundo coma el mesmo. A humanización da Natureza, pois, debe entenderse, segundo eu penso, como a operación comunicadora mediante a que esta, a Natureza, sen deixar de selo, é ó tempo o home. E entón, cando este fai preguntas, é el que se contesta a si mesmo. Moita da conversa entre o galego e a Natureza é un monólogo por interposta persoa. Dito doutro xeito: cando a Natureza se expresa en Galicia, e o seu habitante a escoita, no fondo está a escoitarse a si mesmo.

¿Qué hai aquí nestre intre? Pois hai un proceso moi típico da nosa xente, a saber, o tomar distancia dos problemas, o collérlle-lo tempero de esguello, o obxetivalos mediante unha forte dose de obxectivismo. Por iso o home galego é tan humorista, pois daquí ó humorismo non hai máis dun paso.

Mais eu penso que tamén tal expediente descobre outra faciana sumamente característica do home de Galicia, o seu poder imitativo. Se hai alguén que posea aptitudes miméticas —pra ben e pra mal— ese é a criatura galega. ¿E onde está aquí a imitación?

Pois sinxelamente en que as reviravoltas coloquiais home-Natureza son un reflexo humano das reviravoltas da propia terra. Hai en Galicia un barroquismo natural, un barroquismo da paisaxe, das cores, das formas, dos cámbeos súpetos e contraditorios do tempo, das carreiras imprevisíbeis dos riachos, do lusco fusco das animalias, etc., ó que agora se engade o barroquismo psicolóxico da intercomunicación humana. O home crea o seu específico barroquismo e, con iso, non fai senón segui-lo barroquismo que o mundo de arredor está a ofrecerlle constantemente.

Por outra banda, ese diálogo coa Natureza é un sustituto, en nós, da percepción clara do tempo histórico. O percorrer cronolóxico enténdese se vai ligado ós fenómenos da Natureza. Neles sitúase todo o entramado existencial. «Fulano morreu naquel inverno de tanta choiva»; «Mengano emigrou cando a boa vendimia de hai dous anos». Os dous anos poden ser cinco ou dez. Mais o que non ten volta é a boa vendima.

Entón, temos que a interacción do home galego coa Natureza vai máis alá do mero primitivismo de certos pobos. Está, por decilo dalgún xeito, máis evolucionada. E en ámbolos casos hai por baixo desa interacción un conxunto de crenzas, de inconscientes posturas trans-individuais. Pro no primitivo son esquemáticas, un tanto inertes e ríxidas. En nós son variábeis, quere decirse, en trance contínuo de creación libre, desusadas, imprevistas e moi pantasiosas. Son dunha grande, insospeitada fartura. E non deixan de suxerir que baixo delas buligan varias efectividades máis ou menos metafísicas: o fondo céltico ó que agora se volve, o sedimento pagán, e o forte, enérxico chan do cristianismo.

Como se ve, as diferencias de contido e de rede constitutiva, se facémo-la comparanza cos pobos primitivos, son considerábeis. E, chegado a este punto, quisera resumi-lo xa exposto. Velahí, ó meu ver, en qué consiste a estrutura home-mundo, ou home-Natureza que eu teño definido como o ser esencial da criatura galega:

1.- Esa estrutura non é unha realidade material, é unha realidade funcional. Non é unha cousa, é un suceder, un acontecer.
2.- Inicialmente consiste nunha conversa constante coa Natureza.
3.- Nisto aseméllase ós primitivos de hoxe.
4.- Nesa conversa o galego fai preguntas e a Natureza responde. Igual sucede co home primitivo. Ámbolos dous tratan, coa conversa, de defenderse, isto é, de que a Natureza lles gasalle signos e advertencias ocultas.
5.- A novedade, por parte do galego, consiste en provocar situacións novas pra obrigar á Natureza a manifestarse. Frente á inercia do negro primitivo, o galego introduce a súa imaxinación e crea novas realidades dialogantes.
6.- Isto equivale a introduci-lo seu ser persoal no ser da Natureza. Co cal ela queda, inmediatamente, humanizada.
7.- Con este proceder, o home galego contéstase a si mesmo ó través da Natureza.
8.- Asi toma distancia dela. E así abona o chan pró humorismo.
9.- Entón a criatura galega imita o barroquismo da Natureza mediante a introdución do barroquismo psicolóxico —quizais fora máis xusto decir antropolóxico— da súa propia persoa.

Agora ben, todo este entramado é iso, un entramado, cómpre decir, algo que non se pode destrabar sen verque-la súa consistencia, aquilo no que el consiste. Suprimide algúns dos factores apuntados e veredes cómo o home galego queda eivado, toco, sen totalidade e, o que é peor, sen posibilidades de ser apreixado a fondo. Suprimide por completo esa conversa home-Natureza e a criatura galega perderá esencialidade. De ahí que eu pedise a consideración en conxunto dos dous vectores que compoñen a súa textura antropolóxica.

Dirédesme a isto —e xa se leva dito nalgunha comunicación anterior, por exemplo a de Casares— que o home galego actual anda a fuxir do campo e a aniñar nas cidades, e que nelas parece que, polo menos até agora, vive a gusto. Certo. Mais eu penso que, con todo, esa é unha situación provisional que durará canto se queira, pro que non deixará de ser provisional. No fondo, é unha emigración interior, un trasunto de emigración exterior. As causas son as mesmas: a miseria, a imposibilidade de vivir do traballo labrego, o peche de solucións axeitadas, etc., etc.; e xa sabémo-lo que aconteceu cos emigrantes clásicos. Seoane fixo a descripción no seu traballo da xuntanza previa. Teño a seguridade de que, no fondo do fondo da súa alma, eles seguiron vivindo a carón da Natureza lonxana, máis imaxinada ca vista, máis ventada ca experimentada. E eu tamén teño testemuñas directas e conmovedoras desa actitude. E con ese vivir cabo da Natureza ausente, tamén eles dalgún xeito, continuaron a falar con ela, e con ela dialogaron un parladoiro radical e emocionante porque era un parladoiro sen verbas. Velahí o segredo de moitas actitudes xenerosas e patrióticas dos emigrados.

Vexo ó home galego do ano 2002 nunha volta á Natureza, nesa cidade-xardín que todos arelamos, sen afogos e sen angurias. Vexo ó home galego de regreso ó chan nutricio do que endexamais se afastaría se non fora polas condicións históricas, ese demo da Historia que Cunqueiro tan sutil, tan sagaz e tan profundamente decía, xa non será posíbel, no mundo vindeiro, facer.

Ese chan nutricio, esa Natureza que está nel e que el leva decote consigo, esa natureza que el fixo, que el, pola súa banda, tamén suscitou. Un e outro realidades condicionadas polo xogo creador dos dous.

Naturalmente aquí habería que comentar un pouco o problema do humanismo do que nalgunha comunicación se fala. ¿Cómo se debe entender, seguindo este punto de vista, o humanismo noso, o humanismo dos galegos? ¿Cal é a situación actual no mundo do humanismo? ¿Cal é a crise? Estudiar un pouco o que os actuais antropólogos chaman as desilusións e humillacións do home que deron lugar á crise do humanismo; o papel que no rexurdimento do humanismo galego ten non somentes o diálogo home-Natureza, senón tamén o idioma, etc. etc., mais entón isto convertiríase nun parladoiro dunha hora. Isto é como vexo o problema da comunicación home-natureza en Galicia.

Díaz y Díaz

Recollo algunhas das suxerencias que se fixeron aquí nas exposicións, nos comentarios da última xuntanza até agora, pra propoñer que se discutan algunhas cuestións.

En tódalas versións de imaxinación de Galicia que se leron, discutiron e sistematizaron, hai algo que chama de contado a atención, a idea que teñen tódolos membros do Seminario dunha puxavantada extraordinaria do carácter agrícola de Galicia, frente a toda visión de tipo industrial. Agora ben, anque a cousa industrial se tocou dalgunha maneira —Díaz Pardo fala da necesidade de tocar aquí problemas da empresa pra imaxina-la empresa en Galicia no 2002— da inmensa maioría das comunicacións está prácticamente ausente todo o problema da empresa e da industria.

Díaz Pardo

Eu penso que cando se fala de granxa en Galicia, suponse xa de contado a industria que se deriva de todo iso.

Díaz y Díaz

Eu pregunto: ¿como ven os membros do Seminario o problema da industrialización, tanto en función de hoxe como podería ser no ano 2002? Industrialización non só no aspecto de derivado primario. Alguén falou da necesidade de que as industrias sexan a nivel humano, mesmo de nivel artesán.

Franco Grande

Falábase dun sistema de producción e de consumo de tipo cooperativista; entón xa apuntabamos unha solución global, non aś industrias básicas senón ó sistema.

Seoane

Temos de ter en conta que a base fundamental da economía galega, que subxace no fondo de tódalas nosas comunicacións, seguirá sendo a terra.

Un país nace da terra e a xente que está a traballar nela pode ter unha mina, pode participar na mina, pode participar na industria. Agora, non hai que inventar industrias pra Galicia que son alleas totalmente a Galicia, que non teñen nada que ver con Galicia.

Díaz y Díaz

Hoxe é inconcebible un país do tipo que sexa, a nivel pequeno ou a nivel grande, sen unha industria. Cos supostos de hoxe a xente vainos reclamar unha visión sobre ese problema. Entón eu digo, ¿como ve o Seminario no ano 2002 o problema da industria?

Seoane

No pasado Galicia perdeu unha oportunidade de ter grandes empresas de diverso xénero.

Díaz Pardo

Tamén en Noia houbo fábricas de papel de embarullar, non de papel barba.

Díaz y Díaz

Prá discusión deste problema, lémbrome que xa no século pasado «La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago», tiña uns grupos enormemente preocupados.

Díaz Pardo

¿A Sociedade Económica? Eu alégrome moito porque pasei gran parte da vida defendendo as Sociedades Económicas de Amigos do País, que foron unha cousa moi importante.

Piñeiro

Eu penso que ese problema resólvese moi ben ó través das escolas. Á escola hai que darlle cultura agrícola e entón cambia a mentalidade completamente, porque en realidade a xente guíase pola rutina, pola inercia.

Seoane

Tamén hai que ver cómo unha parroquia enteira non pode facer cousas en Galicia que algúns fan na América

Piñeiro

Porque os homes que emigraron á América eran homes con iniciativas, por iso emigraron. A necesidade de defenderse alí era moito máis acuciante, había que competir.

Seoane

Pro moita xente con iniciativa quedou aquí, non foi á América: por outra parte non tódolos que foron a América eran xente con iniciativa; tamén había xente que seguía unha rutina.

Piñeiro

Pro en xeral era unha sociedade de emigrantes de moito máis empuxe. Na loita común irmanábase e aquí non.

García-Sabell

A min paréceme que hai ainda dous temas: o tema da industrialización e o tema do ensino.

Díaz Pardo

Paréceme que a palabra *industrialización* non é a axeitada. Industrialización significa algo como un desexo maximalista, e non creo que ese sexa o noso cometido.

García-Sabell

Pro é un tema que hai que tocar.

O tema da próxima xuntanza podería ser: «A industria, o home e a terra».

Díaz y Díaz

¿Cómo se explica isto que tradicionalmente dentro e fóra de Galicia se chama a retranca galega?

García-Sabell

Eu creo o seguinte: é unha teoría moi pensada de antigo. Por un lado que o «eu» do home galego é enormemente complexo e probablemente ten tres «eus» diferentes. Na relación co semellante ten un primeiro eu que é o que eu chamo o «eu da aceptación». O home galego ó dialogar cun descoñecido, por exemplo, inmediatamente se abre e acepta todo o que o outro diga, aínda que esa aceptación supoña o ir contra as súas propias convicións. É o que está moi claramente expresado neste frase coloquial: «si señor, si». Acepta absolutamente todo. Pro este aceptar do home galego do que o outro di, non supón unha servidume nin supón unha loubanza. Simplemente un agardar a ve-las intencións do outro, é decir, é unha manobra pra tomar tempo e facer unha descuberta do que o outro é. A este primeiro «eu» segue un segundo «eu comunicador» no que xa se afianza el mesmo e xa responde a iso. E un terceiro eu, que é «da colaboración». Referíndonos ó primeiro, ó da aceptación, esa aceptación ten unha forma que é a de contestar preguntando. A contestación preguntando é outra maneira de coñecer mellor as intencións do que ten enfrente, e no fondo todo iso é unha manobra defensiva que á súa vez se explica por un arrastre histórico de frustracións. Isto é a forma pura da primeira reacción do home galego co semellante. Eu sempre conto unha anécdota que pasou cun amigo

meu, pro á que eu asistín. É galego pro vive en Madrid; un madrileño preguntáballe que como era o home galego. El comenzou a facer unha descripción. Nun momento dado o madrileño interrumpiuno e díxolle: «E vostedes os galegos, ¿por qué contestan sempre preguntando?» Ó meu amigo colleuno de pronto de sorpresa, non contaba con aquilo, pro contestou rápido: «E a vostede ¿quen llo dixo?». Isto é un xeito de vence-la sorpresa, de gañar a esta.

Esta é a forma pura e digamos valiosa. Agora iso é unha cousa e outra, ó meu modo de ver, é a retranca. Eu da retranca teño mala opinión. En xeral paréceme unha forma negativa do escepticismo do home galego. Creo que era Seoane quen falaba de que os galegos somos moi escépticos; hai outra frase sacramental en Galicia que fixo moitísimo dano e que quizais puidera explicar moitos dos fracasos, de industrias e demáis; é a frase: «total, ¿pra qué?».

A retranca xa non é unha forma de bulra como é a do humorismo que comenza por bulrarse del mesmo, de si propio; a retranca é unha forma de depreciación, é un xeito de rebaixa-lo que diga o outro, o que suceda, o que diga eu mesmo: por iso me parece absolutamente negativa. De modo que eu creo que hai que distinguir moi ben entre o que é contestar preguntando, entre o que é aceptar de boas a primeiras o que o outro di, pro é unha aceptación reservada e un tanto condicionada, e destruir todo o que o outro propoña, que é unha forma do escepticismo galego, que é un dos nosos vicios.

Agora, frente a iso ten outros valores sumamente importantes e eu creo que nisto que sinalaba da relación do home galego coa natureza é probabelmente unha das poucas cousas que quedan no mundo de

posíbel pervivencia do humanismo. Eu de pasada decía que o humanismo está hoxe en creba no mundo enteiro, polo que os antropólogos chaman as humillacións. Estas humillacións comenzaron historicamente con Copérnico. O humanismo o que quere decir é que o home está alá enriba, que é o cume e que ademáis domina todo, que é unha entidade exenta, etc.; entón chega Copérnico e di: En primeiro lugar, o planeta que vostedes habitan non é o centro do mundo. Esta é unha primeira humillación. Logo ven a de Marx. Marx demóstranos cómo a relación humana é radical e esencialmente inxusta; entón todo ese suposto Edén que o home crera que chegara a crear, vénselle abaixo con toda razón. Outra é a darwiniana. Resulta que o home non foi creado exprofeso e á parte, senón que é o resultado dunha evolución. Na vulgarísima frase «o home ven do mono», aínda que non sexa así na moderna interpretación do evolucionismo, pro evidentemente hai unha concatenación, de xeito que tamén neste sentido sufriu o home unha enorme humillación. Logo ven a de Freud: «o home é primordialmente instintos»; esta eu aceptaríaa moi condicionalmente, porque eu creo que é falsa. Agora ben, o feito de que sexa falsa non quere decir que non operase, e humillou enormemente. E a última é a de Heidegger, a do existencialismo, cando di: «o home é un ser ó que botan ó mundo», a ninguén se lle pide permiso pra nacer; pra dar lugar a unha criatura nova, guíndano no mundo, non sabe a que foi, e desemboca, ó final, na nada (que isto é en esencia a antropoloxía hegeliana e existencialista). Dahí que os novos movementos, o neopositivismo por un lado con tódalas súas ramas, o estruturalismo por outro tamén con tódalas súas ramas, afástanse dese problema, non queren saber nada de se o home é a

cabeza da creación ou non; pro ese mesmo apartarse, ¿que ven a significar? Pois ven a significar que o humanismo está absolutamente en crise.

Afirmo que unha das poucas formas do humanismo que existe no mundo non é só nosa, pro éo primordialmente: é a relación do home galego coa natureza. Teño experiencias neste sentido asombrosas e conmovedoras; por exemplo, cando na miña casa da Rosaleda se puxo a madeira de castiñeiro nos pisos e nas portas, un dos obreiros decíame: «Mire vostede, non sabe o acerto que ten en poñer todo de castiñeiro, porque despois veñen os cambios do tempo, as madeiras cruxen, e a casa fala». Iso era o que lle interesaba ó carpinteiro. É un humanismo absolutamente inalcanzábel polo que os antropólogos chaman as desilusións e humillacións do noso tempo. Ó home galego tenlle sen coidado que a terra deixe de se-lo centro do universo, porque o centro do universo pra el é a súa terra. Somos unha pequena realidade, pro é o meu mundo, e así é indestrutíbel. Dahí que se a industria destrúe á natureza, sexa un gravísimo pecado. Eu engadiría ó pecado da contaminación, tódolos demais pecados de que os demáis aquí falarán no seu día, este tremendo pecado que destruiría o derradeiro muro dos humanismos que hai no mundo: ó home galego tenlle sen coidado que haxa un antecesor antropoide; polo feito da súa inserción no mundo, polo estilo especial no cal o home galego se insertou no seu propio mundo, é, sen propoñerse, absolutamente inatacábel polas humillacións dos outros.

Piñeiro

Son os humanistas os que destruiron o humanismo.

García-Sabell

Creo que é interesante; por iso se me ocurriu facer esta intervención, non polo feito de pedantear un pouco sobre a relación home galego-natureza, senón porque creo que non se trata dun capricho meu. Moitas veces a xente, cando un fala disto, cre que está a facer metáfora e non hai tal metáfora; é algo real, absolutamente real, unha das nosas enormes riquezas sobre a cal se insertan tódalas demais.

Piñeiro

Como que eu penso que ese espírito un pouco desenvolvido podía ser unha especie de introdución ó traballo xeral noso.

García-Sabell

A riqueza antropolóxica do home galego é incríbel.

Díaz y Díaz

Cunhas dimensións moi particulares e orixinais.

García-Sabell

Enormes. A falar dos enfermos en contacto coa clínica; é enorme a diferencia que existe —á diferencia antropolóxica, refírome— entre un doente galego e un doente, por exemplo, castelán; e conste que non a invento nin a creo. Fixemos este estudio Pedro

Laín e máis eu; el atacara este problema desde Castela, e eu desde a miña perspectiva.

Unha persoa ten unha úlcera de estómago. A úlcera de estómago é universal, é igual aquí, que en Madrid, que en Hong-Kong; o que non é igual é a reacción a esa úlcera, o que se chama o poder patoplástico da doenza; a monotonía do enfermo castelán é sumamente cómoda pró clínico. O doente castelán é un doente «testifical», decía el. Totalmente de acordo. ¿Por que é un doente testifical? Porque dá testemuña; testemuña o que lle pasa e máis nada. Insisto en que isto é extraordinariamente beneficioso pró propio doente e pró clínico. Ō doente castelán pergúntanlle: «¿Que lle sucede a vostede? ¿De que se queixa?», que é a primeira pregunta que hai que facer, e responderá: «Eu quéixome de que me doe aquí na boca do estómago, non cando xanto, senón ás dúas horas; pro se tomo algúns sorbos de leite, páseme a dor». Xa sei o que ten. Está facendo unha testemuña do que lle sucede a el.

En cambio, o enfermo galego é moi difícil que testemuñe os seus síntomas, que os dea directamente. Se se lle pregunta ó doente galego: «¿De que se queixa vostede? ¿Que lle sucede a vostede?», o que dá non é o síntoma, senón unha interpretación persoal do síntoma.

A base dunha interpretación persoal, el construiu unha teoría da súa doenza. Eu lembro un enfermo, hai xa moitos anos, que chegou á miña consulta; fíxenlle a historia clínica e sentouse frente de min; tomei os datos e díxenlle: «¿Que lle sucede a vostede?» «Pois pásame, replicoume, que non me coce a comida no estómago». A min que a alguén non lle coza a comida no estómago non me di nada. Respóndolle:

«Moi ben, non lle coce a comida no estómago; entón, ¿que pasa?, ¿é que lle doe o estómago?», e contéstame: «Doer, doer, psé, é que non coce». «Pro ¿é que lle cae a comida pesada é ten a dixestión moi lenta?» «Mire, D. Domingo, é que non me coce a comida no estómago». E insistiu en que non lle cocía. Era a súa propia idea. Ê tan importante, que moitas veces o enfermo galego, a base das súas interpretacións e construída a súa teoría, o que vai buscando do médico non é que diagnostique a súa doenza, senón que lle confirme a súa teoría, o que é increibel.

Unha cousa que comenza agora a estudiarse, chámase a morte psicoxenética. Non sabemos ben en qué consiste, pro xa ten un nome, como pasa sempre na ciencia. O verdadeiro termo desta cousa tan galega, que sobre todo se dá nos vellos, e dábase tamén na guerra, do home que se mete na cama e di: «Vou morrer», «Eu vou morrer». Cólleno, explórano, non ten nada, pro morre. Así, soldados que morrían no Hospital sen doenza ningunha. Veleiquí outra faciana da fartura e complexidade antropolóxica do home galego.

Díaz y Díaz

Tal como diximos, na próxima xuntanza falaremos básicamente da industria, o home e a terra en Galicia.

V

9 xullo 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A INDUSTRIA, A TERRA E O HOME

Asistentes:

— Barros Pardo

— Cunqueiro

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Fernández de la Vega

— Filgueira

— Piñeiro

— Seoane

Díaz Pardo

O millor que se pode facer é ler esta Crónica tomada do xornal «Galicia».

CONMEMORACIÓN DO XX ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 26 de xullo do ano 2002.

Onte, no Auditorio principal do Hospital Real, celebrouse o XX aniversario da fundación do Consello de Galicia. O presidente fixo un balance da tarefa realizada nestes 20 anos, na que destacou a obra levada a cabo nos sectores da produción.

«Este edificio —dixo— serviu de base, e segue servindo, ós estudios nos que se fundou o desenvolvemento do camiño polo que avanzamos hoxe. Unha parte importante da nosa historia, a boa e a mala, pasou por esta casa. Hoxe sabemos que o máis importante pra nós son as nosas cousas, e que é a partir delas, correxíndoas, facéndoas evolucionar, desenrolándoas, como temos que ir afirmando o noso futuro. Acó nesta casa foron valoradas as nosas cousas por riba da sorte que cada unha delas tiña. É así, como fumos conseguindo que hoxe a nosa xente xa non teña necesidade de saír da súa terra por motivos económicos».

«Se voltámo-los ollos ó pasado —seguiu decindo—, e está ben relembra-lo pasado voltando atrais os nosos ollos mais non as nosas formas de convivencia, podemos rexistrar que este soberbio edificio enchido de historia e de significado pra Galicia pasou por intres difíciles nos que, valeirado, perdeu o seu verdadeiro sentido. Este Hospital de Galicia, creado pra servir ós que viñan a pelengrinar até nós por tódolos vieiros do mundo, máis tarde convertido en Hospital onde os galegos peleriñaban dende tódolos currunchos da terra pra cura-las doenzas do corpo, estivo un tempo convertido en hotel de luxo pra turistas ricos chegados xeralmente do extranxeiro, empresa de vanidade que obrigou a descristianiza-la capela gótica que acó se encerra».

«Gracias á nova concepción que entón inaugurouse, revolucionando a administración e a tendencia dos medios de produción, axustándoos ás táboas de organización empresaria, obra da que os galegos podemos enorgullercernos pois acó foron creadas, e nas que se estima dunha maneira científica o valor dos distintos componentes da empresa en razón dos seus fins, gracias a esta nova concepción, digo, Galicia pudo correxi-los sistemas aberrantes que se estaban impoñendo hai 25 anos na nosa terra baixo o signo da especulación no campo dunha industrialización de emerxencia permanente. Hoxe temos esa poderosa arma que supón a organización consciente dos distintos intereses que traballan na empresa».

«É ben relembrar certas cousas pois xamais desaparecerá o risco de que podan esquecerse e voltemos a caír nos mesmos erros. Pode decirse que a mitade do século XX estívose a traballar en toda a península en diversos plans de desenrolo que non tiñan en conta máis que intereses sectoriais, xeralmente lucrativos,

de xeito que a maior parte da economía industrial que se facía no noso chan era claramente dependente, e en troques de millora-la situación económica dos galegos estes tiñan que seguir emigrando. Do grado aberrante desta industrialización indiscriminada dá unha idea o feito de que no intre en que en España empezou a alardearse de ser unha das primeiras potencias industriais do mundo é precisamente cando as nosas xentes estaban sendo enviadas ós paises do norte e do centro da Europa pra ofrece-los seus brazos en arrendo, cousa que non ocurrira até entón. Dolorosamente fumos comprobando como a industrialización empurrada pola especulación iba desfacendo a nosa economía e a nosa existencia como pobo, sin unha ideoloxía, sin un patriotismo que orientase os esforzos; moitas das obras realizadas eran contrarias ós nosos intereses, non encaixaban no noso medio ecolóxico, na nosa historia e asoballaban o noso patrimonio material e espiritual, creando grandes problemas sociais en lugar de resolvelos, burlándose das máis elementais leis da propiedade, burla que se facía por quenes no papel defendían a propiedade privada contra as demandas de socialización da propiedade que entón agromaba. O noso pobo galego tiña a obriga de deixarse expropia-las súas terras pola gran burguesía industrial, mentres que as propiedades desa burguesía industrial resultaban intocables, coas agravantes de que a reforma agraria estaba sin facer en Galicia e nos outros pobos peninsulares, porque non se querían expropia-las terras pra unha cousa tan fundamental como é a racionalización da produción do sector primario.

No ano 1977, Galicia foi tomando conciencia do seu destino. Os feitos socioeconómicos facilitaron que a Universidade Compostelana e os homes de fóra dela

loitasen pola recuperación da persoalidade histórica de Galicia nun movemento consciente que xa se tiña iniciado en 1923 co Seminario de Estudos Galegos, e dicidíranse a estudiar a fondo o problema de construi-lo futuro de Galicia furando no seu pasado. E así prolixas discusións que se desenrolaron entón levaron ó entendemento do problema estrutural de toda empresa humana, separando nela os factores creadores, organizadores, reformadores dos factores da administración, mantemento e defensa dos valores creados».

«Creado o Consello de Galicia en 1982, dividiuse en varios departamentos que formaron Segredarías agrupadas según a súa estrutura. Neste Pazo de catro patios no que estamos celebrando este acontecemento vinte anos despois integráronse os Departamentos que podían chamarse creadores, que constituiron o verdadeiro motor de cambio que estase operando en Galicia. É decir, que acó temo-la investigación coa súa ciencia básica, historia e economía, unida á educación, a tecnoloxía e a produción, que operan unidas nunha Segredaría de coordinación que serve ademais de enlace cos demáis Departamentos do Consello, repartidos en varias cidades galegas tales como os de traballo, produción e comercio do mar, do agro e da industria, facenda, sanidade, comunicacións e obras públicas, etc. Se a Presidencia do Consello de Galicia ubicouse precisamente neste Pazo á beira dos departamentos creadores, debemos entender que esto é pra obrigala a convivir co significado que debe ter toda empresa humana, preservandoa das deformacións rutinarias e burocráticas». O Presidente rematou facendo ver que é a eficacia da nosa administración entendida así como agora se entende a que acadou pra Galicia o respeto que hoxe se lle ten no mundo. Dixo

que falaba hoxe cumplindo instrucións da Presidencia Colexiada e coma noutras ocasións pediu que ninguén aplaudise. A continuación tódolos asistentes ó acto, no que se atopaban representantes dos outros pobos da Península, ademais doutros chegados do estranxeiro especialmente prá celebración, fixeron un recorrido polo Hospital Real de Galicia.

Filgueira Valverde

A min me parece que o menos que pode facer este xuntoiro é votos porque sexa Isaac quen pronuncie esas verbas no ano 2002 e que o único que desexamos é que denantes, no ano 1980 poida pertencer ó Consello de Galicia.

No que acabamos de escoitar, dentro dun parlamento de circunstancias, asinálanse as líneas sociais que poden dar base a unha transformación. Pro a min me parece que este tema teríamos que tratalo matinando no home galego: no que o home galego fai eiquí e o que fai fóra, e sempre nese xeito antitópico que eiquí cultivamos. Ante todo dise que o home galego fóra de Galicia ten un rendimento moitísimo maior que en Galicia. Esto é absolutamente falso. O que sucede é que o home galego fóra ten un traballo especializado, especificado nunha soa dirección; en Galicia ten sempre unha duplicidade de traballo porque ó mesmo tempo é labrego e outra cousa, de xeito que cando chega á casa non é pra descansar, senón pra adicarse ós traballos agrícolas. Eu sempre coidaría que na empresa futura teriamos que pensar que en canto aumenten as horas de ocio pró home galego van ser horas de traballo. O home galego ten unha inmensa capacidade de adaptación; polo tanto a industrialización de Galicia sempre ten que contar con

esta posibilidade de que con moi pouco tempo de preparación un obreiro poida facer una traballo extraordinariamente útil na empresa. Esto pode ser sempre unha promesa de eficacia da nosa xente, se a nosa xente pode non saír de Galicia pra traballar.

Outro tópico: os galegos fóra xúntanse e fan espléndidas empresas colectivas porque en Galicia non teñen senso de comunidade. O home galego non é un home individualista, é un home cheo de senso comunitario. Confúndese o amor do galego á súa propia leira, á súa propia terra, que é tamén unha sorte de humanización, e dese amor á terra e da defensa da súa terra, e dos seus dereitos sobre esa terra, a xente deduce que este home non ten senso de comunidade. Eu penso que o home galego ten un senso de comunidade inmenso, e mostrouno historicamente no tempo. A veciñanza orixina uns dereitos de axuda; nunha aldea galega ninguén se nega a axudar ó veciño. O que sucede é que non existe unha condución deste traballo de comunidade e que a xente descansa no estado, na burocracia, á que considera hostil. Na vida aldeá o labrego ten as súas igualas, os seus seguros, sin que ninguén firme nada, sin que ninguén se atreva a dudar dela. A xente fia moito máis neste tipo de iguala que nas que teñen recibos e contribucións. Hai este senso de comunidade cando se rebule un pouco na historia, pois está ahí na vida mariñeira; está en tódalas formas de tipo comunal de distribución dos beneficios da pesca —os peixeiros saben moi ben como se fai esto—; nos disfrutes dos muíños, que de seren señoriais pasaron a ser muíños de veciños; nos montes de veciños.

Fernández de la Vega

Ahí teño que facer eu unha obxección. A experiencia dos montes é todo o contrario do que estás decindo. O propósito do Xurado de Montes é establece-lo tipo de propiedade xermánica, entregarllelos ós veciños pra que constitúan unha xunta, se elabore unha ordenanza e logo se faga unha explotación en común. Pro todos eles o que queren é que lles entreguen os montes e despois repartilos, pro non explotalos en común de ningunha maneira.

Filgueira Valverde

Non é desconfianza no propio esforzo. O galego o que ten é desconfianza na administración. Séculos de mala, de pérfida administración fan que o home se sinta contra o Estado. O minifundio suscita a apetencia de ter máis terra porque se ten pouca non se pode repartir entre os fillos. Despois o labrego necesita ter terras distintas. Entón tendo unha terra que sexa un plano, quere ter tamén unha terra que sexa boa pró millo, e un anaco de mato pra ter toxo. Se existisen na aldea galega cabezas, conductores, a cousa sería moito máis sinxela. En Galicia o problema da educación vai ser moi difícil porque Galicia tería que facer un esforzo enorme pra convencer á xente vella de que a primeira empresa de Galicia é a empresa formativa. En xeral, a creba do posíbel cooperativismo de Galicia vai vir pola falta de xentes que en cada aldea sexan conductores. Denantes, co sistema das escolas unitarias, das parroquias servidas por cregos que viven nelas, ainda tíñamo-la posibilidade da influencia do mestre e do crego, que podía ser unha influencia caciquil, pro podían ser uns

intermediarios válidos pra que a xente escoitase. Hoxe ó enfrentarse cun grupo de labregos non se atopa un que estea dirixindo, iso vai ser, ó meu xuicio, a grande creba da empresa galega. O labrego que emigrou e que trouxo diñeiro non sabe que facer cos cartos, porque en Galicia faltan capitáns de empresas. Se se fai a estadística da empresa galega, atoparemos que o meirande número de nomes da empresa galega son nomes extranxeiros, de cando viñeron os franceses, os cataláns, os casteláns, os recueiros, os asturianos, e non nomes galegos. Os nomes galegos son excepción tipo Díaz Pardo, tipo Pepe Fernández. Aquí a nómina dos grandes empresarios creadores da riqueza de Vigo é de forasteiros. Non quero decir que o galego, que ten unhas cualidades espléndidas de traballo, non teña esas cualidades de condución de homes.

Fernández de la Vega

Faría falla unha empresa de empresarios pra transmiti-la experiencia dos poucos empresarios que hai.

Cunqueiro

Eu creo que é difícil unha empresa de empresarios; eu creo que esto podería xurdir dun desenrolo cultural máis xeneralizado, e non dunha búsqueda.

En fin, esto que decía Filgueira é decisivo. Eu recordo que era un rapaz cando xurdiu o movemento agrario no Val da Lorenzá con Gabín ó frente, que era paisano de poucas letras, pro foi realmente un agricultor que saíu da aldea e que arrastrou tras del todo aquelo.

Piñeiro

Entre o panorama que traza Filgueira, basado na experiencia do pasado, e o que traza Díaz Pardo pra dentro de 25 anos, realmente hai un salto enorme. Filgueira dá dúas bases positivas cara a este resultado: que o galego é moi traballador e que ten sentido comunitario, pro logo di que non hai capacidade de dirección e que non hai capacidade de empresa. Eu supoño que é certo que en Galicia se poida facer un censo de apelidos cataláns, vascos, vasco-franceses, casteláns que efectivamente invadiron Galcia nos séculos XVIII e XIX e crearon aquí comercio e crearon industria. Pro ¿cal era realmente a economía galega? Era unha economía puramente agraria, débil, de pura subsistencia mísera. ¿Cal era a condensación económica desa realidade? ¿qué froito deu? ¿quén cobraba as rentas desa economía? Os mosteiros que fixeron grandes fachadas barrocas, que agora enseñamos con moito orgullo, ou os pazos que tamén contemplamos agora con admiración. Iso é no que se condensou esa pobre economía agraria. Hai moitos grandes comercios e moitas empresas en América, nos sitios da emigración galega, creadas por galegos que emigraron analfabetos, e que triunfaron alí porque tiñan unha capacidade de empresa, unha capacidade humana de loita e de triunfo; o que non tiñan era a posibilidade na súa aldea galega de desenvolveren esa capacidade.

Filgueira Valverde

O que dixemos é que hai que suscitala e preparala.

Piñeiro

Si, pero o feito é que aquí non podía habela polas condicións que se daban. O que se necesita é unha política económica que teña en conta as realidades galegas e que as oriente; o mesmo que ten que habela política de fomentar esa capacidade de iniciativa e esa capacidade de dirección. O problema en último extremo, é un problema simplemente político, de que Galicia poida organiza-las súas enerxías, organiza-los seus recursos, organiza-la súa capacidade, pra desenvolve-las súas posibilidades.

Díaz y Díaz

Permítanme que reordene a discusión. ¿Cómo vai ser esa política económica suposta no ano 2002? Imos dar por salvada a dificultade política, e ve-los resultados económicos despois de resolta.

Filgueira Valverde

Eu non dixen o final. Pró ano 2002 eu pensaba, como Díaz Pardo, que Galicia terá un ambiente distinto producido por uns profundos cambios que ogallá non sexan uns cambios estériles. Hai que poñerse sempre no pé de soñar, de desexar, de supor, que eses troques tan profundos na vida galega non van esterilizar ningún destes aspectos, senón ó contrario.

a) O galego atoparía aquí un ambiente pró seu desenrolo comunitario, un ambiente semellante ó que atopou fóra.

b) O excedente de renda agraria que no XVII e no XVIII se verqueu sobre as grandes arquitecturas,

no XVIII, por algúns señores, escomenzou a verquerse en industrias, e atopáronse con dous obstáculos:

a dificultade legal de montar industrias como non fora ó amparo dun privilexio real;

a animadversión da xente nun troque cara á industrialización, animadversión que se dá igual agora en Galicia, sobre todo porque se buscan industrias desaxeitadas, ou porque a xente coida que o tributo de comodidade que se paga á industria non compensa en ventaxas (e además eso parte sobre todo de nós, dos burgueses, do pontevedrés a quen molesta a Celulosa). Hoxe a maioría non ve máis cos inconvenientes. As dificultades que houbo no XVIII foron as mesmas dificultades. O mosteiro en xeral non mantivo formas industriais. Pro en troques nós no futuro temos que pensar en crearmos unha Galicia cunha industrialización racionalizada, unha educación que libere ás xentes dos complexos do senso de inferioridade, que xurdiron na mesma escola. Unha escola que forme pra Galicia, unha escola preparatoria da emigración. É decir, unha Galicia que presente posibilidades. Se Ibáñez no seu tempo e Díaz Pardo agora, ofreceu ás xentes daquela comarca un proxecto de vida, nós aquí o que temos que decir é o que desexamos que se presente pra Galicia. A Galicia do ano 2002 terá unha industrialización, unha formación e unha educación racionalizada, uns bens galegos empregándose en Galicia, non indo fóra. Isto ten moitísimas dificultades, as que derivan do propio carácter economicamente deficitario en moitísimos aspectos da terra galega, e inconvenientes de tipo administrativo. É necesario buscar unha regulación de todo esto e na base

unhas necesidades educativas. No ano 2002 haberá unha Galicia nova e unha Galicia millor porque teremos preparado ó home galego pra millorar Galicia.

Piñeiro

Eso é certo, está moi ben e é así, pro o que eu creo que ocurre é que hoxe en día o potencial existente con capacidade pra realizacións inmediatas é superior ó que parece, e non está aproveitado; hai moitos galegos dirixindo empresas fóra de Galicia, é decir, o nivel de educación, de cultura, de capacidade, pra promover, pra dirixir e pra impulsar industrias ou creacións económicas é maior do que realmente se aproveita.

Filgueira Valverde

Este é un axente desencadeante. Pro a empresa forma empresa. As empresas que funcionan millor en Galicia, son as empresas en que o crecemento faise coa dos propios traballadores. A empresa nunha sorte de familia é unha empresa prometedora pró futuro. Despois habería que calcula-la coxestión. Galicia aprecia enormemente a entrega, certa nobreza, certo decoro, certa limpeza de vida dos condutores. Iso é unha esixencia. Así como outros pobos disculpan ó condutor, aquí disculpábase moi ben ó crego ou ó señor do pazo por unha serie de razóns, pro a cambio na empresa non pode ser. Ós empresarios do ano 2002 eu os miro máis que como uns burócratas como unha especie de exemplar ou modelo.

Os modelos que lles presentamos en Galicia ós galegos a través da R.T.V.E. son modelos antieducativos. Eu vos auguro que no ano 2002 haberá unha reacción contra todo eso e a xente quedará espantada da educación que estamos dando a través dos medios de difusión ás nosas xentes, educándoos desde nenos á morte. No ano 2002 haberá libros nos que se presenten ós grandes homes que traballaron por Galicia cada un no seu terreo, e se dará unha extraordinaria nobreza, unha extraordinaria calidade ó señor que sepa conducir unha empresa e este home de empresa será, como Díaz Pardo, un home de cultura tamén. Pro, en fin, o empresario é o que se ocupa dos números, e entón habería que pensar tamén que no ano 2002 terá xurdido unha sorte de «studium generale», que non sei se chamarlle Humanidades, que permita no ano 2002 que en Ciencias Empresariales e Economía exista un enorme contrapeso de coloquios, conversas, cursos, de xentes que poidan chegar á empresa sendo algo máis que contables, moito máis que uns economistas ou que uns meros directores.

Fernández de la Vega

O que pasa ó meu xuicio é que ese modelo de empresario individual está en crise en todo o mundo, está desaparecendo, porque as decisións non as toman xa os empresarios senón que hai unha teoría da decisión matemática. O factor creador da industria actual non é moito de iniciativa persoal. Iso pensámolo mirando pró pasado, pro hoxe en día é unha cousa de organización, de estrutura, de totalidade, que funciona astra o punto de que os americanos xa falan de época postindustrial.

Díaz Pardo

Da tecnoestrutura, que é, verdadeiramente, a que se impón por riba da empresa.

Barros Pardo

O empresario do ano 2002 con terá nada que ver co empresario do século XVIII e co empresario actual, probablemente, sobre todo nos países desenrolados porque os americanos están na etapa postindustrial e nós aínda non estamos industrializados. Xa non é un problema da industria en Norteamérica, o da organización e a creación de industrias, que é un automatismo.

Filgueira Valverde

Sería moi interesante facer un estudio do espírito comunitario que teñen empresas aquí en Galicia, como son esas das «igualas», sobre a distribución comunal das cousas da pesca, sobre os muíños; serìa moi interesante pra colle-lo fio histórico e ve-lo precedente. Pro hai o da empresa como ente económico, problema que hai en todo o mundo. Se non se imaxina unha cousa nova, tampouco non se fai nada, porque estou dacordo en que no futuro a estrutura vai estar dominando quéirase ou non, porque xa esta dominando hoxe. Pro dentro da estrutura van esta-los homes, uns con máis imaxinación ca outros.

Díaz Pardo

O problema eu coido que vai estar na reforma da empresa. A empresa artesá é a primeira empresa que

hai, o artesán é propietario dos seus medios de producción, el é todo , é tamén o sistema capitalista, é todo. Despois no sistema capitalista se mete unha cuña, aparece o capitalista, sexa privado ou sexa de estado, que non ten nada que ver verdadeiramente xa coa empresa, porque o verdadeiro valor da empresa, o verdadeiro capital é o traballo material, e o traballo da imaxinación. Nós levamos dende un tempo a esta parte preparando unha documentación pra facermos un Seminario destinado a estudia-la reforma da empresa. Cremos que Sargadelos é un bon esceario pra facélo, porque primeiro hai uns grandes intentos de diseño da empresa industrial: é a primeira planificación industrial que hai en España, unha das primeiras planificacións industriais que hai no mundo.

Queremos recoller tódalas cousas e facer unha reconstrución da evolución de como é a empresa pra facermos unha orientación e propormos unhas solucións. Por outro lado Sargadelos é unha empresa, xa en si reformada, feita casi toda ela con outras empresas.

Filgueira Valverde

Eu falo diso porque me parece que está moi en crise esa idea de autoxestión; en cambio a coxestión é a participación. En xeral, o obreiro galego non se interesou demasiado en acceder á empresa adquirindo accións.

Díaz y Díaz

Volvería a facer unha nova proxección cara ó futuro. Facendo unha imaxinación sobre Galicia 2002, en

xeral téndese a ser nalgúns aspectos, sobre todo nos sociolóxicos, optimista abondo. Mais hoxe dá a impresión de que en cambio neste terreo económico e empresarial todos temos unha certa conciencia de que o panorama é pouco claro. Gustaríame que alguén dixera como se pode ve-lo que se chamaría, con termos de hoxe, «expansión económica» ou «presión económica». ¿É que necesariamente a Galicia do 2002 vai ser unha Galicia pechada sobre si, ou podemos pensar nunha Galicia que no aspecto económico e astra social sexa agresiva, é decir, que poida ter expansións fóra de Galicia?

Pro hai aínda outra cuestión, cómo pode se-lo home galego metido nesa tesitura do ano 2002, de industria parcial e campo parcial. Se o home galego é industrial e labrador e ocupa na súa terra as horas de ocio, pro se noutros países as horas de ocio se adican, por exemplo, a facer turismo ou a ir pescar ós grandes lagos ou a facer surf, ¿non acabará o home galego sentíndose disminuído, porque ten que empregar este tempo pra coida-la súa leira?

Barros Pardo

O problema da empresa é un fenómeno que escapa xa ó punto de vista dun artista. Pro a empresa ten unhas condicións características que son o poder de iniciativa, a capacidade de iniciativa e é un sistema capaz de satisfacer unhas demandas adecuadas, digo eu, e entón se desenrola dun xeito, por unha proliferación na que non ten nada que ver cos estamentos superiores de formas estatais. Se pola contra se socializa este sistema co xeito de regularizar, de canalizar estas enerxías sociais dentro do factor económico,

puidera darse o caso de que, como no extremo derradeiro deste fenómeno de socialización, a única empresa sexa o estado; pro eu non creo que o estado sexa unha entidade humana: esa colectividade non é ninguén, e eu creo que o home ten que estar sempre detrás da iniciativa da empresa.

Porque eu non entendo nada destas cuestións e non teño tempo tampouco pra traballar nestas cousas, eu onte fixen unha escrita dunha anécdota que pode ser ilustrativa do que pasa a carón da miña cidade, que é a seguinte:

«O futuro baixo o enigma do presente»

Entendo que moitas veces a imaxinación encol do futuro vese espaventada pola proximidade dunha realidade presente que non é menos insospeitada e descoñecida inda que un móvase diante dela.

Me estou referindo a algo que vense tratando baixo moitos aspectos pro que eu, que non son un entendido nesta materia das empresas, vou tratar baixo o ámbito dunha anécdota que veño de experimentar recentemente.

Un destes derradeiros días que estiven ceibe de traballo, quixen saír a pintar unha paisaxe nos arredores da Coruña e collín o autobús até Arteixo. E velaiquí o meu abraio:

A paisaxe que eu coñecía hai cousa de catro anos non existía, descobrin que había desaparecido. Nin me era doado recoñecer siquera os lugares e os camiños polos que noutro tempo tivera andado.

Asemade que saímos do mesmo arrabaldo da cidade; a dereita e a esquerda da estrada, erguíanse, uns tras doutros en morea, enormes almacéns, diversas cons-

trucións de fábricas que sucedianse sin fin, sin o máis pequeno rastro de vida ou de campiña.

O caso é que sin solución de continuidade pasamos do mesmo casco da cidade ó que deu en chamarse o «cinturón industrial», constituído polos polígonos da Grela e de Sabón. Daquelas fragosidades ramallosas non quedaban ren. Inútil percurárno-la paisaxe arelada.

Ó encomenzo do viaxe —pola dirección de Carballo— vense unha chea de industrias pequenas, talleres de chapistería, almacéns de axencias de transporte, e fábricas como a de vidrieiras de Hércules. Deseguida, a dereita da estrada, a Refinería de Petroliber co seu imponente laberinto de retortas tuberías e chamineas fumegando que abraiarían ó mesmo Dedalo. Cáseque diante, na outra banda da estrada, a subestación de Fenosa (Genosa) co seu tamén enmarañado enxamio de cables e columnas de ferro. Arredor delas, nunha longa extensión como unha saba a terra enxoita e despoboada, choída entre muros e espiños de ferro. Tras delas, axiña, a extensa fábrica de Aluminios Galicia, a explotación dunha mina de cal e enormes canteiras.

Dende a estrada que rube vexo a dereita un val asolagado por unha presa, ó pe de Pastoriza. E xa máis perto de Arteixo, á dereita, a Central Térmica de Sabón que con outras industrias estragou toda aquela vizosa comarca. Non puiden recoñece-lo camiño que encomenzando neste punto da estrada levaba á praia de Sabón hoxe inutilizada, e non puiden recoñecelo xa que outra fábrica ou outra industria cos seus terreos achousados, facía descoñecido aquel lugar.

Outra vez, deseguida, unha fábrica de abonos ou de pensos, a coñecida fábrica de Oxigalicia, outra in-

dustria frigorífica, outra de Butano, outra máis de plásticos pra toda clase de obxectos do mercado, outra de fariñas de pescado... Esquencíame de Emesa que é, teño entendido, unha acería, unha fábrica pra obxectos de aceiro como cables, etc...

Non sei se é esta máis ou menos a orde en que se amosan. No aspecto exterior todas estas construcións semellan un mundo kafkiano, despoboado, cos seus longos muros sin ventanos. E por enriba de tódolos almacéns acugulados, un bosco insospeitado de chamineas outas que sustitúen cos seus fumes anubados as vedañas e ramallosas carballeiras.

Cando, chegado a Arteixo, rubin a un monte pra alonxarme un pouco de todo aquelo, atopeime de súpeto con que unha disemulada canteira tiña mancado a mitade do monte e víase aló embaixo unha fábrica de ladrillos de cemento.

Nin siquera quedaban restos dalgunhas paisaxes que fixera pola estrada aquela. Lémbrome dun que collía o grandeiro val baixando até Arteixo e no que deseñábase un caserío que xa desapareceu tamén...

Ás veces, A Coruña é invadida por unha néboa estraña, unha especie de «smog» fedento: son nubes de fume que chegan do basureiro próximo a San Pedro de Visma. Os veciños deste lugar dixeron xa no periódico que van ter que deixa-las súas casas.

Todo isto non é máis que realidade, mais semellaría unha pantasía pró emigrante que volvera despois de dez anos de ausencia. A realidade moitas veces supera á pantasía. E por iso, semella pantasía. E por iso, semella pantástico o silencio dun Axuntamento que ordenou crear este «cinturón industrial» e agora fai ouvidos xordos a todas estas queixas.

Pois isto non pasa ademáis somentes nesta enorme zona, onde tería de seguir extendéndose a cidade, que agora ten que facelo pola banda da ría, máis aló da ponte do Pasaje. Pasa tamén na ría do Burgo. Lémbrome que estiven pintando alí hai poucos anos nunha finca que semellaba un diminuto Versalles, coas súas fragosidades, os seus xardíns de flores rodeando as vereas, os lagos artificiais, as súas pontes. Os fumes azufrosos da Cros destruiron toda a vexetación daqueles lugares perto da ponte, e hoxe esta finca mercouna alguén que rellenou as lagoas e preparou o terreo pra outra empresa...

Non me laio porque teña señardade daquela estatua de Diana cazadora naquela illa, tan graciosa. Eu sei que en fermosos xardíns como nos de Aranxuez conspirouse na Corte contra os destinos do pobo cando a invasión napoleónica... E tamén aquelo estaba feito ó mesmo xeito que Versalles... Eu non teño señardade de tempos idos. Esta anécdota da miña condición de artista amosa outras cousas penso que máis fondas.

En principio esta falta de previsión na distribución das industrias que deberían estar moito máis alonxadas das cidades. E este caso é un bon exemplo.

Doutra banda o problema ecolóxico deste xeito tan proximamente experimentado. Xa que a non tardar todo isto vai ser tan grave que non teremos ren máis que imaxinar que o xeito de poder subsistir.

Que a fondura destes problemas leva envolto a fondura deses outros problemas que se veñen tratando non hai dúbida.

Quizais somentes os xaponeses souberan engadir con inxenio a vangarda das conquistas técnicas ós valores dunha cultura ancestral. Pra elo incrustaron xardíns

e parques artificiais facendo posíbel aínda o silencio encol do home entregado á súa meditación, xardíns que son verdadeiramente illas no medio da torrentería da vida da nosa civilización.

Quizáis o asunto diálogo coa natureza sexa a ponte pra un verdadeiro diálogo cos outros homes e tamén con Deus.

De momento este diálogo, que se cadra alá no fondo volva a trague-lo problema da incomunicación, xa abordado por García-Sabell a propósito do seu estudo do Ulises, non semella que teña fácil solución. Pro en todo caso estas hai que buscalas nun futuro próximo xa que do contrario o ano 2002 non o verán as xeracións futuras.

Piñeiro

A situación en Galicia a min non me parece tan mala hoxe en día nesa orde de cousas; coido que unha das ventaxas que ten Galicia é que por non estar industrializada pode evitar todos eses «erros». E unha das grandes responsabilidades dos galegos conscientes desa posibilidade é mesmamente convertila en estado de conciencia colectiva.

Fernández de la Vega

Eu creo que o espacio de localización industrial non é un espacio neutro, senón e un espacio diferenciado. É decir, unha industria determinada non se pode montar en calquera sitio, polo tanto o primeiro que hai que facer é un estudio da localización e das posibilidades industriais de Galicia, porque ten unhas e non ten outras.

Barros Pardo

Esta industrialización, este cinturón industrial que se fixo arredor das cidades, cando se fixeron se pensou que estaban moi alonxados, pro desde entón a cidade chegou mesmo ó cinturón.

Filgueira Valverde

O que é discutible é se A Coruña debeu de ser unha cidade industrial ou poido deixar de selo. Porque Madrid puido deixar de ser industrial. Pro se nos poñemos na perspectiva do ano 2002, botarannos en cara que teñamos feito determinadas industrias que non lle van a Galicia, non nos botarán en cara que teñamos plantadas arbres, pro si que non teñamos plantado arbres pra eles, porque estamos plantando arbres de crecemento rápido pra gastar dunha maneira inmediata, e non pensamos na necesidade de carballos, de castiñeiros do día de mañá. Está claro que é absurdo industrializar Santiago, pro non era doado deixar de industrializar A Coruña.

Barros Pardo

Non haberá pintor que non se queixe de que non lle deixamos un palmo que poder pintar sin pintar unha chaminea dunha fábrica.

Fernández de la Vega

Eu decía que podía preverse a localización das empresas.

Díaz Pardo

Pro a min me parece que ese problema é da mesma natureza. A industria estaba pra satisfacer unhas necesidades concretas, e en cambio a industria evolucionada está servindo ás veces intereses que son necesidades artificiais, negocios, lucros.

Barros Pardo

Cando se iba tratar destes temas, de que se podían crear novas formas de aproveita-las enerxías naturais, pensei nun globo que subía, que aproveitaba as correntes dos ventos a unha altura determinada, díxenllo a meu pai, que entende destas cousas, e riuse de min. Logo entereime que os rusos, teñen levado á práctica este invento.

Seoane

(*texto escrito polo autor*)

Unha das preocupacións do mundo no derradeiro tercio do século XX, foi, con seguranza, a destrucción do meio ambente. Galicia non escapóu a este xénero de inquedanzas. Revisando as follas dun xornal coruñeś atopámonos frecuentemente con artigos referentes á polución do aire por gases tóxicos e contaminación das augas, vertendo nelas a basoira das cidades, resíduos de productos químicos e industriales, petróleo, etc., inutilizándoas non soio pra o uso doméstico senón facendo que nos ríos e no mar morresen ou emigrasen moitas especies de peixes. Contribuía a esto a concentración de industrias nas cida-

des e concretamente o asentamento de algunhas delas máis venenosas e esterilizantes que outras. Galicia parecía sere o país de España no que se intentaba instalar, non sabemos con cales propósitos, as industrias máis nocivas coa intervención, xunto co Estado, dos grandes capitales de outras empresas españolas e das multinacionaes de patrias mexturadas. Un dos homes que máis loitaron en contra de esa degradación ambental foi un economista coruñés, Domingo Quiroga, que, aparte dos porfiosos artigos que publicaba na prensa, inicióu un movimento entre os labregos e mariñeiros da costa galega xuntamente con un grupo de técnicos e profesionales, para impedir a instalación de fábricas degradantes do ambente. Hoxe, a anos de abondo de distancia, follando os xornaes de aquelas datas, sinalamos o pouco apoio das autoridades que tivo o economista e outros que, como el, loitaban en beneficio da saúde dos habitantes de Galicia e da mesma terra e a mar da costa galega que tiñan sido dende a antigüedade unha importante fonte de recursos. Algúns científicos xunguidos á Universidade compostelán, profesionaes e artistas, intelectuales en xeral, eran cuase os únicos que apoiaban a laboura de Domingo Quiroga. Os concellos, compostos na maioría das veces por xentes alleas ao ben público, máis ben dados aos negocios persoales que podían desenrolar dende os seus postos públicos, facilitaban a instalación de esas industrias contaminantes. As veces sufriron a presión do Estado para a instalación de novas industrias multinacionaes co gallo de que sinificaban non soio un suposto alivio económico da poboación, senón un elemento de progreso a longo prazo, facendoo ver a traveso de estadísticas facilmente alterábeles referidas a outros países. Nin siquera na práctica se aproveitaba a man de

obra galega evitando de este xeito parte da emigración ao exterior, senón que mentres esta continuaba desenrolándose, convertindo a Galicia nun país de vellos e nenos, viñan a ocupar o logar dos emigrantes os mozos de outros países da península contribuíndo a degradar, en moitos casos, a vida labrega no que tiña de máis limpo e puro, o idioma e a cultura popular herdada, introducindo o refugallo idiomático e costumes dos bairros cidadáns. Convertíanse en cafeterías as pequenas tabernas, e as disquerías ocupaban entre rapaces e mozos o logar da escola ou da vella lareira onde tanta cultura secular se tiña aprendido nas noites do pasado. As cociñas de gas e electricidad tiñan sustituído ás cociñas de leña e aínda os labregos non atoparan sustituto para a función social das lareiras cando a cidade inicióu a contaminación do campo. Un bosco sagro ao que as xentes concurriron seguramente dende a prehistoria, o de Santa Susana en Santiago, que se honraba cada xoves coa asistencia dos labregos que facían baixo os carballos unha feira dende tempos moi lonxanos, foi desaloxada por un alcalde que tamén contribuíu á degradación desa cidade que todos temos por capital da nosa cultura. Foi importante como reación a iniciación pola Sociedade de Arquitectos galegos, dunha laboura de rescate do noso pasado artístico, que complementaba a dos arqueólogos e arquitectos do Estado, proietando ao mesmo tempo un futuro máis armónico cara ao crecemento das cidades, de acordo co novo urbanismo e a arquitectura do noso tempo, descoidada nos anos que seguiron á guerra civil dos anos trinta. O arquitecto xa comenzaba a traballar en equipo con unha gran variedade de profesionales que interveñen nunha obra, dende os que procedían de novos oficios nascidos no século XIX, deica, por exemplo, o técni-

co especializado en informática. As escolas de Arquitectura tiñan comenzado a respetar a arquitectura popular, froito de un proceso vido de moi lonxe no tempo, adaptándoa ás necesidades climáticas, funcionales, etc., respetando, en máis da súa contribución na singularización estética e vital ao pobo, tanto como calquer outro xénero de arte. Os arquitectos loitaron en primeiro termo por alonxar a industria das cidades, tratando de atopar, na xeografía galega, un espacio para aquelas que poidesen contribuir a alterar o meio ambente, traballando para esto en colaboración con ecólogos e máis expertos. Pero o máis importante foi, cecáis, que os técnicos do goberno galego foron derivando moitas das grandes industrias propostas dende Madrid, ou encamiñadas por grandes empresas internacionaes, alleas nos seus propósitos a Galicia, trocándoas en pequenas e homildosas industrias derivadas dos froitos extraídos da terra e do mar. Hoxe esplótase industrialmente todo o que a terra e a mar producen. Trátase de unha explotación colectiva, nascida nas parroquias e fabrícanse dende mermeladas ou doces de mirabeles ou rañós, de moras, cabazo, cifra, gamboas, etc., por poñer exemplos, até a industrialización novamente da madeira, xa non somentes reducida a táboas e aglomerados, senón utilizándoa na creación e fabricación de móbels e de ouxetos de diversa índole, estraendo posibilidades dela. O bidueiro, por exemplo, tiña contribuído denantes de nós en traballos de artesanía á riqueza de Dinamarca, Suecia e outros países do Báltico. Ten quedado moi lonxe a carta que, dende Basilea un artista noso de aqueles anos, remitíulle ao economista Valentín Paz Andrade, co gallo de unha feira internacional de mostras de conservas de peixe e marisco, á que concurría Galicia con uns moi probes

exemplos de envase e presentación gráfica, cuase a peor entre as nacións que asistían, polos anos sesenta. En toda Galicia parecía descoñecerse por aquelas datas o valor do diseño industrial. Agora sábese que o diseñador é un artista de gran importancia na industria dende fai cuase un século e meio, máis o grande desenrolo que tivo entre nos comenzóu co Congreso de Diseño Industrial feito en O castro, nas proisimidades de A Coruña, en 1970. Nél planteáronse moitos problemas, mais, un dos máis importantes coidamos que non plantexado nunca denantes, foi o de propoñer que o diseño non soñe con universalizar as formas facendo un esperanto déstas, ideal que soio bastardea a condición do home e das particularidades culturaes de cada país e que viñeron concretándose século tras século como unha necesidade vital dun estenso núcleo de habitantes de cada rexión, ou nación, da terra, senón que considerase esas particularidades. E así veuse facendo deica chegar ao diseño industrial galego de hoxe que imprime persoalidade ao producto na competencia universal e que revela unha continuidade co pasado estético de Galicia, sen deixar de utilizar as novas técnicas e escolas, honrando a nosa sensibilidade. Este diseño posee ás veces o sintetismo do signo das insculturas prehistóricas, a aparente sinxeleza do románico, o senso ornamental do barroco e a funcionalidade nas súas formas elementaes que os antergos souperon imprimirlle ás ferramentas de traballo. O diseñador hoxe traballa en colaboración có sicólogo e cos grupos de desenrolo. Ten unha gran responsabilidade no exercicio da súa función cara a sociedade, e a súa importancia reside en sere especialista e tamén en non sere especialista; pódese decir que é un catalizador que fai nacer novas ideas, como quería o dinamarqués Jan

Tragardh. Hoxe, en Galicia, funciona con moito éisito un Instituto de Diseño Industrial, tan importante como a mesma Escola de Arquitectura, e nél traballan conxuntamente cos dibuxantes, sociólogos e economistas, os derradeiros sabendo por esperiencia que «o diseño vende». A Escola rematóu coa idea de Gropius, circunstancial no seu idearium, de que as funcións de artesáns e artistas son as mesmas, voltando ás de Platón na antigüedade, sabiamente definitorias do que é un artista e un artesán. Gropius foi un gran arquitecto, mais bastantes das súas ideas, da época do Bauhaus, foron producto das do seu tempo que poden comprenderse entre as xurdidas moi pouco denantes da guerra do catorce, no século XX, e tratadas de afianzar na desfeita dos anos inmediatos ao seu remate, polo dazaoito. En Galicia voltaron a esaltarse os vellos oficios tradicionaes, a ferrería, a carpintería e ebanistería, a orfebrería, a cerámica, a teceduría, etc., contribuíndo a elo de xeito importante os artistas diseñadores e os artesáns. De certo xeito nestas custións Galicia reivindicóu a fins do XX, pouco denantes do ano 2002, aquelas artesanías que froreceran en Galicia e que fixeran famosos os móbels de Santiago deica chegar á decadencia dos Magariños, Liste, Del Río, etc., os broslados de Camariñas, xa cuase desaparecidas as palilleiras polo 80, o calzado de Santiago, Noya, A Coruña, en quebra coa fábrica de Senra que pechou en A Coruña, pola década dos trinta, e a desaparición da fábrica de Cebreiro en Santiago, na do coarenta, e denantes ao se pechar as fábricas de tecidos en Sada e outras vilas galegas, con motivo sobor todo da invasión francesa, pola mesma violencia da guerra, a desaparición máis tarde dos teares labregos, dos zoqueiros, etc., producido pola competencia industrial do século XX.

En canto á mar, denantes de rematar o XX, convertíuse a costa galega na gran cetárea da que falamos, enmáis estendéronse en moito os productos industriales derivados dela, que se traballan e exportan co concurso dos Pósitos de Pescadores. Establecéronse industrias derivadas do iodo que se estrae das algas e utilízanse éstas como alimento, enmais de exportalas, competindo Galicia hoxe nesto con algúns países do Pacífico. Aumentóuse a pesca na mar estendéndoa a algunhas especies animales entre eles ao tiburón, pescado en cantidade en outa mar e no Caribe, e explótase a súa pel, que sirve, co seu color natural ou teñida, para facer ouxetos diferentes, enmais de sere útil a súa carne e o aceite que contén. Ao igoal que o tiburón pódense aproveitar moitos outros peixes estudados polos ictiólogos e que denantes non se aproveitaban. No caso en xeral dos escualos facíase por algúns países dende comenzos do século pasado. No mar perdéronse pola contaminación moitas especies, mais os novos adiantos da química, e os descobrimentos das cualidades de algunhas que se desdenaban, aumentaron a riqueza de Galicia; esto, naturalmente, xunguido ás medidas tomadas para combatir a contaminación das augas, fixo posible que algunhas delas se repuxesen cando parecían en camiño de desaparecer. Moito do que se botaba á mar ou se levaba polas cañerías de desaugue foi tamén utilizado para fertilizantes. En xeral asentóuse a industria actual de Galicia no traballo da terra, no cultivo dun gando, moi millorado con respecto ao pasado, sementando cereales tradicionaes na colleita, e froita que en gran parte se industrializaba, e conquerindo, con inxertos, novas especies de froitas e frores. Todo esto xunto á pesca na mar e as industrias que de ela se derivaban. Enmáis ergueuse unha producción manu-

facturada moi diversa relacionada coa explotación da mar e da terra. Procuróuse limitar as ambicións industriaes ás moitas oportunidades que oferecía a natureza de Galicia, tratando sempre de fomentar as iniciativas para a transformación industrial dos novos productos que xurdían do estudo dos inxenieiros agrónomos.

En relación con todo esto funciona, creada polo goberno de Galicia, unha Secretaría de Economía, de onde dependen os circuítos de distribución de productos naturaes e industriaes, que actúan nas comarcar naturaes de Galicia con axentes parroquiales que o controlan. Todo o traballo é sempre colectivo. Tamén o goberno conta con unha Secretaría de Publicidade, coas seccións de interna e externa, referidas á exportación e ao consumo no país que traballa de acordo cos orgaísmos de diseño industrial orgaizados, como dixemos, en equipos con sociólogos e economistas e cos circuítos de distribución.

Nas casas, os arquitectos e inxenieiros sociaes lograron resolver a complicación de máquinas a que se tiña chegado coa mestura de tuberías de auga, gas, fíos eléctricos, desaugues, acondicioadores do ar, calefacción, etc., reducíndoos ao mínimo. Ten pasado, hai moito, aquela adoración á máquina que incluso chegóu ao arte polos anos vinte do século pasado e que foi sublimado por algúns dos autores do Arte-Deco. A artesanía voltóu a ter unha participación importante nos novos gostos do home; e éste posee hoxe unha nova fe en si mesmo, na súa capacidade intelectual e tamén no propio orgaísmo, utilizando con intelixencia a máquina e somente no necesario. Foi posible abolir a probeza; o colectivismo convertíu en realidade esa posibilidade. Faise todo aquelo que sirve á colectividade. Como resultado do benestar que se pro-

duxo en todos estes anos, Galicia enriquecéuse e o home galego, xuntamente coa súa maior cultura, afinóu os seus sentimentos e a súa tolerancia con respecto a tódolos homes sin pensar en castas nin fronteiras. Os pequenos levantamentos dos labradores feitos hai uns vinte anos con motivo da expropiación de terras para o asentamento de poucos, a nós puxéronnos en condicións de matinar no pasado con tranquilidade. Sabemos que os dictadores non son tan fortes como matinan ser e que as pequenas industrias poden resultar unha especie de Hércules derrotándoos a eles e ás multinacionaes como derrotóu en tempos míticos a Xerión, ou as serpes mostrosas. Por outra banda os galegos tendemos a xunguirnos, a exemplo dos emigrantes en terras alleas.

Os antergos e nós viñemos herdando en Galicia unha especial malenconía, un sentimento moi vivo do que cecáis fumos ou imos ser noutras vidas, un amor particular á natureza a que consideramos como unha grande divinidade, o mesmo as súas partes. A auga, a montaña, a arbre, a pedra... hoxe voltaron a ser as nosas divinidades e, aínda que non teñamos que decilo con voz moi outa, no ano 2002 Galicia decorre con respecto ao pasado unha edade de ouro. Temos a impresión de que os nosos mortos, os que se atopan nos boscos, sentados xunto aos milladoiros ou nas encrucilladas das corredoiras, protéxennos novamente. Tal é a distancia que nos separa dos anos do século pasado.

Quixéramos que no ano 2002 todo esto fose verdade. Que poidan vivilo os galegos de entón. É o que desexamos para eles.

Díaz y Díaz

Teremos de falar outro día da educación e o ensino.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VI
15 outubro 1977

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A EDUCACIÓN E O ENSINO

Asistentes:

— Alvarez Blázquez

— Barros Pardo

— Casares

— Cunqueiro

— Díaz y Díaz

— Díaz Pardo

— Fernández de la Vega

— Filgueira

— Franco Grande

— García-Sabell

— González Suárez-Llanos

— Piñeiro

Seoane

(texto remitido por escrito, como contribución final ó Seminario)

Nos derradeiros anos do 1900 a enseñanza primaria foi totalmente transformada atendendo fundamentalmente a aquelas partes das cencias naturaes en consonancia coa vivencia infantil, transmitíndolle aos nenos coñecementos elementaes de botánica, mineraloxía e xeoloxía, etc., de xeito que adeprendesen a coñecer o mundo que os rodeaba, tendo como finalidade inculcar neles o progreso da agricultura, mostrandolles os beneficios que representaban para a terra, por exemplo, os reptiles e batracios, e a distinguir os mineraes e as plantas silvestres, a utilidade de moitas déstas polos seus frutos ou polas raíces. En canto a mar enséñaselle a súa riqueza referida á vexetación e ás especies de peixes que habitan.

Nengunha etapa desa enseñanza en Galicia descoida o estudo de todo aquelo que ten relación co maior coñecemento do país galego. A sección de Cultura dependente da Xunta de Galicia veu facendo que nas tres etapas Galicia fose a preocupación fundamental dos futuros profesionaes e investigadores, e nas especialidades máis diversas. Fíxose todo tratando de fomentar na escola primaria o amor ao ámbito que rodea ao neno. En canto á historia pasaron a un logar secundario as glorias militares, as batallas ganadas, pra deixar paso á descripción de aqueles feitos humáns que beneficiaron a humanidade, descobrimentos, inventos, etc., e o desenrolo da cencia, relixións, etc., doutros pobos e destácanse as grandes persoalidades civiles da humanidade que contribuiron ao seu desenrolo. A enseñanza secundaria básase nunha cultura humanística engadíndose os diversos

coñecimentos que requiere a nosa época. Mais o fundamento ten de sere inculcar aos rapaces a idea da importancia do home en relación coa súa obra, como home por sí mesmo e de acordo coa colectividade. Adscrito aos centros de enseñanza secundaria actuará un núcleo de psicólogos que entenderán dos problemas que se producen na adolescencia.

Desenroláranse, adicándolles unha maior atención, as escolas de Artes e Oficios que se fixeron no pasado, onde calquera pode adequerir coñecimentos especializados en diferentes artesanías, mais completándoa con unha parte teórica adicada ao desenrolo de cada unha delas a traveso da historia e da súa actualidade no mundo, de xeito que a súa enseñanza está totalmente ao día. Como asignaturas comúns ás diversas especialidades en que se distribúe a escola, tense a de Historia da Cultura e máis a da especialidade, dende a prehistoria.

Nas diversas Facultades establecéronse cátedras adicadas a custións referidas esclusivamente a Galicia. En Dereito, por exemplo, a que se refire ao seu dereito consuetudinario e os referidos ao estudo do home galego en relación co seu afán de xusticia. En Mediciña tense a cátedra adicada ao estudo das enfermedades endémicas e máis características galegas, e asi en cada unha das Facultades que compoñen a Universidade. A Xeografía e Historia galegas díctanse como asignaturas comúns, o mesmo que o Idioma para tódalas especialidades.

A enseñanza é absolutamente obligatoria e gratuita, e, ás Facultades, chégase por selección e sostéñense os estudantes por un sistema de becas que obriga aos estudantes como traballadores. Esa selección faise estudando as vocacións espresadas polos estudantes logo

das escolas primaria e secundaria, tendo en conta a capacidade de traballo e eficacia nos estudos realizados.

En canto ao profesorado aténdese nos concursos que se fan ao coñecemento da asignatura de que se trate, mais, ao mesmo tempo, ao grado de inquedanzas culturaes que contribuíron á sua formación. O estudante atopa nel un exemplo a imitar, precisamente pola súa sabiduría encol da súa especialidade, na que está obrigado a se topar ao día, e por esas inquedanzas que o convirten en verdadeiro mestre. Ten pasado a época en que os profesores limitábanse ao coñecemento da asignatura de que eran propietarios de por vida, adocenábanse e ficaban ao marxe, nas pequenas cidades, da vida cultural que nelas se desenrola. Eran xentes en xeral que vivían no pasado, e inútiles para comprender as inquedanzas e curiosidades dos alumnos.

Cunqueiro

Insisto no dito por min noutra sesión. Se hai unha cultura específica, coa súa mitoloxía e os seus símbolos, dun pobo labrego, unha cultura diferente da dun pobo de pastores, poño por caso, parece que pra pobos diferentes ten de haber un ensino moi diferenciado. Si como tanto e tan ben se dixo aquí, o pobo noso, nós é un dos pobos do círculo da cultura occidental que viven máis o seu ámbito, máis apegados están á natureza, ás formas da paisaxe, e aínda ós temporáes, á choiva, á brétema, etc., o ensino ha de acomodarse a esta disposición máis fonda do espírito do galego. Hemos de saber como é o galego profundo, se se pode decir así, e buscar un programa de ensino que lle corresponda, e tamén as tarefas que

realizou na historia, e ó que queremos que haxa de ser no futuro. Penso que sendo nós un pobo agricultor e gandeiro, o ensino ten que conservar esta condición nosa, que por outra banda deunos un status cultural, e sería o máis inútil do mundo destruir isto que aínda existe, e que vai existir, aínda que quizaves esnaquizada, no ano 2002. Unha cultura que supón uns comportamentos dados, unha riqueza léxica, e unhas crenzas cáseque relixiosas, que van dende as fases da lúa nas que hai que facer semente ou recolleita, astra certos actos máxicos, en relación coa fecundidade do campo e dos rebaños.

Como eu coido que o apego do galego á terra, á paisaxe na que el mesmo tanto laborou, na súa adaptación física e mental ó clima de Galicia, son datos positivos, a educación debe valorar esta situación. Tamén penso que o bosque debe deixar ve-las arbres. Gostaríame que se ensinase máis botánica galega que historia, e polo menos tanta poesía, —poesía e non poética— coma xeografía universal. Nunha enquisa nunha Universidade de Norteamérica, un sesenta por cento dos estudantes só distinguía cinco arbres, e a herba era simplemente herba. Estes días lía eu a derradeira novela de Günter Grass, «O rodaballo», na que o autor lle concede a meirande importancia ós cambios na alimentación. O que comeu o galego ó longo dos séculos podía ser unha asignatura importante. Como o sería outra que explicase ós dunha comarca dada, o significado dos topónimos, dun xeito que os rapaces viran a vida da comarca, da bisbarra, nos nomes dos regos, das leiras, dos montes, etc. Val decir, outra historia. Áreas de xogo, como libre expresión do corpo e do espírito, buscarían o enriquecemento do ánimo liberal das xeracións. Pro é evidente que un xogo libre e colectivo produci-

ría uns líderes, é decir, unha aristocracia, —termo que agora está en desuso, pro que é posible que estea en uso no ano 2002—, absolutamente necesaria pra unha marcha serena e positiva do país. Un ensino que producise un predominio do individuo ante o Estado daría por si mesmo libertade, dignidade e espírito de aventura.

Álvarez Blázquez

O ensino é gratuito a tódolos niveis e obrigatorio nos niveis primario e medio.

O nivel primario ou de iniciación comprende as materias básicas de ciencias e letras. Encétase nos Xardíns da Infancia, pra seguir nas escolas e grupos escolares, e remata ó cumpli-lo alumno os 12 anos.

O nivel medio, dende os 13 ós 17 anos, emparella os estudios equivalentes ós do Bachillerato superior máis os dunha formación profesional de primeiro e segundo grado. Esta formación pode se-la dun oficio ou artesanía —carpintería, ferrería, alfarería, etc.—, dunha tecnoloxía — mecánica, electrónica, acústica, etc.— ou dunha arte —pintura, escultura, decoración etc.—. Como resultado deste sistema de ensino, as artesanías galegas, nas súas varias e tradicionais manifestacións, cobraron un novo pulo e os seus produtos expórtanse a todo o mundo.

O nivel superior comprende os estudios de Graduado, Licenciado e Doutor, ou os seus equivalentes.

O ano escolar está integrado por dous cursos de cinco meses, cun máximo de cinco materias por curso, mailas actividades prácticas e deportivas. Algunhas materias, pola súa importancia básica dentro da es-

pecialidade correspondente, comprenden un primeiro e un segundo ciclo, que abranguen cinco meses cada un.

O ensino é fundamentalmente activo, obxectivo e práctico. O estudiante dispón de toda libertade pra escoller e desenrolar, incluso cronolóxicamente, as materias optativas. A mesma libertade ten pra cumpri-las horas de escolaridade mínimas esixidas dentro de cada curso e materia.

A formación físico-deportiva iníciase no ensino primario e mantense ó longo de todo o tempo de escolaridade. A totalidade dos centros de ensino, a calquera nivel, dispón de instalacións e campos de deportes. Nas cidades e vilas mariñeiras préstase especial atención os deportes náuticos. Restaurouse a práctica dalgúns vellos xogos galegos, como a choca, os bolos, o remo nas divesas modalidades e a loita libre a corpo espido, polo estilo da que viu en Tui Ambrosio de Morales.

As probas de capacidade e rendimento fanse a petición do propio alumno e teñen carácter recuperábel. Na derradeira decena de cada curso hai probas de recuperación parcial ou total que, caso de non ser superadas, pódense repetir dentro dos tres primeiros meses do curso seguinte. Nas evaluacións figura sempre algún tipo de probas prácticas.

No desenrolo dos programas tense moi en conta a iniciativa dos alumnos. Pra elo acúdese ás postas en común —prantexamento dun tema e diálogo aberto encol del, dirixido polo profesor—. Estes parlamentos pódense programar de antemán ou xurdir espontaneamente.

Especial atención préstase en tódolos niveis de ensino ós traballos en equipo e actividade de campo.

Dentro do curso programanse sempre varias unidades de interés ou núcleos interdisciplinarios. Por exemplo, *A navegación.* Nesta unidade entran coñecementos de Xeografía, Historia, Física, Dereito marítimo, Astronomía, Modelismo, Dibuxo, etc., que son impartidos polos respectivos profesores. Cada núcleo complétase, sempre que é posíbel, con mostras audiovisuais e prácticas.

A aula ó estilo clásico desapareceu. Agás os laboratorios e obradoiros, onde están as instalacións e ferramentas de traballo, o lugar onde se imparten as clases é variábel. De preferencia utilízanse sitios ó ar libre, nos xardíns anexos á escola; noutro caso, as habitacións do centro, que son locais de vida comunitaria con mesas e asentos en disposición acolledora e non uniforme, onde os alumnos e mestres poden dispor a traballar ó xeito que lles acomode.

Os centros de ensino a calquera nivel colaboran estreitamente cos Museos, Auditorios e Bibliotecas de que temos tratado na nosa comunicación á IV sesión de traballo. Do mesmo xeito, cada centro escolar partilla cos seus equipos nas labouras das granxas comunitarias, misións arqueolóxicas e demais tarefas comúns de que xa se tratou.

Os estudios de formación agropecuaria e marítimo-pesqueira contan en Galicia con número bastante de centros de 2º e 3º grado, que teñen anexos outros de iniciación, dentro do 1º grado. Todo isto reponde á realidade de que as principais industrias galegas do ano 2002 están vencelladas ás riquezas básicas do país, a saber, agricultura, gandería e pesca. Nos derradeiros tempos a minería está acadando tamén un grande desenrolo, polo que os correspondentes centros do ensino vanse establecendo paralelamente.

Todo estudiante dos niveis medio e superior recibe unha beca, abondo prás súas necesidades, aínda estando en réxime de internado. Os máis destacados reciben bolsas de ampliación de estudios no extranxeiro.

Ó remata-los estudios de nivel medio ou superior, todo estudiante ten asegurado un posto de traballo, gracias ás previsións que o sistema de socialismo cooperativista vixente en Galicia ten tomado.

O ensino impártese en lingua galega a tódolos niveis.

Delegacións estudiantís, mesmo dende o nivel primario, toman parte nas decisións dos centros de ensino, onde rexe o máis puro, aberto e respetado réxime democrático.

As vacacións comprenden os meses de Xullo e Agosto, máis dez días polo Nadal. A xornada do sábado non é lectiva, pro moitas veces aprovéitase pra excursións ou traballos de campo.

NOTA BENE:

Toda semellanza coa realidade do ensino do ano 1977 é pura casualidade.

Barros Pardo

O problema do que poida se-lo ensino no futuro presupón a investigación de tres crases de contradicións históricas: a primeira atinxe ó senso político, a segunda ás contradicións ideolóxicas, e a terceira ó que poderíamos chamar contradicións antropolóxicas.

No senso político sábese de certo que hai unha interrelación entre o concepto que cada cultura ten do

Tomás Barros

destino humano e unha forna de goberno coa súa política educativa.

É adoitado o exemplo de Esparta e Atenas, a súa desemellante concepción do estado, das clases sociais e a tan diametralmente oposta educación do individuo.

Persoalidades como Sócrates ou Platón non se explican afastadas da loita política devanceira que culminaría co senso democrático do goberno dun Efialtes ou un Pericles. Nin aquela filosofía, nin aquela ciencia poderían prosperar no estado espartano.

Se un pensa que o modelo ateniense foi o que configurou o moderno Humanismo, non se explica emporiso o rexurdimento en pleno século vinte dun estado que como o espartano vai antepoñe-la pureza da raza e o anceio dun poder sin moral a toda cultura. Estoume referindo naturalmente á Alemania nazi, que pretendeu, inda no campo da filosofía dun Klages ou un Chamberlain, xustifica-las máis estarrecedoras masacres poñendo por enriba de tódolos valores o da raza como único criterio da verdade histórica. O que fixo decir a Lukacŝ que «o fascismo alemán é unha condensación ecléctica de tódalas tendencias reaccionarias».

Este feito histórico incontrastable pon en entredito a evolución das forzas progresistas da Humanidade e manifesta un abraiante movemento pendular insospeitado frente ás forzas reaccionarias.

É preciso coñecer a fondo cal é o senso deste movemento pendular que se reflexa dun xeito ou doutro entre as forzas progresistas e as conservadoras a través de tódolos gobernos, e que no noso pais deu tamén por resultado unha guerra fratricida da que as consecuencias inda agora intentamos reparar.

É evidente que nos derradeiros séculos o antagonismo destas dúas tendencias acrecéntase, non somentes na súa alternancia perigosa, senón tamén na intensidade da mesma confrontación.

Sen dúbida que as forzas progresistas son aquelas que, a través dos procesos revolucionarios, conqueriron os dereitos humanos e os impuxeron derradeiramente na Carta das Nacións Unidas. O que non foi somentes o resultado dunha loita de clases, senón tamén dunha confrontación das ideoloxías no seu adianto por unha conciencia humanista.

Maila pescuda discriminatoria destas forzas antagonistas non vai ser cousa fácil, xa que o significado dos feitos históricos ás veces está soterrado baixo o pulo das forzas da intrahistoria no seu alleamento.

A interdependencia entre a educación e senso político queda nestes exemplos máis que suliñada. Pro o máis significativo é o acrecentamento na intensidade da violencia destas confrontacións coas forzas deshumanizadoras, de xeito que, ó cabo, isto nos leva a facernos a seguinte pregunta:

Se o resultado dese proceso alternativo entre as forzas progresistas e reaccionarias foi a catástofre endexamáis imaxinada da guerra de 1939, ¿qué nos deparará o ano 2002?

Mailas contradicións políticas entrañan ó mesmo tempo confrontacións ideolóxicas, sexan estas relixiosas ou resultado de concepcións científico-filosóficas.

É ben sabido que moitos feitos bélicos foron provocados por unha conflictividade relixiosa.

A expansión do Islam dáse inmediatamente dempois da prédica de Mahoma en 610 que funda supetamente un imperio que vai dos Pirineos á India nun intre de cen anos.

As herexías de Focio e Cerulario orixinaron conflagracións insospeitadas pra Occidente. O movemento das Cruzadas pola súa banda provoca o rexurdimento do imperio otomano, e frente á misión profética de Mohamed II que ameaza o cor de Europa, Carlos V ten que aliarse cos protestantes. As guerras relixiosas a raíz da Reforma prolónganse até a «guerra dos trinta anos» cos seus estragos.

Abondan feitos coma estes pra recoñecer que a raíz dos feitos políticos e bélicos en moitas ocasións proven das loitas relixiosas.

Nembargantes a intencionalidade relixiosa na súa orixe encamíñase a resolve-la natureza contradictoria do espírito como campo de loita entre as forzas do ben e do mal, tal e como concebiuna o Zoroastrismo.

Ademáis, o natural desenvolvemento das ideas relixiosas amosa un carácter integrador e progresista. Así, vaise do politeísmo a través dos Vedas até os Upanishadas, e logo ó budismo nunha continua interiorización das divinidades que obxectivaban as forzas cósmicas até á develación dun senso relixioso inmanente á propia conciencia. Ó xudaísmo incorpóranse ideas relixiosas positivas doutras relixións dentro da súa línea profética monoteista que perfecciona constantemente o senso da Lei como Revelación. Doutra banda, na línea zoroastriana, o Cervanismo intenta supera-lo dualismo, o Maniqueismo integrar nela o cristianismo e o budismo, e certos autores como Gérard de Sède e Michel Angebert afirman que rexorde baixo a forma do catarismo do século XII e inda que remontase a través de certas sectas até o noso século.

O Sufismo e o Bahaismo hoxe en día, entre outras tendencias, amosan o intento de integrar nun senso evolutivo as verdades relixiosas reveladas en toda relixión.

Dun xeito ou doutro, actualmente os fenomenólogos da relixión e certos movementos relixiosos, están poñendo de manifesto que os principios básicos de tódalas relixións son concordantes.

Ninguén pode descoñece-la importancia que este feito vai ter no senso educativo do ano 2002 e decontado a lección que suliña a historia contra todo senso fanático.

Polo que se refire ás contradicións científicas filosóficas tampouco pode marxinarse a súa trascendencia no campo educativo.

Eiquí hai que distinguir entre as contradicións internas sempre superábeis como no caso das teorías cuántica e ondulatoria e que contribúen ó progreso da ciencia e da filosofía —Hegel foi o primeiro en demostrar que formaban parte do desenrolo dialéctico do pensamento filosófico—, e as contradicións que repercuten nas concepcións político-sociais e nos seus enfrentamentos.

Este é o caso prantexado derradeiramente entre o idealismo e o materialismo. No que se dá agora unha sorprendente aproximación, xa que a «materia» como categoría desmaterialízase. E o «espírito» acade certas determinacións ontolóxicas nas concepcións existenciais como no caso da idealidade espacial do «ser-ahi» heideggeriano.

En conclusión, penso que o progreso é verificable en todo campo intelectivo, sexa científico, filosófico ou relixioso, e que de eiquí non deberían procede-las nefastas contradicións históricas aludidas.

O ano 2002 podería ser esperanzador se o desenrolo da racionalidade inherente ó ser do home e á súa libertade antolóxica non fora frenado polos fanatismos da historia.

Vexámo-las contradicións da suxeitividade laberíntica. Hai un tipo de contradicións que semella ter un fondo puramente antropolóxico abranguendo ó home na totalidade da súa persoa e mergullándoo nun mar de confusións e desespero.

Dáse no plano das vivencias máis suxeitivas baixo toda forma de crencia e de cultura. Curiosamente alcóntrase na literatura o seu refrexo máis obxectivo e dilemático, e por iso, xa no Quixote apresentase no contraste entre o plano real e o simbólico, aludidos miticamente, perifrasticamente, elipticamente, ironicamente, que non en vano se chama figuras retóricas a estes recursos da lenguaxe literaria.

Dáse na literatura sin solución de continuidade dende o clasicismo até a literatura do absurdo, xa que Don Quixote é xa o home isolado, asolagado nun senso ético mundano, relativizado até a teatralidade. O mesmo que o persoaxe kafkiano que fai ó seu xeito a pescuda da Lei, Don Quixote apreséntase ridiculamente armado nesa loita imposíbel co «Cabaleiro dos Espellos».

O Quixote conta coa nosa connivencia na súa lenguaxe cifrada cáseque esotérica, mais nembargantes non sabemos de certo no que consiste a súa comunicación, pesie a que, ás veces, un senso tráxico desencadea a nosa gargallada. A tal punto a trama do argumento está implicada na nosa existencia que diríase que a función da literatura é a de revela-lo senso e as conexións entre eses dous planos da realidade. No poido eiquí completar estas ideas coas que xa expuxen nun artículo do xornal «A Noite» titulado «D. Quixote, o psicoanálisis e o mito de Jano» onde baseime no concepto sartriano da «mala fé» pra esprica-la duplicidade de certos estados de conciencia.

Coido que o estado máis extenso do que chamo agora a «suxeitividade laberíntica» é o que fixo Jung en «Psicoloxía e Alquimia». Mais dentro do ámbito español, as páxinas máis ilustrativas deste fenómeno, considerando o campo da expresión lingüística e plástica, están en «Entre el silencio y la palabra», «Os demos de Bosco» de Rof Carballo, e moi especialmente tamén en Joyce e a comunicación total de García-Sabell. Non deixa de ser explicitamente curioso que os psicólogos veñan a afondar as súas pescudas no campo literario. Pois mesmamente eu reitero que a obra kafkiana, a de Ioneco, a de Becket e outros, constitúen o mellor exemplo pra sabe-lo que lle acontece ó home de hoxe, por qué sustitúe a tal punto o senso dialóxico que tanto recaba Buber polo silencio ou polo encubrimento da realidade íntima.

Dende o Quixote ós nosos días, sácase a conclusión de que o diálogo faise cada vez máis imposible.

A arrepiante lenguaxe simbólica do «Calígula» de Camus, baixo o disfraz do feito histórico, apresenta unha condición cesárea do home que constitúe unha situacion límite —non no senso jasperiano precisamente—, senón dentro deste proceso de isolamento ó que vimos aludindo.

A literatura do absurdo apresenta pois unha doble realidade. Dunha banda esa total desesperanza e indefensión do home diante de forzas asoballantes, e doutra rexistra, e nisto ten razón García-Sabell, como un intento de comunicación total que é a causa do hermetismo na lenguaxe e nas indeterminacións temporoespaciais da trama argumental.

Por iso sin dúbida o senso dialóxico da novela actual trócase en monólogo de introspección cáseque fenomenolóxica.

Sen unha esculca a fondo destas tres clases de contradicións suliñadas e dos procesos en que se constitúen dentro da evolución histórica e cultural, non podemos entender verdadeiramente o que poida ou debería de se-la educación do home no ano 2002. ¿Cómo podería ser isto posíbel cando inda non coñecemos ó home de hoxe nin siquera ó longo de toda a súa historia?

Casares

Un escritor inglés conta a seguinte anécdota: durante a Segunda Guerra Mundial, un neno que fora trasladado de Londres a un lugar pequeno pra libralo dos bombardeos, descubríu un día cómo o granxeiro co cal vivía estaba munguindo unha vaca. A escuma iba enchendo a canada diante o asombro do rapaz, que nunca vira cousa semellante. Pra el, o leite non era máis que aquel líquido branco que aparecía tódalas mañás nunha botella á porta da casa. Por eso cando rematada a faena, ó ver que o neno seguía quieto no seu curruncho de observador, o granxeiro lle preguntóu que qué agardaba, a resposta foi dunha lóxica apabullante: «Agora agardo pola vaca que dá o café».

Coido que esta anécdota ilustra moi ben as contradicións do ensino na actualidade. As escolas e as universidades fan competentes cada vez a máis persoas nos máis requintados e difíciles saberes, pro tamén cada vez en número maior producen cantidades enormes de ignorantes respecto da mesma vida. Hoxe en día é perfectamente posible e aceptable —ou polo menos non parece suscitar un amplo rechazo social— que un estudiante conquira os seus diplomas superiores sin saber cómo e cándo se sementa o pan, en

qué época do ano se recollen as patacas, de qué xeito se cultivan os tomates ou cómo se prepara un guiso ou un asado. O divorcio entre as escolas e a vida vaise agrandando progresivamente. Tense dito que se a un neno da aldea o mestre lle pregunta polo nome de tres animales, aquel contesta xeralmente algo así como: tigre, león ou elefante. É decir, tres animales que nunca viu. Os que ten diante dos ollos (o gato, o can, a vaca, o burro) non existen pra el en tanto actúa como alumno, pois por un lado o ensino, que el ten sacralizado, non pode descer a ocuparse da cotidianidade vulgar que o rodea, e por outro a educación que recibe garda máis relación coas palabras que coas cousas, básase máis na representación da realidade que na realidade mesma. Persoalmente, e dito a modo de inciso, coido que gran parte das tendencias elucubrantes da maioría dos nosos políticos, a excesiva ideoloxización da vida política española e a confusión entre idealismo e irrealismo ou entre pragmatismo e conservadurismo, teñen que ver con este divorcio de que falamos.

Nunca houbo unha preocupación maior polo ensino que na actualidade, nunca os gobernos destinaron cantidades meirandes dos seus presupostos á educación e nunca a crise e o fracaso dos sistemas educativos alcanzaron cotas tan altas como hoxe en día. Os estudiantes rebélanse, os profesores síntense incómodos, a sociedade non acaba de comprende-lo que pasa. A mediados dos anos sesenta nos Estados Unidos gastáronse máis de tres mil millóns de dólares pra compensa-las desventaxas de seis millóns de nenos. Como di Ivan Illich, foi o programa compensatorio máis costoso que xamais se intentara en ningún país, e non serviu de nada. Chegamos a un intre en que o problema xa non é un problema de novas e

maiores inversións, senón de replanteamento da filosofía que inspira os sistemas educativos.

O laboratorio de experiencias que son os países máis desenrolados pódenos permitir rectificacións. Coido que a imaxinación do ensino e a educación en Galicia no futuro pasa máis perto da reconciliación entre a escola e a vida que da demanda de costosos plans ou de grandes medios, está máis do lado da filosofía que da tecnoloxía. Sin ignorar, nin moito menos infravalora-la necesidade de recursos tanto económicos coma técnicos, penso que un bo ensino tamén se pode facer con poucos medios, sempre que estea ben orientado e sexa capaz de motivar a alumnos e profesores. A maioría dos profesores estamos de acordo en que a calidade do ensino se vai degradando día a día, precisamente en proporción inversa á crecente cantidade de recursos dispoñibles, sin que exista unha relación de causa a efecto entre ámbolos dous fenómenos. Se comparamo-la estabilidade e a armonía cultural (entendendo a cultura nun sentido antropolóxico) da sociedade agraria tradicional galega non escolarizada coa falta de equilibrio e as tensións da sociedade urbana galega escolarizada, esta ademáis de ser máis costosa é máis pobre.

O ensino ó que debemos aspirar no futuro terá que esquecerse de diplomas e competencias, ó menos como fin principal, e facilitarlle ó home as armas necesarias pra recupera-la persoalidade perdida, pra loitar contra a contaminación cultural e pra devolverlle o sentido lúdico da aprendizaxe. Se como nos decían nas primeiras leccións de Filosofía, todo home desexa por natureza saber, hai que racha-lo círculo que convirte o saber en mandarinismo inoperante, en esoterismo pra iniciados ou en aburrimento e rutina. Pra iso hai que reenganchar coa vida, reasimila-la

realidade, ligar novamente co inmediato. Recordo agora ó meu vello profesor de Xeografía dos anos de bachillerato consumindo tempo e pacencia explicándonos a un grupo de rapaces aburridos o que era unha terraza fluvial. Cando anos máis tarde lin nun libro que o asentamento de Ourense era un exemplo típico dunha terra fluvial, pensei cánto tempo se houbera aforrado e cánto aburrimento mortal se houbera evitado se aquel bon home nos descubrira o que tiñamos diante dos ollos.

Camilo Gónzalez Suárez-LLanos

Eu parto do evidente posto central do idioma en todo sistema educativo tendente á potenciación do home galego. E paradoxicamente o primeiro que se me ocurre é que a imaxinación ten que traballar para acadar xustamente un «galego realista». E por «realista» entendo «popularmente aceptable». Esto quere decir que pode que en moitos casos o idioma que se trata de impoñer no pobo non é aceptable pra el. Vou poñer un exemplo. Eu respeto, naturalmente, as normas ortográficas que derradeiramente parecen máis usadas, e que estan feitas por especialistas na materia —na que eu son, polo contrario, un profano—; mais o certo é que non me imaxino a min mesmo, nin, o que importa máis, imaxino á xeneralidade da xente galega decindo «abominabeis», «posíbel, «pro» (por «pero»), «legais», etc. Penso que o que de ningunha maneira debería pasar é que o escritor galego, que optou polo galego sobre da base de que era inxusto que o pobo galego estivera condeado a se expresar nun idioma que non era o seu, acabe elaborando un idioma que lle vai resultar ó pobo máis

alleo aínda que o castelán. Penso tamén que isto non é un mero perigo, senón que hai síntomas de que é xa un feito real. O ideal sería que os filólogos fosen además sociólogos —é decir, estudiosos e comprobadores empíricos do nivel de aceptación popular do idioma proposto. Pois se non se propón un idioma popularmente aceptable, o dominio exclusivo do castelán en Galicia non terá remedio. Non defendo, claro é, unha castelanización indiscriminada do galego. Defendo camiños de pureza idiomática que poidan ser popularmente asumidos. Ninguén debe decir «ayer» por «onte», ou «todavía» por «aínda», pra poñer algún exemplo. Además, hai que preservar toda a enorme riqueza do vocabulario rural e darlle nova vida nos casos en que estea caíndo en desuso ou xa en desuso. Un exemplo doutro tipo: no número 57 de «Grial» ven un traballo de D. Froilán López no que, se non o interpretei mal, sulíñase a pluración de «al» en «as» como un rasgo orixinal que distingue ó galego tanto do castelán como do portugués. ¿Non se podería comprobar se esta solución non sería máis popular que a solución en «ais»? Todos temos ouvido que unha vaca costou tantos reás, non tantos reais. Pode que estas ideas non sexan senón prexuicios meus derivados de proceder da parte de Galicia da que procedo. E, pra rematar este tema, aínda me queda pedir excusas por telo tratado, habendo eiquí, como hai, persoas que saben del infinitamente máis ca min.

Un segundo punto ¿Como ha se-lo ensino do galego? Eu diría que coa menor gramática posible, e con boa literatura. E non só literatura escrita. Hai uns días lin que en Inglaterra un empresario emprendeu a realización dun ambicioso plan pra rexistrar en discos e casettes un amplio repertorio de literatura in-

glesa. Me pregunto se este non será un camiño interesante pra populariza-la literatura e, además, en caso de idiomas en situacións problemáticas, coma o galego, pra darlles unha axuda eficaz.

Pasarei agora a me referir ó sistema educativo en xeral. O meu ideal sería que non houbese escolas nin institutos, ou que estes quedaran suplidos o máis posible por novos métodos didácticos —dos que os laboratorios de toda clase, o cine, etc., etc. non serían máis que mostras iniciais. As escolas poden coutar mui gravemente o libre desenrolo mental do estudante. Todos témo-las nosas ideas e crencias, normalmente erradas, mais o peligroso dos profesores é que, consciente ou inconscientemente, abusan da súa cronolóxica superioridade intelectual pra tratar de infundi-los seus erros individuais nas mentes indefensas dos seus discípulos, que, por outra banda, non poden escoller nin os mestres nin os compañeiros que han ter. E o tipo de convivencia que se establece na escola é artificial, suxeta a normas e modelos que pouco teñen que ver co contexto social.

Os rapaces deben xogar entre eles á marxe das escolas; só así crearán un mundo infantil libre. Lembrámo-la gran cantidade de xogos que había nas nosas infancias, cada un deles coa súa época, aparecendo e sendo sustituido por outro cun ritmo infalible e case vexetal. As rúas deberían volver a se-lo reino dos nenos, e non o reino dos coches.

Volvendo ó ensino, penso que o profesor debería asemellarse o máis posible a un profesional ó que se acude libremente na súa consulta privada.

A universidade ten os defectos das escolas, mais é de supoñer que o estudante chegue a ela intelectualmente menos indefenso. Os plans educativos de 1º e 2º

ensino deberán potenciar pra elo a capacidade crítica do rapaz.

Todo plan educativo é sempre tamén, en certa medida, atentatorio contra a libertado do estudante, mais non semella haber xeito de eludi-los plans. Ademáis, nós non poderiamos propoñer tampouco un plan neutral, por asi decilo, senón xustamente un plan potenciador do home galego en canto tal. Ora ben, hai que buscar unha galeguización pola vía persuasiva, que se presenta ó pobo galego como a máis suxestiva posibilidade de Galicia, o máis suxestivo programa en común, que diría Ortega.

En canto ós ouxetivos do sistema educativo:

En primeiro lugar, témo-la formación profesional e maila formación científica que só os respectivos especialistas deberan programar. Parece desexable unha organización científica europea, ou aínda máis amplia, na que Galicia, como todo o resto de España, estivese encadrada.

Mais un obxectivo máis xeral sería o da integración do home galego en Galicia. Eiquí cómpre insistir unha vez máis na ignorancia indefendible que o sistema educativo actual ten da realidade galega, que é a realidade radical do estudante galego. Case poderiamos decir que, desgraciadamente, un home tivo sempre tanta máis integración en Galicia, e tanta máis cultura galega, canto menos estudios fixera. Os homes do campo e os homes «non cultivados» das vilas saben cándo hai que sementar e cándo que recoller; cándo conven que chova e cando non; coñecen tódalas plantas que ven; coñecen tódalas parroquias e aldeas da súa bisbarra; saben que tal día é feira en tal sitio e ó día seguinte feira en tal outro; saben cándo son as festas de cada lugar, etc. Estiveron

sempre perfectamente integrados nun amplio entorno. En comparanza con isto, ¿cál é o horizonte real a que apunta o noso actual sistema educativo?

¿Cantas das horas que perden os nenos confeccionando inútiles fichas no poderían adicarse á adquisición dun coñecemento, canto máis directo e empirico millor, do entorno galego —e non sóio disto, naturalmente, senón dunha lingua extranxeira, por exemplo, e de mil outras materias interesantes?

E pra rematar, ¿qué materias entrarían no coñecemento de Galicia (que implicaría, non foi falta decilo, o coñecemento doutras moitas cousas)?

Podemos dar algunhos exemplos, que polo demáis son obvios:

Primeiro de todo, a lingua galega (non sei se o castelán podería estudarse simultaneamente e comparativamente co galego).

Despois a Natureza galega, a fauna e flora galegas; a Xeografía física de Galicia, a súa Xeografía humana que informase detalladamente encol das bisbarras, vilas e cidades de Galicia; Historia política de Galicia; Historia da Arte galega; tradicións, mitoloxía e folclore galegos, etc. E naturalmente un certo coñecimento da literatura galega. Eu penso que, por exemplo, unhas páxinas de «Xente de aquí e de acolá» de Cunqueiro, ou de «A lús do candil» de Fole, din máis das raíces galegas, do sustrato galego, do ser de Galicia, que volumes enteiros de Etnoloxía.

A nivel de ensino primario, penso que unhas introducións a todos estes temas poderían integrar unha breve e, prós rapaces, amena enciclopedia.

Eu penso polo que levo escoitado que aquí hai dúas versións do ensino no ano 2002, unha versión digamos académica (agora mesmo Suárez-Llanos acaba de facer unha esposición ben completa disto e además tamén Álvarez Blázquez, etc.) e outra dirección que suliña sobor de todo a formación espiritual galega (neste senso sería determinante o que leu Cunqueiro e o que leu tamén Carlos Casares). Hai unha intervención filosófico-culturalista de Tomás Barros, pro eu voume ater ás dúas iniciais.

A primeira, a académica, é un desexo, un programa que vai depender sobor de todo da propia evolución das ciencias e da propia evolución da tecnoloxía. A segunda, en cambio, a de formación espiritual galega é invariante, non depende de novos progresos, de novos achádegos, depende da consideración e respeto do noso xeito e nosa forma de ser. A primeira é imprescindible e sería pola miña parte un pouco inxenuo e arbitrario que dixera que hai que suprimi-la formación científica e tecnolóxica. A segunda, pola contra, é unha variante que sempre vai se-la mesma, pro en cambio ten un enorme risco, o de que se pode perder, que pode esvaecer, e hai xa máis dun síntoma de que tende a desaparecer. Vistas así as cousas eu penso que esta segunda, a que sobre todo suliña a formación espiritual galega, convén esaxerala pra que non esvaeza e pra que nos faga a nós moito máis nós mesmos do que o somos. Como imaxinación pro ano 2002, eu diría que se podería formular así: facer dos galegos cidadáns pola súa formación: galegos-labregos e galegos-mariñeiros. Dito doutro xeito, eu suscribiría un plan de ensino que sería o programa «Cunqueiro». Con eso acadaríase

que o home galego de hoxe deixase de ser unha cousa que está sendo e que é moi notable, un home arrodeado de natureza, en certo xeito condicionado, aínda que sexa dunha maneira xenética, por esa mesma natureza, pro que en cambio vive de costas á natureza. Que deixe de ser, por conseguinte, un home desnaturalizado, que volva a ser un home inmerso, un home mergullado na propia natureza. No plan ou programa Cunqueiro, o ano 2002 significaría por unha banda o disfrute da tecnoloxía, incluso mesmo a creación desa tecnoloxía, e ó propio tempo, as crencias, o idioma, e así acadaríamos o que eu chamaría o gran corte de mangas correctivo da tecnoloxía. O home galego ten que facer un corte de mangas á tecnoloxía, é decir, ten que usala, disfrutar dela, creala, pro ó mesmo tempo ten que toma-la marxe suficiente pra saber que é un valor relativo, que o valor absoluto está noutro eido no espírito e na formación do espírito. É o único xeito no futuro de independizarse da escravitude que adultera, ou como agora está tan de moda decir, que aliena. Desexaría ser ben entendido: non vou eu caír naquelo de Unamuno de «que inventen ellos»; ogallá que eiquí tivéramos científicos —algúns hai, por suposto— de sona internacional, cunha forza de creación enorme, pro sempre valorándoa como algo complementario e subsidiario. O fundamental é o outro. De modo que eu propoño pró ano 2002 que se nome Ministro de Educación e Ciencia a Alvaro Cunqueiro e que nomeado Ministro de Educación e Ciencia se impoña no país o programa Cunqueiro de ensino.

A min pásame o da escena aquela de Santo Tomás, que tense dito todo e tense dito ben, de xeito que eu somentes teño que meterlle os suliñados a canto se dixo. A redención do ensino en Galicia virá por unha individualización do ensino, é decir, que volvan os vellos mestres, os verdadeiros mestres que son amigos do rapaz, do universitario, que falan con el, que pasean con el; mentras exista a distancia que hoxe impón a masificación, é imposible que se eduque, que se forme. Tamén se falou aquí moitas veces dun achego á natureza. O fracaso hoxe é, dunha parte, fracaso de formación e de educación; cando un lembra a grande cultura que tiñan os mozos analfabetos, contrasta o fondo da incultura que teñen xentes que colgan dos seus despachos títulos universitarios múltiples, compréndese o grande troque que se fixo en Galicia. Cantos labregos, cantos mariñeiros nos teñen ensinado a todos nós cousas moi fondas e trascendentes. Por outro lado, eu lembro o que decía o Padre Sarmiento de que eran tan ricas as falas que non se escribían, o Padre Sarmiento coidaba que o galego era tan rico porque era unha fala non escrita. No paso dunha cultura oral tan fonda e antiga, tan chea de pequenos finísimos matices, a esta incultura de agora, un asústase do que levamos perdido nos derradeiros cen anos, de rexurdimento da cultura escrita, pro de decadencia da cultura de transmisión tradicional que é un bon patrimonio xeral no que participan moitas veces xentes esgrevias.

Ó deixar de se-lo galego si mesmo e ó quebrantarse este achego á natureza, unha nova educación sería non somentes unha educación individualizada, de transmisión inmediata vinculada á amistade como foi

sempre a vella transmisión, senón tamén un achego á natureza. Non val decir que a Universidade hoxe ocúpase de Galicia, pro o que é certo é que o mestre non somentes non se ocupa de Galicia, senón que non fai penetrable, non fai filtrable, non vincula, non vencella, non asimila o feito libresco ó feito natural que está ás veiras. Existe unha ignorancia dende menos dos valores do espírito; o problema é se vai seguir este desarraigo, se a técnica vai dar lugar a unha terrible eclosión de anticultura. Hoxe dáse moito máis valor que a unha cantiga e que á vida dun peatón que atravesa a carretera á pericia do conductor que pode ou non esquivalo; hoxe vemos unha sorte de adoración do volante e do cantautor; a xente xa non escoita as cancións, busca as cancións pra se aturdir. Como dixo García-Sabell dun xeito admirable, se nós somos capaces de conduci-la técnica, de impoñernos a ela e sometela ó espírito, entón Galicia subsistirá. Poderemos saír deste laberinto, se non sigue o desarraigo, se non seguimos desvencellándonos, se somos capaces de domina-la tecnoloxía e de chegar a unha escola que reforme, é decir, que forme de novo de seu, que reintegre, que restaure, que volva o seu ser ó home galego. Eu mandeille hai unhos meses a Valentín Paz Andrade unha carta que estaba detida dende hai 40 anos en que Sánchez Cantón ensoña; —conviría engadila aquí— el soñaba que en Galicia se tornase a que houbese nun lugar un canteiro que enseñe a labra-la pedra a rapaces, que onde houbera un home que soubese facer unha gaita ou unha zanfona houbese uns rapaces que se achegasen a el, que houbese todavía algúns mestres ós que se buscase para escoitar oralmente o que eles saben. Pró ano 2002 temos que imaxinar todos nós unha pedagoxía e unha dinámica, un Plan Cunqueiro, un

modus operandi que salvase o espírito galego da fonda crise que está pasando, das fondas crises que aínda lle toca capear nunhas embarcacións moi febres e non feitas pra estes ventos, pra estas grandes treboadas que é preciso correr hoxe nun mundo tan revolto.

Fernández de la Vega

Eu coido que García-Sabell e Filgueira centraron o problema moi ben nun punto que é esencial e fondo, e que en realidade non só afecta a Galicia senón que é casi universal, de toda a cultura occidental.

Efectivamente, se a educación e o ensino non tivera outro problema que o de transmitir un saber científico, non hai ningún problema pra Galicia, porque non fai falta ningunha solución orixinal, porque a ciencia ten unha organización e uns métodos que son universais. Nese senso a cultura científico técnica é imprescindible porque crea en primeiro lugar un corpo necesario pra que a sociedade exista; é desexable que Galicia se incorpore, siga o proceso da ciencia universal, e se incorpore á sua metodoloxía. Hai o caso típico dun físico que abandonou a física, Weizsäcker, que se dixo: hai unha organización que investiga pro o que eu teño que facer é algo que non se fai, dedicarme a descubrir valores pró futuro, é decir, normas que lle dean sentido á existencia humana. Hai un sector do pensamento occidental que tivo moito vigor en certa época e que, ó meu xuicio, quedou pola presión da tecnoloxía e do prexuicio científico abandonada, pro que terá moito futuro, a filosofía dos valores alemana de Max Scheler, de Nicolai Hartmann e de Spranger. Temos que imaxinar,

ou mellor non imaxinar porque os valores non son arbitrarios, senón descubrir, percibir, valores auténticos, uns que foron esquecidos e outros que son descubribles, que existen, pro hai que velos. Os valores non son entidades que están ahí, obxectos, senón que son correlatos de percepcións emocionais. O galego ten unha finura enorme de percepción emocional, e polo tanto ten unha gran facultade pra descubrir valores ou pra percibilos. Hai un tipo de transmisión de normas éticas, de normas de conduta, ou saberes, por unha vía expositiva ou normativa, e hai outro tipo, máis importante, que foi importante na historia, a dialéctica de tipo exemplar: a pedagoxía non é dar normas, senón dar exemplos; é moi fácil pra unha persoa adoptar unha ideoloxía teórica, pro na conduta práctica non a sirve; ese home teoricamente pode ser correcto, pro practicamente non é auténtico. Esa creación de prototipos, de tipos seguidores de xentes que encarnen valores e que os sirvan dunha maneira exemplar, é unha gran forma de pedagoxía. En canto ó tipo de institucións e ó tipo de organización que sirva estas dúas finalidades de cultura, á transmisión dos saberes científicos técnicos, non hai problema porque é unha organización universal. En canto ó outro tipo, referíndome concretamente a Galicia, ese tipo de creación de prototipos de actitudes exemplares, de descubrimento de valores, como son a relación coa natureza, a percepción da natureza, a percepción dos saberes tradicionais, dos valores artísticos en xeral, creo que é unha tarefa dende o primeiro ensino astra a Universidade, porque a Universidade ten que facer eses tipos de saberes científicos, de transmisión técnica, de coñecementos da época, pro ó mesmo tempo debe ter unha dimensión de formación de homes exemplares. E

aparte disto debe haber outra serie de organismos artellados, como este tipo de coloquio, prá creación e organización dese tipo de institucións racionalizadas.

Piñeiro

Eu simplemente vou facer dúas observacións máis concretas e non teóricas, nin siquera pedagóxicas.

Unha é que eu creo que unha necesidade xa máis próxima có ano 2002, pro pra que no ano 2002 dea plenos frutos, é reforma-la organización do ensino en Galicia; a actual organización de ensino concentrado en núcleos separados do medio familiar, onde ós nenos se lles dá unha formación que non ten nada que ver co seu medio e co medio de destino é terriblemente demoledora.

É a montaxe máis destrutora de toda a cultura creada ó longo dos séculos, e de xeracións, e dos valores descubertos pola sucesión dos nosos devanceiros a través do tempo. Todo esto estase triturando brutalmente na actual organización do ensino primario. A organización debe adecuarse á propia organización natural; se a poboación galega se distribúe no país en pequenos núcleos, que tenderán a ser máis grandes, as escolas terán que adaptarse a esa realidade, de maneira que o neno non teña que facer un tremendo sacrificio diario pra ir á escola, que non teña que vivir nun cuartel en vez de vivir na súa casa, dándolle unha mentalidade, unhas vivencias e unhas experiencias completamente distintas.

Segunda observación. Aquí se falou, con moita razón, porque está no ánimo de todos nós a través de todalas reunións, de salvar, asegurar e revitalizar esa

cultura tradicional que Galicia foi creando, que se transmitiu oralmente, e os valores desa cultura, recreada en cada xeración; esa cultura foi creada por unha Galicia predominantemente campesiña, e mariñeira. O propio Cunqueiro no seu espléndido traballo facía alusión a que Galicia seguirá sendo campesiña e mariñeira. Neste sentido, cómpre aclarar que esa Galicia é a Galicia do pasado, que produciu unha cultura espléndida en riqueza de valores, en experiencia de sabiduría. Pro esa Galicia non é a do futuro; quer decir, que na misma medida en que se produza o progreso material de Galicia, en que Galicia vaia enriquecendo os seus medios de vida, a porcentaxe de poboación compesiña irá disminuindo. Vaise producir inevitablemente un absoluto desequilibrio da imaxe tradicional que nós temos de Galicia; seguirá habendo unha Galicia campesiña; seguirá habendo unha Galicia mariñeira, pro serán moitísimos menos galegos os que vivan esa experiencia, os que pertenezan a ese sector da sociedade e do pobo galego. A mentalidade galega en conxunto ten que sufri-los cambios que vai sufrir a súa propia vida; non se pode limitar á pura conservación desa tradición nunha sociedade que se está transformando. Tódalas manifestacións desa creación cultural tradicional, hai que salvalas, conservalas e utilizalas; todo iso serviu pra crear un estilo de vida, de comportamento, unha adecuación do home ó medio e do home á sociedade na que vivía. Servía pra forma-la mente dos nenos, pois era unha pedagoxía espontánea do pobo, que creaba os seus contos, as súas lendas pra cultiva-la imaxinación do neno; agora a cultiva vendo a televisión, ou lendo os tebeos, pro entón era escoitando ó abó tralo lume. Toda esa rica literatura servía pra desperta-lo espírito, a imaxinación, a capa-

cidade de atención, o sentido das palabras, pra facilita-lo dominio do idioma, da expresión. Esa cultura oral que souberon crear xentes quizais analfabetas estaba ó servicio dunha mentalidade, dun modo de convivir, de comportarse, dunha actitude ante a vida e ante a sociedade. Ese tipo de actitude mental que foi cultivada por esa sabiduría e esa forma de convivencia, comporta uns valores de estimación, de respeto ás cousas, que son os que hai que salvar. Non podemos salva-las formas de vida aquelas porque van quedar reducidas a un núcleo limitado da poboación galega, pro os valores que eles souberon crear hai que impedir que se perdan. A escola no futuro debe servir precisamente na súa función educativa pra salvar este tipo de valores.

Díaz Pardo

Penso que estamos todos de acordo. Pro eu temo que, chegado o ano 2002, aínda cumplíndose tódalas preocupacións que se barallaron acó, non se resolverán os problemas de Galicia, en canto ós problemas educativos, no senso de unir e de vincula-los galegos; todo o que se falou aquí, ten relación co idioma, e o idioma en Galicia é un problema, porque está dividindo ós galegos. Aquí houbo duas intervencións, que tocaban un pouco o tema este. Suárez-Llanos dixo que de pouco vai servir que o galego se trate de recuperar dunha maneira académica se verdadeiramente o pobo non o entende ben, pois entón o castelán vai ser máis comunicativo e máis concordante có galego ese recuperado. O problema de Galicia eu non sei se ten parangón noutras áreas xeográficas, pro pra este problema diglósico, penso que habería que estudia-lo problema de cómo se en-

seña. Eu vexo que é moi difícil chegarse ó noso pobo a facer algo pra educalo e que o pobo non nos diga: si, pro nós somos nós, cos nosos defectos e inconvenientes. Eu coido que aquí aínda falta o estudiar como haberá que ensinar pra que chegue un tempo en que o idioma una ó pobo, una ó pobo e non o separe, ainda pensando nos esforzos culturais que se están facendo pra recuperar outra vez a lingua do pobo. Eu penso que é un problema de estrutura. Eu quixera sabe-lo problema que hai aquí, que ainda tratando de recupera-la misma lingua, a lingua do pobo,non se recupera.

Filgueira Valverde

O ideal pró ano 2002 sería que nos tivésemos un pobo capaz de asimilar e comprende-las formas literarias e que nós tivéramos uns literatos —e xa o dixo Suárez-Llanos— que non esqueceran nunca que escriben pró pobo, porque non hai dúbida ningunha que moitos estamos escribindo pensando nos amigos; pro un Pobo necesita tamén ter literatos que poidan identificarse con el, coma Rosalía. Se trata de que os nosos universitarios saian da Universidade, cheguen da escola, instituto ou colexio á Universidade formados de tal xeito que teñan unha especie de compenetración co espiríto do pobo. Na pirámide cultural, no alto, están os grandes literatos e nesa pirámide nós teríamos a posibilidade o día de mañá de que houbese unha simbiose ou que se distanciase cada vez máis a literatura escrita da literatura oral. No medio de todo este problema están os mass-media estatales e universales; as xentes teñen como fala de cultura o castelán; pro polo contrario podería vir incluso algo grave, que en determinados estratos da poboación se

producise unha sorte de hostilidade ó castelán, que tampouco eu supoño que ninguén desexe, porque Galicia hoxe é un país bilingüe.

Díaz Pardo

Os que estamos aquí somos bilingües, máis isto trae en sí un problema social: o idioma en Galicia dividiu económica e socialmente ó pobo galego, e ese estigma coido que está presente no idioma.

E hai outro problema ainda: que se está creando un castelanismo enorme dentro do galego.

Fernández de la Vega

O que pasa é que no galego actual que se está escribindo a cantidade de ignorancias e disparates é tan grande que corrémo-lo risco de facer unha língua que é un trempitán, unha cousa rarísima. ¿Como se equilibra un criterio normativo coa urxencia con que se está falando o galego, en parte por razóns políticas?

Díaz y Díaz

Ó termina-las nosas reunións quero agradecer a tódolos asistentes a súa colaboración, e desexar que os galegos de hoxe e de mañá encontren nestas discusións elementos valiosos pra construi-la Galicia do ano 2002.

INDICE DAS INTERVENCIONS

ALVAREZ BLAZQUEZ: 13-14, 27-28, 29, 32, 36, 40, 42, 58, 74-75, 76-77, 83-88, 217-220

BARROS: 75-76, 77, 79, 94-104, 192, 194-199, 200, 201, 220-228

CASARES: 37-38, 61-63, 113-117, 142-143, 228-231

*CUNQUEIRO:*14-16, 31, 32, 88-92, 142, 144, 186, 215-217

DIAZ Y DIAZ: 9-10, 13, 31-32, 34-36, 42, 67-68, 78, 80, 142, 145, 165-168, 170, 174, 176, 188, 210, 246

DIAZ PARDO: 19-21, 40-42, 63-68, 92-94, 149-154, 166-169, 179-183, 192-193, 201, 244-246

FERNANDEZ DE LA VEGA: 21-23, 29, 39, 139-142, 185-186, 191, 199-200, 240-242, 246

FERNANDEZ ARMESTO: 25-27, 35-36, 39-40, 55-58

FILGUEIRA: 46-48, 58-61, 66-67, 69, 183-188, 191-194, 200, 238-240, 245-246

FRANCO GRANDE: 24-25, 32, 40, 121-127, 166

GARCIA SABELL: 16-19, 28-31, 34-35, 37, 45-46, 51-55, 134-138, 158-165, 169-176, 236-237

GONZALEZ SUAREZ-LLANOS: 23-24, 48-51, 117-121, 154-156, 231-235

PIÑEIRO: 69-74, 127-134, 156-158, 168-169, 173-174, 186, 188, 190, 199, 242-244

SEOANE: 78-79, 104-112, 143-144, 167-169, 201-207, 213-215

SIGILLUM · REG · UNIVERSITATIS COMPOSTELLANI